

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas e cinco minutos do día trinta de abril de dous mil catorce, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Manuel Freire Couto, don José Antonio Feijóo Alonso, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eladio Mangana Nóvoa, don Eliseo Fernández Gómez e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno, dona Mónica Vázquez Blanco e dona M.^a del Carmen Figueiral Iglesias, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 28 DE MARZO DE 2014.-

O Sr. presidente pregúntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 28 de marzo de 2014.

Non se formula ningunha observación declarándose aprobada a dita acta por unanimidade.

2º.- CÓDIGO ÉTICO E DE CONDUTA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, anuncia o voto en contra do seu grupo e di que na súa época de estudante, cando se lía un texto despois había que facer unha

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

análise e poñerlle un título. O Sr. presidente púxolle o título de Código Ético e de Conduta, pero para el, despois de ler o texto, o título máis acaído é “Facede o que eu digo e non o que eu fago”. O Sr. presidente pode aprobar cantos códigos éticos queira, pero o que non vai conseguir é facer esquecer o modo e maneira de como chegou á presidencia desta institución e á do seu partido, forma que desde logo ten pouco que ver co que agora predica. O Sr. presidente, como mostra de exemplaridade e espello da institución no que se mira a cidadanía, xa que trata o tema dos agasallos no seu código ético, debe devolver os agasallos que lle fixo o seu papá: a presidencia do PPOU, tras un polémico congreso provincial, e a presidencia da Deputación, despois dun pouco ético e exemplar *cambalache* de suplencias. Eses agasallos que recibiu na época en que a súa filosofía política era de “*yo haré lo que diga mi padre*” (máis propio dun *ecce homo* que dunha persoa que se dedica á política) e que, entre outras fazañas, o levou a encabezar a “*rebelión do pisito*”, por certo outro exemplo de ética, boa conduta e lealdade a Fraga, da que o Sr. presidente formou parte e de cuxa etapa quere esquecerse pero que o cabrón do pasado non lle vai permitir borrar, porque sempre volta. Todo isto, claro está, co beneplácido de, entre outros, todos os que sentan na bancada de enfronte. Pregúntase qué credibilidade pode ter alguén que propón un código ético cando fai oídos xordos ás reiteradas peticións dos grupos da oposición para que tomara medidas diante dos reiterados casos de corrupción que afectan a deputados provinciais do seu partido. Resulta contradictorio que se fale de dignificación da política e das institucións, e de exemplaridade, no preámbulo do código, e se manteña, contra vento e marea, a deputados imputados en distintos procesos. Os deputados que están imputados en distintos procesos danan a imaxe institucional da Deputación de Ourense e minan a confianza da cidadanía na institución, en palabras literais do seu código ético (facede o que eu digo e non o que eu fago). Deben nin máis nin menos que render contas, tal e como o Sr. presidente apunta nas súas táboas da boa conduta o que implica e -cita textualmente-: *a asunción de responsabilidades políticas ou xestoras por unha mala ou equivocada decisión*. O Sr. presidente dixo que o código ético non é o código penal e que os deputados imputados non o foron no exercicio do seu cargo como deputados. Pois ben, a responsabilidade dos deputados debe estar inserida no sistema de responsabilidades do poder. A responsabilidade política supón abuso na utilización ou no exercicio do poder, e castígase coa privación deste; a responsabilidade civil, que implica lesión no patrimonio do Estado ou nos particulares, corríxese obrigando a restituír ou indemnizar o dano, e a responsabilidade penal, que entraña

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

infracción puníbel na legalidade obxectiva sancionadora, castígase coa privación de bens xurídicos, que é no que consiste a pena. Por iso non hai que agardar a que se pronuncie a xustiza sobre determinadas actitudes, dado que, en atención ao expresado anteriormente, se pode ser responsábel político e que iso non leve aparelado outro tipo de responsabilidade. A segunda das cuestións resulta tamén difícil de entender; segundo o Sr. presidente os actos cometidos presuntamente polos deputados fórono na súa condición de alcaldes, non de deputados. Acaso un deputado provincial pode ser outra cousa que un alcalde o un concelleiro? Entón como é: é alcalde no ámbito territorial do seu concello, e cando sae un milímetro do limite municipal xa deixa de selo e pasa a ser deputado, ou como é, porque el non o acaba de entender. E se un deputado fora un maltratador no ámbito familiar, debería asumir algunha responsabilidade, ou como non o foi na súa calidade de deputado non tería efectos? Parece pouco críbel que se fale de código ético, e que se apele, dentro dos principios xerais de conduta, á imparcialidade, cando todos sabemos que esta Deputación, se por algo se caracteriza, é pola parcialidade, expresada no uso e abuso de subvencións nominativas, tal como quedou reflectido na recente aprobación da ordenanza de subvencións, nas que se deixa ao albor da Presidencia, é dicir, á súa enteira discrecionalidade, a potestade de decidir a quen se lle dan subvencións. Decidir discrecionalmente a quen se lle dan 1.650.000 euros do orzamento non parece ser o xeito máis imparcial, iso sen contar as sucesivas modificacións de crédito producidas, que incrementan notablemente a cantidade destinada para tal fin. Este código ético extralimítase con moito do que compete ao que deberían ser meras recomendacións, por canto lle di á oposición cómo e de que maneira debe exercer como tal, esixíndolle un papel que vai máis aló do labor de control e fiscalización. Confunde, non sabemos se deliberadamente, dentro das obrigas xerais, o deber de gardar sixilo con respecto da información de carácter reservado, co resto da información, entrando nunha valoración a respecto de que tipo de información poderían facer pública os grupos da oposición, cuestión que desde o punto de vista do BNG coarta claramente a liberdade de expresión e a capacidade política dos grupos. Non aborda cuestións como o uso dos coches do parque móbil da Deputación por parte dos cargos institucionais e dos traballadores, vehículos que se utilizan a cotío cun carácter que nada ten a ver co estritamente laboral. Fala de que non é unha actitude responsable hipotecar as xeracións futuras ou de endebedar de forma non sustentable as administracións ou entidades provinciais, cando a política, encetada por Baltar pai, de privatizacións, supoñen unha hipoteca para os intereses da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

institución, e por ende, dos cidadáns da provincia. Este código ético é contraditorio en moitos dos aspectos, nos que fala por unha banda de priorizar os recursos escasos, mediante políticas de contención de gasto e control do custo dos servizos, e por outra di que para avaliar e supervisar as políticas públicas provinciais, se basearán nos respectivos equipos técnicos ou asesores técnicos, cuestión esta última que está sendo o *modus operandi* deste presidente, a través de contratos externos, pola vía da adjudicación directa, para cuestións variadas: transparencia, ordenanza de contratación, estudos varios, etcétera, cun custo considerábel. Entenden que para garantir o principio de imparcialidade, a Asesoría Xurídica da Deputación non lles prestará axuda a ningún deputado ou alcalde, a título persoal, en cantos asuntos civís ou penais puideran estar incurso. Non di nada acerca das contratacións e tampouco a respecto do necesario papel da oposición de presenza nas mesas de contratación. Todo o contrario, esta Deputación é un exemplo de abuso de procedementos negociados, de xeito especial os sen publicidade, e das adjudicacións directas. Pregúntase qué credibilidade merece pois quen nin tan sequera é quen de cumprir o que o seu propio partido establece no código de boas prácticas. Queda claro que o sentido da ética do Sr. presidente non coincide co sentido da ética que defende o BNG e que demanda a cidadanía. O BNG non só esixe a asunción de responsabilidades políticas nos casos de presunta corrupción, senón que cando lles corresponde practican o que lles piden aos demais, separando as responsabilidades políticas das civís ou penais que se puidesen derivar nos distintos casos. É máis, o sentido da ética do BNG xa non precisa que sexa o partido o que tome as decisións, senón que son os propios/as afectados/as de *motu proprio* os/as que deciden afastarse. Para finalizar di que no BNG fan o que din e din o que fan, o Sr. presidente di facede o que eu digo e non o que eu fago.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que se se tivera que definir este Código Ético tendo en conta a súa autoría, podería facerse dentro dun trastorno psicolóxico que se denomina mitomanía, que non é outra cousa que falsear a realidade continuamente a facela máis soportable. Esta característica está asociada a trastornos da personalidade, que se poden relacionar con dous tipos de caracteres: por un lado os individuos necesitados de estimación e, por outro, aqueles que sofren un trastorno de personalidade hipertímica, é dicir, as persoas que teñen un ánimo moi elevado, superficiais, frívolas, etcétera. O Grupo Socialista non trata de diagnosticar a ninguén, senón que é unha forma de poñer en cuestión esta frivolidade, egocentrismo ou desconexión coa realidade coa que o Sr. presidente

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

quere facer comungar ao presentar este código ético na Deputación de Ourense. Nin Groucho Marx ridiculizaría de forma tan enxeñosa unha cuestión semellante. O certo é que a ética é unha cuestión moi importante en política, ao igual que noutras facetas da vida, pero a ética non é un tratado de boas maneiras, onde abonda con ser educado, puntual, correcto, cortés, ou incluso lavar as mans antes do xantar. O verdadeiro sentido da ética é moito máis profundo, trátase dun conxunto de normas que protexen os valores máis importantes da vida e, polo tanto, cada un ten que dotarse individualmente desas normas cando ten a responsabilidade de representar e protexer eses valores, dereitos e obrigacións que teñen os cidadáns cando elixen aos políticos, non só para representalos, senón para facer un servizo público para as súas vidas. Estas normas xa se deberían ter claras cando se xura ou promete a Constitución. Iso é o que hai como guía do labor político. Todo o que presenta o Sr. presidente no código ético non é outra cousa que un lavado de cara dunha institución que, cando menos, representa a antítese do que é a ética aplicada aos cargos públicos. Este debate nesta institución daría para escribir unha enciclopedia completa. O Sr. presidente quere presentarse ante a sociedade como o adañl da ética e a transparencia, pero se facemos un exercicio de memoria o Sr. presidente deu unha clase maxistral de ética política ao pechase nun piso en Ourense con outros catro compañeiros, intentando venderlle á sociedade que lles daba igual chantaxear, cuestionar e incluso tomar a un goberno lexitimamente elixido nas urnas (por certo do mesmo partido que o Sr. presidente) coa escusa de que estaban defendendo os intereses da provincia, cando en realidade o que estaban defendendo eran os seus propios intereses, que baixo o disfrace de dignidade se agochaba a ambición política, tutelada e amparada pola figura do seu proxenitor. Isto dá unha idea da ética política do Sr. presidente (ningunha con tal de acadar os obxectivos que se marca). Está ben facer exercicios de memoria, pois un territorio que non ten memoria non ten futuro. O Grupo Socialista quere outro futuro para esta provincia que non pasa polo Sr. presidente. Outra demostración da ética do Sr. presidente foi que para acadar a presidencia do seu partido e logo ser presidente desta Deputación, non tivo reparos en recorrer á tutela e ao amparo do seu pai, facendo famoso o congreso dos 104 contratos, polos que se vai xulgar ao anterior presidente. Esta non é forma de facer política e remate como remate esta cuestión xudicial é indubidable que o máximo beneficiario desas supostas prácticas de contratación pública foi o Sr. presidente. Non chegando con isto, o Sr. presidente fai gala da súa ética política tan pronto como chega ao cargo de presidente do PP en Ourense, cun logro político cheo de beneficio, ética e dignidade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

para os cidadáns, que non foi outra cousa que, aproveitándose das miserias humanas, que todas as persoas poden ter nun momento determinado da súa vida, o Sr. presidente presenta como un logro a fichaxe estrela dun deputado socialista para a súa gloria e vaidade. Fóra disto, pregúntase qué beneficio representou isto para a sociedade e por qué o Sr. presidente non demostrou naquel momento a ética rexeitando algo que nin os deputados do Partido Popular desta casa aceptaban. Pregúntalle ao Sr. presidente a qué se refire cando di no seu código ético non recibir regalos. Supón que non se referirá ao Grupo Socialista, porque nin reciben nin recibirán ningún regalo de calquera empresa, particular, ou similar, que teña que ver coa Deputación. O Sr. presidente afirmou que nunca recibira ningún agasallo e o Grupo Socialista vai crer nel, pero pregúntalle se nunca recibiu ningún relacionado con esta casa, ou se nunca se preguntou por qué no seu predio familiar se atopan centos de vehículos (algúns de moito valor). El non vai dicir que foron agasallos porque xa houbo quen o dixo por eles. Se a el lle pasa algo así na súa casa preguntaría o qué pasaba e non sacaría peito para vir aquí dicirlles aos demais como se teñen que comportar. Podería falar de moitas outras cousas, pero, precisamente, o Grupo Socialista ten ética e o demostra con feitos non falando doutras cousas. No código ético tamén se fala dun gran logro, dicindo que os deputados desta casa terán que publicar o IRPF cada ano. Para o Grupo Socialista isto xa é o colmo, porque foi este grupo o que fixo esa proposta e foron os deputados do Grupo Popular os que dilataron esa publicación ata que non lles quedou máis remedio (porque o Grupo Socialista o publicou no espazo web que teñen na páxina da Deputación). Pensa que ética tamén é dicir quen presenta as cousas. Invita aos deputados do Grupo Popular (e sobre todo ao Sr. presidente que é o autor desta ocorrencia) a que fagan un exercicio de imaxinación co que vai contar. Pide que imaxinen que o Grupo Socialista fose goberno na Deputación e que o portavoz que fala fose o presidente, e que como tal redactase un código ético para esta casa, sabendo que ten á súa exparella traballando nela, que o seu pai (anterior presidente) fose quen no seu mandato a colocou; imaxinen que o Sr. Bautista Carballo tivese a un fillo traballando; que a Sra. Lama tivera traballando a súa parella; a Sra. Figueiral ao seu xenro; a Sra. Vázquez aos seus curmáns; o Sr. Dopazo á súa nora; que o Sr. González Vázquez fose funcionario na época do pai e agora fose deputado; que a Sra. Morenza tivese cobrado un soldo elevadísimo nesta casa sen facer nada e aínda por riba defraudase a Facenda. Imaxinando que o Grupo Popular fose oposición e con todos os exemplos que acaba de poñer, pregúntalles se aprobarían unha ocorrencia como esta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

quitándolles as cores aos compañeiros de partido. Está seguro de que non o ían aprobar, pero precisamente o que lle falta ao Partido Popular e ao Sr. presidente é ética, porque non teñen ningunha. O que presentan hoxe é un lavado de cara, para maior loa do presidente. Porque se el fose o presidente, con toda a súa bagaxe, os seus compañeiros diríanlle (con toda a razón do mundo): Nachito, non nos avergonces diante de todos. Isto é o colmo da desvergonza, que este señor queira presentarse na provincia como o máis transparente, o que vai cumprir coas normas éticas e que lles vai dar leccións a todos. A ética non ten que quedar escrita en ningún papel, ou se ten ou non se ten, e o Sr. presidente polo que se falou, e por moitas outras cousas das que se falarán despois, non a ten. Pensa que darlle clases de ética ao Grupo Socialista nesta Deputación é sinxelamente intolerable, porque os feitos de cada grupo nesta institución se teñen visto ao longo dos anos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que ao final a conclusión é que como non participaron na elaboración nin no desenvolvemento deste código ético, algo teñen que dicir. El entendeu que as ganas eran de falar de futuro pero a oposición fala de pasado, e logo din que é o Partido Popular o que fala do pasado. A idea de elaborar este código ético foi da Presidencia pero o Código Ético e de Conduta é do Grupo Popular, puido ser tamén da oposición, pero non quixeron. Tal e como consta na proposta da Presidencia, con data 28 de febreiro de 2014 o Pleno da Deputación aprobou unha moción da Presidencia para a elaboración dun código ético e de conduta dos cargos electos e do persoal ao servizo da administración provincial. Con posterioridade ao dito acordo, a Presidencia formulou unha proposta de código ético e de conduta, que lles foi remitido aos grupos políticos provinciais invitándoos a presentar emendas ao dito documento. Con data 20 de marzo de 2014, a comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, acordou a creación dun grupo de traballo para a elaboración dun código ético e de conduta da Deputación Provincial de Ourense, coa encomenda de elaborar un texto que puidese ser debatido no Pleno ordinario do mes de abril. Unha vez constituído o grupo de traballo, integrado polo Sr. presidente e os tres portavoces dos tres grupos representados na Deputación, na súa primeira xuntanza pasou algo curioso: o BNG convocou unha rolda de prensa 10 minutos antes desa primeira xuntanza (debían ter tomada xa a decisión e ben puido esperar ao final aínda que só fose por respecto aos demais) cre que cunha única razón, que foi a seguinte: non participaremos neste grupo de traballo se antes non dimiten todos os deputados do PP imputados, condición

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

sine qua non (non existe a presunción de inocencia). O Partido Socialista tivo a elegancia de convocar a rolda de prensa dez minutos despois, pero se nega a participar no grupo de traballo presentando un escrito no que, entre outras razóns, expón as seguintes: que todas as persoas imputadas, procesados, condenados ou que teñan asuntos xudiciais en trámite, deberían ser apartados, cando menos, preventivamente, dos seus cargos e, en todo caso, da súa representación nos órganos colexiados da Corporación Provincial (supón que nese momento aínda non falara o Sr. Besteiro, que primeiro di que ningún imputado irá nas listas do PSOE e logo di que poderán ir se teñen o referendo da militancia, non sabe se foi por salvarlle ao veciño o lombo, aínda que tamén llo podería salvar ao que está aquí ao lado). En todo caso vai ben a frase que lle acuñan: pau se remas pau se non remas. O Grupo Popular, a diferenza da oposición, considera que o código ético e de conduta hoxe, máis que nunca, é necesario, dada a desafección crecente da cidadanía cara á política e aos políticos. A oposición tende a embarrar e criticar todo, incluso con indicios de. O Código Ético no seu preámbulo di o que se pretende, entre outras cousas, que o papel dos cargos electos na xestión das entidades locais debe ser exercido con sentido da responsabilidade, vontade de servizo á sociedade, transparencia, eficacia e dedicación plena ás súas funcións públicas. No entanto, nalgúns ocasións, o sistema democrático soporta casos de mala xestión e corrupción, falta de transparencia na xestión e na relación coa cidadanía. Aínda sendo casos excepcionais, estes feitos degradan e prexudican á democracia e danan a credibilidade das institucións, políticos e empregados públicos. Fronte estes fenómenos, a única resposta posible é a de comprometerse co bo funcionamento da democracia local e profundar nela a través dunha conduta honesta, transparente e aberta á participación. Considérase o ámbito local como un espazo estratéxico da acción política e o futuro da democracia. Nesta liña considerase imprescindible seguir apostando pola mellora da calidade democrática das institucións, e así entendemos necesario dotar á Deputación Provincial de Ourense dun código de bo goberno, que implique ao conxunto dos representantes electos, goberno e oposición, pero tamén ao conxunto do persoal ao servizo da administración. En resumo, o Grupo Popular quere dar un paso adiante e non falar só do pasado, para contribuír á dignificación da política e das institucións que conforman o noso sistema político, promovendo un Código Ético e de Conduta para os representantes políticos (goberno e oposición) e para o persoal ao servizo da administración provincial.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dille ao Sr. Álvarez Dobaño que ás veces lle entran ganas de converterse no Sr. Labordeta e mandalo para onde o mandaron os seus correligionarios coa intervención que tiveron naquel momento. Todo isto escoitando a intervención do Sr. Dobaño, pola cantidade de terxiversacións e manipulación da información que fai. O BNG propuxo unha condición no Pleno (no que se abstiveron) non tiñan tomada ningunha decisión. Agora din que ou dimiten as persoas que están imputadas e os defraudadores de Facenda, con nome e apelidos, ou senón o BNG non acepta este *paripé*, porque isto é un *paripé*. Con respecto a embarrar todo habería que mirar como se embarrar todo no Concello, chega con preguntarlle ao representante do Partido Popular no Concello o que é embarrar todo, que a cidadanía xa está asustada. Por outra banda, tal e como expresou o fiscal superior de Xustiza de Galicia, Carlos Varela, hai que distinguir entre inocencia penal e política. A penal réxese pola presunción de inocencia, pero no ámbito político teñen que aplicarse normas de comportamento ético e de transparencia. Hai que empezar por isto e non empezar a casa polo tellado. Este código ético ven con pes de barro e é falso, porque non se tomaron medidas éticas cando había que tomalas, aínda que se lle pediu que as tomara. Non todas as forzas políticas son iguais, o BNG mantén unha posición clara, contundente e igual para todas as organizacións políticas e para todos os concellos: dimisión das persoas imputadas por corrupción ou por malas prácticas graves e que xeran unha gran alarma social, punto e pelota. Aquí hai casos clarísimos con nome e apelidos que xa non din porque non queren aborrecer máis, quen aborrece é o portavoz do Grupo Popular cos seus argumentos de sempre. O BNG quere ser moi esixente neste ámbito, por iso comeza a ser moi esixente consigo mesmo. Dos case cincocentos concelleiros e concelleiras que ten o BNG a única persoa imputada na operación Pokemon dimitiu en 24 horas, porque politicamente as responsabilidades políticas hai que asumilas con carácter inmediato, o que non significa declarar que ninguén sexa culpable penalmente. Volvendo ás palabras de Marcos Varela que di que como se sabe que os xulgados van lentos, se hai responsabilidade penal esta virá dentro de dous ou tres anos, e isto non é aceptable en termos políticos. O portavoz di que este Código Ético é do Partido Popular, pero tamén é do Partido Popular o caso Bárcenas, que involucra a cargos políticos do partido, salpica ao propio presidente do goberno Mariano Rajoy como perceptor de sobresoldos en negro. Dentro da Pokemon tamén hai sospeitas sobre financiamento do Partido Popular que é unha maquinaria de corrupción para conseguir o financiamento necesario para manterse no poder. A

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

gran corrupción do Estado español tamén é do Partido Popular, o rescate bancario, a fraude da participación das preferentes e subordinadas, a amnistía fiscal para o capital procedente de paraísos fiscais, no rescate das autovías explotadas en réxime de concesión das grandes construtoras privadas. Isto todo é do Partido Popular, ao igual que o Código Ético, o BNG non o quere para nada. O BNG non embarra, fala claro e conciso e toma as decisións claras coas súas persoas (xa as toman elas mesmas por ética). A ética non hai que escribila en ningún lado, quen non a ten non a vai practicar nunca na vida, e o que é defraudador é defraudador, e o que está involucrado nunha operación de prevaricación é prevaricador. Antes de empezar co código ético habería que facer unha limpeza na Deputación. O BNG defende un comportamento responsable no uso e xestión dos recursos económicos e de fondos públicos. Hai outro xeito de facer política, con honradez, transparencia, ética, respectando a lei ao servizo da veciñanza. O BNG ten unha práctica que o avala e que demostra: o seu compromiso e tolerancia cero coa corrupción. Iso está aí e non o inventa el. Pódense inventar e embarrar cousas, porque hai xente especialista en embarrar, pero o BNG teno moi claro.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, pensa que os autores disto non foron os deputados do Grupo Popular e quen lles está a quitar as cores é o Sr. presidente, porque el, cando vai polas televisións é o que di que este código ético é cousa del e que lle deu moito traballo, polo que se van ter que poñer de acordo, porque despois de redactalo fan o *paripé* do grupo de traballo. Di o portavoz popular que se fala do pasado e el pregunta se algunhas das persoas que están hoxe aquí son do presente ou tamén forman parte do pasado, ou se non se senten identificadas con algún dos exemplos que puxo antes. O Grupo Popular desta Deputación forma parte do pasado e os que traen o código ético son os mesmos que non cumpren coa ética, senón que marchen todos para casa e deixen entrar outros novos, como fixo o Sr. presidente, que fixo dimitir a non sabe cantos para chegar el ao poder. Xa sabía que se non saía Zapatero ía saír Besteiro, que agora é a besta negra, pero non se di aos acordos que chega, que son moi importantes para a cidadanía. Quere que quede claro dunha vez que o Grupo Socialista desta Deputación non goberna en Lugo, e el non é Besteiro. Como portavoz do grupo dixo e mantén que os imputados que hai nesta casa deberían estar apartados dos órganos colexiados de goberno, precisamente porque son goberno. O PSOE ten unha liña vermella moi clara, cando se abra o xuízo oral hai que dimitir (algúns incluso o fan antes), aquí non dimitiu nunca ninguén. Cando se fala de fraude e corrupción pregúntase se a investigación que está a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

facer a OLAF é pasado ou futuro; cando se está investigando por prevaricación en contratacións públicas masivas é pasado ou é futuro; participaban ou non participaban os deputados do Grupo Popular; o Sr. presidente tiña algo que ver nesas contratacións (materialmente non pero indirectamente si, porque foron para colocalo a el onde está). É intolerable que agora veñan con este código ético, e o Grupo Socialista non o vai permitir porque non o van aceptar. O Grupo Popular fala pola boca do seu presidente e pensa que iso fai que cometan erros. Fala da oposición como se fose do século XIX (nos medios de comunicación, que para que falen ben dun custa cartos, del falarán mal pero polo menos non lles custa cartos aos cidadáns), pero o que chegou a esta casa como no século XIX foi el, e non con dignidade política e ética, algo do que se carece nesta casa. No Concello de Ourense o Sr. vicepresidente desta casa dixo que había que dimitir incluso antes de saberse nada, pero o presidente di que o que di D. Rosendo non vale porque o presidente é el, pero así lle vai nas enquisas ao Sr. vicepresidente co campo embarrado que sementa, porque os cidadáns non son tan parvos. Con ironía vai alardear e di que faría unha enquisa a ver quen ten máis popularidade, se o Sr. vicepresidente ou el. As incoherencias páganse e os señores presidente e vicepresidente teñen unha incoherencia moi grave. Reitera que o Grupo Socialista non vai permitir que lle veñan dar clases. Habería que arranxar cousas como as contratacións públicas (que xa levamos dúas bastante problemáticas) ou as contratacións de persoal. Pídelle ao Grupo Popular que teña coherencia e que se deixe de aceptar as ocorrencias do Sr. presidente, que día a día os está metendo nalgunha lea e moitas veces era mellor que algún se puxese enfermo e non viñera aos plenos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, sen acritude, dille ao Sr. Rodríguez Puga que non se poña así que non paga a pena En nome do Grupo Popular di que o Sr. presidente é presidente da Deputación porque así o quixeron os deputados do Grupo Popular. En canto ao congreso do Partido Popular, di que o presidente do Partido Popular de Ourense saíu elixido por esmagadora maioría e a xente votou o que lle deu a gana, porque o voto foi secreto. En tan mal nono faría cando no seguinte congreso xa todos sabemos o resultado que obtivo. Reitera que o BNG fixo a rolda de prensa 10 minutos antes da reunión e non foron respectuosos cun órgano que se ía constituír e dixeron o que dixeron, cousa que puideron presentar e hoxe podería ser debatido neste pleno. Pide respecto pola democracia. Pregúntalle ao Sr. Rodríguez Puga qué fan cogobernando co Partido Socialista que ten imputados dabondo con xuízo oral aberto. En canto ás funcións de alcalde, concelleiro ou

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

deputado non teñen nada que ver unhas con outras. Falouse unha vez máis das subvencións nominativas e esta Deputación xa elaborou unha ordenanza, que está aprobada, e hai un límite. Pide que lle digan se onde goberna a oposición hai algo similar. Volve falar tamén dos famosos 104 contratos e pide que deixen que os procesos sigan o seu curso e volve repetir que esas 104 persoas non estaban de compromisarias. Non vai facer comparativas como a que fixo o Sr. Gómez Pérez de imaxinar moitas cousas (aínda que a podía facer) porque non quere facer demagogia. Cuestionan todo e embarran todo sen probas, só fan suposicións malintencionadas con parentes, empresas ... Dille que se ten probas que vaia con elas ao xulgado e se non as ten que non acuse. Seguen a falar do pasado pero non dixeron se o código ético é bo ou é malo. Sorpréndelle que o Sr. Gómez se poña á marxe do Sr. Besteiro (como secretario xeral do Partido Socialista). Cando fala de imputados que pertencen a órganos colexiados supón que só fala dos desta casa, porque noutra casa non moi lonxe de aquí hai máis. En resumo, o Código Ético é de aplicación para os cargos electos e para o persoal, e preténdese establecer unha clara liña entre o aceptable e o que non o é, establecendo unha depuración directa de responsabilidades en cada caso e lamenta que non lle pareza ben á oposición. Está claro que a sociedade demanda endurecer o castigo a quen se aproveita do público para enriquecerse e tamén que se tomen medidas que preveñan estas situacións. Este código é precisamente unha medida preventiva que busca iso.

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que como se tachou de ocorrencia este código, supón que por falta de información e polas ganas de opoñerse a todo por vir dun determinado grupo político ou porque sexa unha determinada persoa quen o propoña, pódese toldar o debate e confundir á cidadanía. Este código ético non é ningunha novidade. En España existe (por certo, cun presidente socialista) un código de bo goberno do altos cargos da Administración Xeral do Estado (marzo 2005). Imaxina que o discurso de que con xurar ou prometer o cargo xa se están a asumir todas as obrigas legais e non fai falta nada máis, tamén podería ser aplicable cando se aprobou esta cuestión en 2005. Isto únese en 2009 a un código de bo goberno local da FEMP, co consenso dos partidos políticos (PP, PSOE, CIU, Esquerda Unida, etcétera). Non só existe este tipo de documentos no ámbito das administracións, tamén nas comunidades autónomas (hai un código ético dos poderes locais vascos), nas universidades, nas organizacións empresariais, nas corporacións no ámbito privado, etcétera. O 28 de febreiro a Presidencia da Deputación presentou unha moción para, sen o voto en contra de ningún grupo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

político, elaborar o texto e formar un grupo de traballo para poder presentar o texto neste pleno (2 meses despois). O 6 de marzo remitíuselles aos grupos un borrador que elaborou para que servise de documento para o debate, comunicándolles que tiñan un prazo para emendalo, substituílo ou engadirlle cousas, ata o 20 de marzo que eran as comisións informativas. Non se presentou nada e non houbo a oportunidade de coñecer, posiblemente, algunha das cuestións que se verteron no debate. O 1 de abril comezaron as funcións do grupo de traballo que se constituíu e non houbo ningunha achega, agás un documento do Grupo Socialista dicindo que había cuestións innegociables e agás tamén as verbas do voceiro que se presentou na reunión do grupo de traballo que dixo que o presidente tiña que forzar a dimisión dos deputados imputados, respondendo el que forzar unha dimisión é unha actitude coactiva que non forma parte da praxe que se debería practicar non só nas administracións públicas, senón tamén nas nosas organizacións. Isto foi o que pasou ata este momento, facendo caso tamén a unha das recomendacións do Consello del Europa (institución supranacional) que insta a tomar unha serie de medidas, con aplicación antes do 31 de xuño de 2015. Esta Deputación xa deu ese paso, que se explica perfectamente no preámbulo do texto do Código Ético, que será un código ético da Deputación de Ourense, aplicable aos cargos electos e ao persoal ao servizo da administración provincial, que establece unha serie de responsabilidades e de compromisos dos grupos da oposición. O Grupo Popular pensa que non sempre van estar na oposición, como xa supuxeron no debate de se un fora presidente ou outro (pensa que se terían que poñer de acordo porque un tiña que ser presidente e o outro vicepresidente porque gobernarían en coalición). O goberno actual da Deputación está aquí porque foi elixido nas urnas e porque os seus compoñentes teñen vontade de estar e participar en política.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aprobar o Código Ético e de Conduta da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte contido:

PREÁMBULO

TÍTULO I- DOS PRINCIPIOS ÉTICOS

Art. 1.- Obxectivo do Código Ético e de Conduta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

Art. 2.-Ámbito de aplicación

Art. 3.-Principios de Conduta

Art. 4.-Estándares de conduta que debe cumprir o cargo público representativo provincial

a) Obrigas xerais

b) Exercicio das súas responsabilidades públicas

Art. 5.-Estándares de conduta que debe cumprir o empregado público ao servizo da institución provincial

Art. 6.- Conflictos de intereses

Art. 7.- Agasallos e (potenciais) beneficios

Art. 8.-Relación do cargo público representativo local coa cidadanía e con outros cargos ou persoal empregado público

Art. 9.-Transparencia e acceso á información.

TÍTULO II – DOS PRINCIPIOS DE BO GOBERNO

Art. 10.-Principios de Bo Goberno na actuación do cargo público representativo provincial

Art. 11.- Principios de Bo Goberno en relación coa xestión de prestacións e recursos públicos

TÍTULO III- DAS RESPONSABILIDADES E DOS COMPROMISOS DOS CARGOS PÚBLICOS REPRESENTATIVOS PARA LEVAR A CABO UNHA POLÍTICA DE CALIDADE INSTITUCIONAL

Art. 12.-Compromisos e responsabilidades que asumen quen integran os equipos de goberno da Deputación de Ourense

Art. 13.-Compromisos e responsabilidades que asumen os membros da oposición política da Deputación de Ourense

TÍTULO IV- DO COMITÉ DE ÉTICA

Art. 14.-O Comité de Ética

Art. 15.- Composición

Art. 16.- Funcións

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: PLACAS EN OBRAS PÚBLICAS

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA: DEBER DE ABSTENCIÓN PROFESIONAL

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA: COMPROMISO ANTITRANSFUGUISMO

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA: INORDE

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA: PLENO SOBRE O ESTADO DA PROVINCIA

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA: CARTA DE SERVIZOS

DISPOSICIÓN FINAL : PUBLICACIÓN

CÓDIGO ÉTICO E DE CONDUTA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Preámbulo

O “Código Europeo de Conduta para a integridade política dos representantes locais electos”, aprobado polo Congreso de Poderes Locais e Rexionais do Consello de Europa, avoga pola promoción de códigos de conduta para os representantes locais como instrumentos que permitirán crear confianza entre os políticos e os cidadáns, indispensable para que aqueles que teñan que desempeñar as súas funcións poidan facelo de forma eficiente, posto que o respecto polo mandato do electorado vai estreitamente unido ao respecto dunhas normas éticas.

Nesta dirección insiste, tamén, a Conferencia de Ministros europeos responsables das Institucións Locais e Rexionais, con ocasión da declaración sobre a “participación democrática e a ética pública a nivel local e rexional”. A súa declaración da sesión de Valencia, 15 e 16 de outubro de 2007, facendo referencia á Axenda de Budapest e a outras Recomendacións do Consello de Ministros e do Consello de Europa, lémbra-nos a utilidade do Manual de Boas Prácticas sobre a Ética Pública no nivel dos Gobernos Locais.

O papel dos cargos electos na xestión das entidades locais, esencial para o funcionamento do sistema democrático pola súa proximidade á cidadanía, debe ser exercido con sentido da responsabilidade, vontade de servizo á sociedade, transparencia, eficacia e dedicación plena ás súas funcións públicas. No entanto, nalgúns casos, o sistema democrático soporta casos de mala xestión e corrupción, falta de transparencia na xestión e na relación coa cidadanía, afastamento dos representantes políticos da realidade social, conivencia cos intereses privados, ausencia de canles suficientes para o control da xestión pola oposición, etcétera.

Aínda sendo casos excepcionais, estes feitos degradan e prexudican á democracia e danan a credibilidade de institucións, políticos e empregados públicos. Fronte a estes fenómenos, a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

única resposta posible é a de comprometerse co bo funcionamento da democracia local e profundar nela a través dunha conduta honesta, transparente e aberta á participación.

Consideramos o ámbito local como un espazo estratéxico da acción política e o futuro da democracia, así como para o desenvolvemento dos dereitos da cidadanía e unha oportunidade para facer realidade os dereitos sociais de nova xeración.

Nesta liña considerase imprescindible seguir apostando pola mellora da calidade democrática das institucións, e así entendemos necesario dotar á Deputación Provincial de Ourense dun código de Bo Goberno, que implique ao conxunto dos representantes electos, goberno e oposición, pero tamén ao conxunto do persoal ao servizo da administración.

Na sesión plenaria de 28 de febreiro de 2014 a Corporación provincial aprobou unha moción do Presidente para elaborar e aprobar este documento.

Coñecendo a relevancia que pode ter dar un paso adiante para contribuír á dignificación da política e das institucións que conforman o noso sistema político, promóvese este Código Ético e de Conduta para os representantes políticos e para o persoal ao servizo da administración provincial.

O citado código levará consigo a creación do Comité de Ética, órgano de control que velará polo seu cumprimento.

CÓDIGO ÉTICO E DE CONDUCTA

(que regula as normas éticas de referencia para os cargos electos e o persoal ao servizo da administración provincial)

TÍTULO I – DOS PRINCIPIOS ÉTICOS

Art. 1.- Obxectivo do Código Ético e de Conduta

O obxectivo do presente Código é procurar un comportamento profesional, ético e responsable de todos os cargos electos da Deputación Provincial de Ourense, así como do persoal ao servizo da administración provincial, contribuíndo deste xeito a reforzar a aposta pola calidade democrática e a rexeneración do sistema institucional, establecendo mecanismos para incentivar o seu cumprimento.

Art. 2.-Ámbito de aplicación

O Código constituirá a referencia ética de conduta para todos os cargos electos da Deputación Provincial de Ourense así como ao conxunto do persoal ao servizo da administración provincial.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

O Código será notificado persoalmente a todos os cargos electos, membros do goberno provincial, directivos e persoal técnico cualificado nomeado polo goberno provincial, persoal eventual e ao conxunto do persoal ao servizo da administración provincial e a calquera persoa que a represente, cando así o requira a natureza da súa relación, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

O Comité de Ética será o órgano encargado de velar polo cumprimento deste Código.

Art. 3.-Principios de Conduta

Os cargos electos e persoal ao servizo da administración provincial deberán velar pola defensa e garantía dos valores democráticos e do réxime de dereitos e liberdades recollidos na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía para Galicia, promovendo as condicións para que a liberdade, a xustiza e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitando a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

O comportamento dos cargos electos da Corporación Provincial de Ourense, e por extensión, do conxunto de empregados públicos ao servizo da institución provincial, rexeráse polo seguintes principios xerais:

- 1- **Integridade.** A integridade consiste na virtude que permite ao servidor público actuar acotío de forma coherente co principio do servizo público e cos outros principios congruentes co mesmo, como a imparcialidade, a eficacia, a transparencia, a legalidade, etcétera. Iso si, buscando ante o ineludible conflito de valores o xusto medio, o prudente compromiso entre valores desexables.
- 2- **Exemplaridade.** Ao ser “o espello” da institución no que se mira a cidadanía, deben eludir calquera acción ou omisión que poida prexudicar nin sequera sexa minimamente a imaxe institucional da Deputación de Ourense e minar a confianza da cidadanía na institución.
- 3- **Imparcialidade.** A actuación imparcial debe estar sempre presente no proceso de adopción de decisións que implique calquera tipo de obrigas derivadas da autoridade conferida. Ese tipo de actuacións inclúe unha actuación escrupulosamente imparcial nos procesos de nomeamento de persoal, contratación administrativa, outorgamento ou denegación de subvencións, aplicación das normas, emprego de recursos financeiros ou de calquera outro carácter.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

- Rendición de Contas. Deberá responder sempre polas decisións e accións adoptadas. Isto implica revelar ou exteriorizar as razóns obxectivas de cada decisión, sometelas a escrutinio político e da cidadanía, avalialas e, no seu caso, asumir as consecuencias políticas dos erros cometidos. A rendición de contas esixe sempre, e en todo caso, asunción de responsabilidades políticas ou xestoras por unha mala ou equivocada decisión.
- 4- Transparencia. Debe adoptar as súas decisións e executar as súas accións de forma aberta e transparente, ofrecendo información fidedigna e completa á cidadanía sobre os procedementos e as razóns das súas decisións, así como os seus custos financeiros, restrinxindo esa información só excepcionalmente cando así o prevexan as leis. A transparencia leva unha aposta decidida e firme polo Goberno Aberto, especialmente en todas aquelas decisións que teñan implicacións económico-financeiras para as arcas públicas e os tributos esixidos á cidadanía.
- 5- Honestidade. Debe actuar honestamente, declarando todo interese privado que poida obstruír o exercicio das súas funcións públicas e adoptar os pasos necesarios para resolver calquera conflito de intereses que se poida expor. Iso implica obediencia ao dereito, seguir a letra e o espírito dos procedementos, levar a cabo unha xestión económico-financeira eficiente, observar o presente código ético e de conduta e revelar calquera conflito de intereses propios ou que poidan afectar a outros cargos representativos ou ao persoal ao servizo da administración provincial.
- 6- Respeto. Debe tratar á cidadanía, persoal empregado público ou demais representantes co respecto debido en todo o tempo e lugar. Iso implica non usar termos despectivos, observar os dereitos dos demais e non incorrer en prácticas discriminatorias de ningún tipo, tratar á xente con cortesía e co recoñecemento dos diferentes roles que cada persoa ten na organización e no proceso de toma de decisión provincial. Ese trato deferente debe proxectarse sobre os representantes políticos da entidade, persoas empregadas, provedores e a cidadanía.

Art. 4.-Estándares de conduta que debe cumprir o cargo público representativo provincial

Os estándares de conduta son un conxunto de principios de actuación do cargo público representante provincial ourensá que agrupan así mesmo un elenco de deberes e obrigas mínimos derivados da condición de cargo público representativo e encamiñados a reforzar o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

papel institucional que tales funcións teñen na estrutura política da Deputación de Ourense.

A conduta do cargo representativo provincial ourensá adecuarase aos seguintes estándares:

a) Obrigas xerais

- Debe tratar ás demais persoas sempre e en todo caso co respecto debido e a consideración que requira cada situación.
- Non revelará información que sexa confidencial ou que coñecese en razón do seu cargo con tal carácter e deberá manter sobre a mesma un deber de reserva. Esta obriga deberá conxugarse sempre coas derivadas do principio de transparencia.
- Os membros da Corporación non deberán colocarse baixo ningunha obriga financeira ou doutro tipo con terceiros ou organizacións que poidan influírlles no desempeño das súas responsabilidades oficiais.
- Absteranse de toda actividade privada ou interese que poida expor conflitos de intereses co seu posto público.
- Os cargos electos presentarán no rexistro da Deputación Provincial, e de xeito anual, copia da declaración do IRPF e do Imposto de Patrimonio, nos cinco (5) días seguintes ao remate do prazo establecido pola Axencia Tributaria para que todos os cidadáns presenten as súas declaracións. A presentación da declaración farase todos os anos nos que se ocupe o cargo, e no ano seguinte ao a abandono do mesmo presentando a citada documentación no rexistro da institución. Publicarase na web da institución.
- Non debe conducir a súa conduta de tal modo que poida prexudicar a imaxe da organización que representa ante a cidadanía ou a afectar á súa reputación institucional.
- Non debe utilizar en ningún caso a súa posición institucional co fin de obter vantaxes para si ou procurar vantaxes ou desvantaxes para calquera outra persoa ou entidade, salvo nos supostos de discriminación positiva recoñecidos legalmente.
- Cando sexan outras persoas quen cumpren as súas directrices, deberá procurar evitar que tales directrices sexan utilizadas por tales persoas para beneficiarse persoalmente ou beneficiar ou prexudicar a terceiras persoas.
- Deberá sempre acreditar razóns obxectivas que xustifiquen calquera decisión política e motivalas razoablemente.
- No proceso de toma de decisións deberá considerar todas as opinións e consellos, así

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

como todos aqueles informes ou estudos, que lle axuden a decidir e avalen a solución máis razoable e eficiente ao problema exposto.

- É responsabilidade de cada persoa coñecer e valorar adecuadamente as súas prácticas no exercicio das súas responsabilidades, tendo en conta o interese e a boa reputación da institución. En caso de dúbida, deberase consultar co Comité de Ética.
- b) Exercicio das súas responsabilidades públicas
- Deberá desenvolver as súas funcións con dilixencia, dedicación, transparencia e vontade de responder as súas decisións.
 - Deberá absterse de utilizar as prerrogativas do seu cargo para beneficiar, directa ou indirectamente, o interese privado propio, ou os intereses específicos de persoas ou grupos.
 - Deberá facer pública en calquera votación ou decisión a colusión dos seus propios intereses co interese público, así como absterse en todas aquelas votacións ou actos nos que teña interese persoal directo ou indirecto ou poida derivarse que tal confrontación de intereses puidese existir.
 - Xestionarán os recursos públicos con eficiencia e non utilizarán ningún ben público para intereses privados.
 - Garantirán un trato igual sen discriminación algunha por calquera tipo de razóns tanto á cidadanía como ás diferentes entidades ou organizacións.
 - Promoverán a equidade (igualdade) e removerán de forma efectiva todos os obstáculos que impidan o seu pleno cumprimento.
 - Deberán, en xeral, respectar as normas e convencións sociais comunmente aceptadas en relación coa súa actuación pública e o desempeño das súas responsabilidades.
 - O desempeño de cargos en órganos executivos de dirección de partidos políticos, en ningún caso menoscabará ou comprometerá o exercicio das súas funcións.

Art. 5.-Estándares de conduta que debe cumprir o empregado público ao servizo da institución provincial

Os principios de actuación do empregado público ao servizo da Deputación Provincial veñen determinados pola propia lexislación en materia de función pública, e nomeadamente os recollidos no Estatuto Básico do Empregado Público, e deberán adecuarase aos seguintes

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

estándares:

- Debe tratar aos cidadáns sempre e en todo caso co respecto debido e a consideración que requira cada situación.
- Non revelará información que sexa confidencial ou que coñecese en razón do seu posto na estrutura da administración provincial e deberá manter sobre a mesma un deber de reserva.
- Non debe conducir a súa conduta de tal modo que poida prexudicar a imaxe da institución na que desenvolve o seu traballo como servidor público.
- Non debe utilizar en ningún caso a súa posición na administración co fin de obter vantaxes para si ou procurar vantaxes ou desvantaxes para calquera outra persoa ou entidade.
- Cando sexan outras persoas quen cumpren as súas directrices, deberá procurar evitar que tales directrices sexan utilizadas por tales persoas para beneficiarse persoalmente ou beneficiar ou prexudicar a terceiras persoas.
- Deberá sempre acreditar razóns obxectivas que xustifiquen a súa actuación en función das responsabilidades que teña dentro da institución, na súa condición de empregado público.
- Deberá evitar calquera práctica que estea tinguida de favoritismo ou dar pé a que poida sospeitarse pola cidadanía que existe unha utilización da súa posición na estrutura da administración.
- Deberá absterse de utilizar as prerrogativas do seu cargo para beneficiar, directa ou indirectamente, o interese privado propio, ou os intereses específicos de persoas ou grupos.
- Xestionarán os recursos públicos con eficiencia e non utilizarán ningún ben público para intereses privados.
- É responsabilidade de cada persoa ao servizo da institución provincial coñecer e valorar adecuadamente as súas prácticas no exercicio das súas responsabilidades, tendo en conta o interese e a boa reputación da institución. En caso de dúbida, deberase consultar co Comité de Ética.

A Deputación Provincial de Ourense respecta a vida privada do persoal ao seu servizo e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

consequintemente a esfera privada das súas decisións. No marco desta política de respecto, exhórtase aos empregados a que, en caso de xurdir conflitos de interese persoais ou da súa contorna familiar en relación a asuntos relacionados coa Deputación Provincial de Ourense, a poñelo en coñecemento do Comité de Ética, para que se poida proceder á adopción das medidas pertinentes en beneficio tanto da institución provincial como das persoas afectadas.

Art. 6.- Conflitos de intereses

Un conflito de interese existe cando aparece unha situación de interferencia entre un ou varios intereses públicos e outros intereses privados ou públicos, de tal natureza que poderían comprometer ou dar a impresión de comprometer o exercicio independente, obxectivo e imparcial do deber público principal (definición da Comisión Jospin, 2012).

Por conseguinte as persoas obrigadas por este Código:

- Deben evitar calquera conflito de intereses, entendendo por tal cando calquera persoa pode apreciar que, nun proceso de toma de decisións, poderían existir influencias de intereses privados que obstrúan ou desvíen o cumprimento dos deberes públicos.
- Absteranse de utilizar as súas prerrogativas ou competencias institucionais co fin de axilizar procedementos, exonerar de cargas ou outorgar algún tipo de beneficios dirixidos a terceiras persoas por intereses alleos aos exclusivamente provinciais.
- Absteranse así mesmo de levar a cabo calquera tipo de negocios que, directa ou indirectamente, poidan chocar cos intereses públicos provinciais ou poñan en cuestión, directa ou indirectamente, a actividade política do ou a representante local.
- Quen desempeñando un cargo público poida verse afectado por un potencial conflito de intereses que choque ou poida facelo cos seus deberes e responsabilidades, deberá polo en coñecemento público inmediatamente revelando, se é posible por escrito, a existencia de tal conflito ou, polo menos, exteriorizar a dúbida da existencia dun hipotético conflito de intereses. En todo caso, tanto ante a existencia dun conflito de intereses como á hipotética dúbida ante a existencia do mesmo, deberá como medida cautelar para salvar o prestixio da institución absterse de participar en calquera proceso de toma de decisións no que poida existir a máis leve sospeita dun hipotético conflito de intereses.

Art. 7.- Agasallos e (potenciais) beneficios

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

- Ningún cargo electo nin tampouco o persoal ao servizo da administración provincial poderán ofrecer, conceder, solicitar ou aceptar, directa ou indirectamente, agasallos ou dádivas, favores ou compensacións, en metálico ou en especie, calquera que sexa a súa natureza, que poidan influír no proceso de toma de decisións relacionado co desempeño das funcións derivadas do seu cargo ou posto de traballo na institución provincial.
- Os cargos electos e o persoal ao servizo da administración provincial non admitirán de persoas ou entidades ningún agasallo ou servizo que sexa entregado por razón do seu cargo, agás os de carácter protocolario institucional.
- Calquera agasallo ou dádiva recibido nos centros de traballo da administración provincial que contraveña o presente Código, deberá ser inmediatamente devolto e comunicada esta circunstancia á Secretaría do Comité de ética, que levará un Rexistro ao efecto de deixar constancia deste tipo de situacións. De non ser razoablemente posible a devolución do agasallo ou dádiva, entregarse ao departamento de Tesourería que, tras emitir o correspondente recibo, destinarao a fins de interese social.

Art. 8.-Relación do cargo público representativo provincial coa cidadanía, e con outros cargos ou persoal empregado público

- O trato entre os integrantes do grupo de goberno provincial e os membros da oposición será de respecto máximo.
- A cortesía e a educación deben ser sempre as formas de desenvolvemento das relacións entre as e os políticos provinciais.
- Deberán tratar con respecto e atención especial ás persoas empregadas públicas provinciais, particularmente a membros da área ou sector de actividade na que desempeñen as súas funcións. Iso supón non levar a cabo ningún tipo de condutas que poida alterar ou afectar tal respecto e consideración.
- Atenderán á cidadanía con exquisita corrección e cortesía, escoitando activamente as súas propostas, suxestións e queixas.

Art. 9.-Transparencia e acceso á información

- Deberán someter todas as actividades políticas e de xestión da institución provincial ao principio de transparencia, salvo naqueles casos en que a lei esixa a confidencialidade ou poidan afectar a dereitos de terceiras persoas. En todo caso, estas excepcións

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

interpretaranse de forma restritiva.

- Desenvolverán o cumprimento efectivo do principio de publicidade activa co fin de garantir a transparencia na institución, a tal efecto actualizaranse de xeito periódico os contidos do portal web da Deputación Provincial de Ourense.
- Impulsarán de forma efectiva o acceso da cidadanía e das organizacións á información pública, coas limitacións que establezan as leis.
- Todos os representantes públicos deberán facilitar a comunicación directa cos cidadáns, e a tal efecto disporán dun enderezo electrónico que deberá ser público e accesible dende o portal web da Corporación Provincial da que forman parte.
- Garantirán respostas áxiles e convenientemente razoadas ás solicitudes de información que lles sexan cursadas.
- O portal web da Deputación de Ourense retransmite en tempo real as sesións plenarias da corporación e retransmitiranse tamén as comisións informativas, as reunións da Xunta de Goberno cando resolva asuntos por delegación do Pleno e aqueles outros actos de carácter institucional que determine a Presidencia do goberno provincial. Nos procedementos de contratación utilizarase tamén esta canle de comunicación para televisar en tempo real os actos de apertura de plicas.

No espazo web da Deputación de Ourense, no perfil do contratante, deberá figurar un cadro-resumo de tódolos contratos en vigor.

- Avogarán pola implantación efectiva do Goberno Aberto, da reutilización de datos e da Administración electrónica.
- Fomentarán as canles de participación cidadá establecidos así como a través de Internet e das redes sociais.
- Traballarán pola configuración dunha administración receptiva, simplificada, cunha linguaxe sinxela e comprensible.

TITULO II- DOS PRINCIPIOS DE BO GOBERNO

Os cargos electos da Deputación de Ourense desenvolverán a súa acción política e de goberno de acordo cos principios que seguidamente se enuncian.

Tales principios configúranse como obxectivos de mellora continua e na súa valoración non se poderá prescindir da súa proxección na acción de goberno.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

Os principios de Bo Goberno Local estrutúranse en dous apartados, en función de se o seu obxectivo é informar a actuación política ou, no seu caso, a xestión dos recursos públicos por parte dos gobernantes.

Art. 10.-Principios de Bo Goberno na actuación do cargo público representativo provincial

- Respecto polo sistema xurídico vixente e garantía dos dereitos fundamentais da cidadanía.
- Fomento da participación da cidadanía nos asuntos públicos e nos procesos de toma de decisións públicas provinciais.
- Actuar con Transparencia nos procesos de toma de decisións e proporcionar á cidadanía toda a información necesaria de forma accesible e que sexa facilmente comprensible.
- Responder as necesidades da cidadanía con rapidez, resolvendo os problemas e atendendo ás demandas que se expoñan nun tempo razoable.
- Apertura ao consenso tanto político como social e cidadán, mediando intelixentemente entre os diferentes intereses da sociedade, con especial sensibilidade cara aos diferentes actos sociais e, en particular, cara a quen se atopan en posicións máis desfavorables.
- Impulsar a innovación na organización e a modernización das estruturas organizativas e dos procedementos.
- Avogar por unha gobernanza provincial intelixente e sustentable. Configurar o modelo organizativo como “provincia intelixente”.
- Promover a igualdade de mulleres e homes, a cohesión social e xestionar adecuadamente a diversidade e a convivencia.
- Xestionar os recursos públicos con eficiencia e racionalidade, evitando calquera mínimo malgasto ou gasto inxustificado e levar a cabo un endebedamento sustentable.
- Responder de calquera decisión política ou administrativa que se adopte e, especialmente, polos seus resultados na xestión.
- Impulsar o sentido de pertenza da cidadanía á súa provincia e a transcendencia que ten o respecto cara aos diferentes recursos públicos, así como a un uso responsable e sustentable dos mesmos.

Art. 11.- Principios de Bo Goberno en relación coa xestión de prestacións e recursos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

públicos

- **Sustentabilidade.** Buscará un correcto equilibrio entre as prioridades sociais, económicas e ambientais, promovendo a participación de toda a cidadanía.
- **Equidade.** Avogará por políticas e por unha prestación de servizos baseadas no principio de equidade tanto en canto ao público obxectivo como fronte ao prezo (ou taxas) dos servizos, axustando este último á capacidade financeira da cidadanía. Estableceranse incentivos a determinados colectivo en desvantaxe.
- **Igualdade.** Garantirase a igualdade real e efectiva de mulleres e homes baixo os principios de igualdade de trato, igualdade de oportunidades, respecto á diversidade e á diferenza, integración da perspectiva de xénero, acción positiva, eliminación de roles e estereotipos en función do sexo, representación equilibrada e coordinación e colaboración.
- **Eficiencia.** A xestión e prestación de servizos, así como o gasto público, realizarase a través de criterios de eficiencia na utilización de todo tipo de recursos. Para iso débese coñecer o custo dos servizos e establecer obxectivos claros e indicadores de xestión co fin de avaliar o custo de tales servizos.
- **Transparencia e rendición de contas.** Tanto nos procesos de toma de decisións como en calquera procedemento administrativo ou na actuación dos poderes públicos provinciais rexerá o principio de transparencia, entendido este como principio de publicidade activa e como medio de garantir o acceso da cidadanía á información pública coas restricións mínimas posibles que veñan determinadas por lei.
- **Compromiso cívico, defensa da lingua galega e da cultura propia e da diversidade.** É unha realidade incuestionable a efectiva implantación e uso xeneralizado do galego tanto nas relacións coa administración local como nas relacións sociais na propia provincia. Seguirase a impulsar a cultura galega e ourensá nas súas diferentes expresións. Fomentarase así mesmo a cultura da diversidade, a promoción das responsabilidades cívicas da cidadanía, a cultura do respecto, a utilización dos medios de resolución alternativa dos conflitos e a mediación, así como a promoción da participación dos colectivos ou grupos de persoas en desvantaxe (mocidade, terceira idade, inmigrantes, persoas desempregadas, etcétera) na política provincial a efectos de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

que se poidan valorar adecuadamente polo goberno da Deputación de Ourense os seus diferentes intereses, opinións e puntos de vista no proceso de toma de decisións.

- Identidade. Defenderase unha visión integral de provincia, defendendo sempre os intereses de Ourense. A visión provincial implica o respecto e o trato igualitario a todos os concellos da provincia, con independencia de cuestións como o número de habitantes. Os eixos de actuación do goberno e da administración provincial son o territorio, a poboación e a identidade propia. Todos os ourensáns teñen os mesmos dereitos residan onde residan dentro do territorio provincial.

TÍTULO III- DAS RESPONSABILIDADES E DOS COMPROMISOS DOS CARGOS PÚBLICOS REPRESENTATIVOS PARA LEVAR A CABO UNHA POLÍTICA DE CALIDADE INSTITUCIONAL

Art. 12.-Compromisos e responsabilidades que asumen quen integran os equipos de goberno da Deputación de Ourense

O membros do goberno provincial teñen a función institucional de conducir responsablemente o goberno da Deputación Provincial, con lealdade institucional no exercicio das súas funcións e procurando, dentro dos seus ámbitos competenciais e dos recursos de que dispoña a provincia, o maior benestar da cidadanía.

Para ese efecto, deberán asumir fronte á cidadanía os seguintes Compromisos e Responsabilidades:

- Representar dignamente á institución. O Presidente (tamén as e os membros do equipo de goberno) adquiren o compromiso de representar á institución no seu conxunto e non a unha parte. Tal como recolle o Código Europeo de Conduta, son responsables ante o conxunto da poboación local, incluídos os e os electores que non lles votaron. A súa condición de representante institucional, así como de autoridade local, deriva da lexitimidade democrática. Iso implica especial corrección e contención no exercicio do cargo e no comportamento público e privado.
- Comunicar eficazmente e escoitar activamente á cidadanía. Unha política de calidade do goberno provincial desde a perspectiva cidadá depende en gran medida da capacidade de comunicar eficazmente. As e os políticos provinciais ourensáns comprométense a utilizar todos os medios ao seu alcance (incluídas as redes sociais) para comunicar coa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

súa cidadanía e facerlles chegar non só as súas decisións senón tamén unha xustificación sinxela e comprensible de por que se adoptaron. Tamén se comprometen especialmente a levar a cabo unha escoita activa e atenta de todas as súas inquietudes, suxestións ou queixas, así como a dicir que non de forma motivada ás súas demandas cando a situación obxectivamente esíxao pola provincia.

- Traballar por resultados ou metas. O traballo por resultados ou metas é unha necesidade dun proceso de racionalización da política nas estruturas de goberno provincial, de acordo cos obxectivos estratéxicos e os plans de goberno ou de mandato aprobados.
- Formular políticas e definir obxectivos estratéxicos. Os membros do equipo de goberno provincial comprométese a definir obxectivos estratéxicos a través dos cales facer política provincial coherente e sustentable en beneficio da súa cidadanía. Esa política se canalizará mediante plans estratéxicos que estarán abertos á participación de todos os grupos políticos e actos sociais e empresariais, así como nun horizonte temporal máis limitado a través de Plans de mandato ou Plans de Goberno. Eses eixos da política provincial adaptaranse, en todo caso, ás contornas cambiantes.
- Priorizar políticas e tomar decisións. A definición das prioridades políticas é a esencia da política provincial, máis aínda en tempos de crise económico-financeira ou de contención orzamentaria. Os representantes políticos presentes na Corporación Provincial de Ourense, comprométese ao mantemento da carteira de servizos á cidadanía sempre que a situación económico-financeira o faga posible, debendo actuar responsablemente cando a sustentabilidade das finanzas provinciais estea en xogo, priorizando as políticas de maior importancia para o provincia e a súa cidadanía (en particular para aqueles colectivos en situación delicada), así como obrigándose a tomar decisións complexas (sobre as cales darán as convenientes explicacións aos membros da oposición política provincial e á cidadanía) cando o contexto o esixa.
- Negociar responsablemente. Os responsables políticos provinciais asumen o compromiso de que en todo proceso de negociación ante calquera tipo de colectivo, oposición política ou institución débense salvagardar os intereses colectivos e a sustentabilidade das finanzas públicas provinciais, pois non é unha actitude responsable hipotecar ás xeracións futuras ou endebedar de forma non sustentable as administracións

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

ou entidades provinciais. En todo proceso de negociación, as e os electos provinciais ourensáns comprométense a dicir que non, naqueles casos que sexa necesario, motivando razoablemente e con datos obxectivos todo tipo de negativa, apostando, en consecuencia, por un “non positivo”(xustificando) e responsable.

- Priorizar recursos escasos. Nun contexto de contención orzamentaria, as e os políticos provinciais ourensáns obríganse a xestionar responsablemente e con criterios de eficiencia e economía os recursos públicos de cada provincia. Iso implica realizar orzamentos provinciais realistas e axustados, implantar políticas de contención do gasto e de control do custo dos servizos, traballar co orzamento aliñado ás políticas provinciais e evitar así penalizar fiscalmente á cidadanía por mala xestión dos recursos públicos.
- Avaliar e supervisar as políticas públicas provinciais. Os cargos electos da Deputación de Ourense (membros do equipo de goberno) comprométense a avaliar e supervisar permanentemente os servizos e aquelas políticas que son da súa enteira responsabilidade, coa finalidade de evitar calquera tipo de desviación nos obxectivos e nos custos inicialmente previstos, así mesmo impedindo que tales desaxustes vaian en prexuízo da cidadanía. Para o exercicio de tales funcións basearanse nos respectivos equipos técnicos ou asesores técnicos.
- Articular redes e impulsar o Goberno Aberto. Os responsables da política provincial comprométense a desenvolver unha política de Transparencia e Goberno Aberto, así como a fomentar a construción de redes que, a través de intercambio de información e sinerxías, impulsen o desenvolvemento do goberno local e axuden a compartir solucións e reducir custos na prestación dos servizos. Os equipos de goberno da Deputación de Ourense promoverá así mesmo a gobernanza local intelixente mediante fórmulas de participación cidadá, de proximidade e deliberativas co fin de reforzar a confianza cidadá nas súas institucións.
- Liderar equipos. Os membros do equipo de goberno, singularmente o presidente da institución e o persoal directivo e funcionarios, comprométense a impulsar na Deputación de Ourense liderados baseados principalmente na persuasión e na exemplaridade, que desenvolvan a profesionalidade, cohesionen os grupos de directivos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

e empregados que traballan nun proxecto e axuden ao equilibrio e desenvolvemento emocional das persoas que traballan nas súas respectivas organizacións favorecendo a súa desempeño contextual, mediante a utilización así mesmo de sistemas de compensacións e incentivos. O liderado ben exercido debe servir de medio para unha mellor prestación dos servizos públicos á cidadanía.

- Non mesturar o institucional co partidista. En todas as comparecencias públicas de carácter institucional non se fará referencia algunha a forzas políticas. En roldas de prensa non se responderán preguntas que non versen sobre asuntos propios da Deputación. En ningún caso se farán declaracións de carácter político-partidista nun espazo físico onde figuren o escudo, a bandeira ou a denominación da institución provincial.

Art. 13.-Compromisos e responsabilidades que asumen as e os membros da oposición política da Deputación de Ourense

As persoas que integran a oposición política na Deputación de Ourense, así como aqueloutras persoas que apoien ao goberno provincial sen formar parte do mesmo, teñen a función institucional de exercer responsable e construtivamente a oposición política ao equipo de goberno, levando a cabo tal actividade con lealdade institucional e procurando, dentro dos ámbitos competenciais e dos recursos de que dispoña a provincia, o maior benestar da cidadanía.

O exercicio do papel institucional da oposición esixe controlar politicamente a acción do goberno provincial e tamén ofrecer á cidadanía propostas viables e sustentables para transformarse en alternativa efectiva de goberno.

Para ese efecto, os membros da oposición da Deputación de Ourense deberán asumir fronte á cidadanía os seguintes compromisos e responsabilidades:

- Representar dignamente á institución. Os membros da oposición adquiren o compromiso de representar dignamente á institución en todos aqueles actos, cerimoniais ou actividades institucionais que participen. A súa condición de representante institucional deriva da lexitimidade democrática que obtiveron nas urnas. Así mesmo, comprométense a desenvolver as súas funcións públicas lealmente, con especial corrección e contención no exercicio do cargo e no comportamento público e privado. A

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

corrección institucional presidirá, en todo caso, as súas relacións políticas e institucionais coa maioría ou co equipo de goberno da Deputación.

- Canalizar e comunicar eficazmente as demandas da cidadanía e escoitalrles activamente. A oposición provincial comprométese a vehicular de forma responsable as demandas cidadás co fin de que poida ser valoradas e, no seu caso, acollidas polo goberno provincial, exercendo para iso unha comunicación eficaz e unha escoita activa e atenta de todas as súas inquietudes, suxestións ou queixas da cidadanía, así como comprométese a non expor aquelas demandas que non teñan obxectivamente unha xustificación razoable e que poidan supor unha imposibilidade material de ser aceptadas polos elevados custos financeiros que as mesmas impliquen para o Deputación de Ourense e a propia cidadanía.
- Colaborar na definición dos obxectivos estratéxicos do provincia. As e os membros da oposición provincial comprométese a colaborar positiva e activamente xunto co equipo de goberno na definición daqueles obxectivos estratéxicos que axuden a debuxar o provincia do futuro e a través dos cales se poida facer política provincial coherente e sustentable en beneficio da súa cidadanía. Esa política de colaboración centrarase especialmente en todos aqueles instrumentos de planificación estratéxica, promovendo, no seu caso, a adaptación necesaria cando as circunstancias ou o contexto esíxano. Así mesmo, procurarán chegar a pactos ou acordos cos equipos de goberno na concreción das liñas básicas de actuación dos Plans de mandato ou Plans de Goberno pola mellora da calidade e eficiencia da propia Deputación de Ourense e da súa cidadanía.
- Priorizar políticas cando as finanzas públicas provinciais non permitan a intervención universal en todos os ámbitos da carteira de servizos ofrecida polo concello. Os membros da oposición provincial comprométese a exercer as súas funcións de proposta e control do equipo de goberno tendo especialmente en conta a situación das finanzas públicas provinciais e, atendendo o estado das mesmas, priorizar, de acordo co seu programa político, aquelas que, ao seu xuízo, sexan as máis necesarias en cada momento para facer fronte ás necesidades cidadás. Por conseguinte, terán especialmente en conta os recursos escasos, cando iso sexa necesario, procedendo a axustar ou adecuar a carteira de servizos a tales coordenadas financeiras e evitar así un estrangulamento das

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

finanzas provinciais e un desprazamento das obrigas financeiras ás futuras xeracións.

- Controlar a acción do goberno provincial e levar a cabo un seguimento dos obxectivos e resultados da súa xestión sobre as distintas políticas públicas. Unha das principais funcións institucionais da oposición é controlar a acción de goberno e erixirse en alternativa crible para os seguintes procesos electorais. Nese marco, os membros da oposición comprométese a levar a cabo un seguimento efectivo da política provincial, a dedicarse o tempo que sexa necesario ao desenvolvemento de tales funcións e a controlar os obxectivos e resultados da acción de goberno sobre os diferentes ámbitos das políticas públicas provinciais. Para o exercicio pleno destas funcións o goberno provincial porá á súa disposición todos os instrumentos e facilitará o acceso á información que sexa requirida pola oposición no marco do establecido na lexislación vixente.
- Solución de problemas e resolución dos conflitos. Os cargos electos pertencentes á oposición comprométese a coadxuvar, xunto co equipo de goberno, na solución razoable de todos aqueles conflitos ou problemas que afecten á súa comunidade. A responsabilidade última da xestión de tales problemas e conflitos teraa obviamente o equipo de goberno provincial, pero a oposición política promoverá mediante a súa acción mediadora e de control a procura de opcións que minimicen os custos públicos e satisfagan, á súa vez, razoablemente os intereses públicos e privados expostos en cada situación.
- Negociar responsablemente. Os responsables políticos provinciais da oposición asumen o compromiso de que en todo proceso de negociación ante o equipo de goberno ou ante calquera outra entidade, cidadá ou cidadán, débense salvagardar os intereses colectivos e a sustentabilidade das finanzas públicas provinciais. Así mesmo, asumen que non sería unha actitude responsable hipotecar ás xeracións futuras ou endebedar de forma non sustentable á provincia. En todo proceso de negociación, as e os políticos provinciais ourensáns da oposición comprométese a negociar responsablemente e a xustificar de forma explícita cales son as razóns que xustifican unha determinada toma de postura, coa finalidade de que a cidadanía poida coñecelas e, no seu caso, valoralas.
- Colaborar no impulso do Goberno Aberto e da Transparencia provincial. Os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

responsables da oposición política provincial comprométense a colaborar activamente no desenvolvemento dunha política provincial de Transparencia e Goberno Aberto, así como a fomentar a construción de redes que, a través de intercambio de información e sinerxías que axuden a compartir solucións e reducir custos na prestación dos servizos. As e os membros da oposición promoverán, dentro das súas funcións, a gobernanza local intelixente e os instrumentos de participación cidadá co fin de reforzar a confianza cidadá nas súas institucións.

TÍTULO IV- DO COMITÉ DE ÉTICA

A elaboración do Código Ético vai acompañada da creación dun Comité de Ética que valore e resolva os incumprimentos que puideran detectarse no seo da institución provincial.

O Comité de Ética constitúese como un piar máis da aposta da Deputación Provincial por dotarse de mecanismos de control e avaliación.

Deberá pronunciarse, sobre calquera conduta ou comportamento que sexa denunciado e que supoña un claro incumprimento ou violación do Código Ético da institución.

Art. 14.-O Comité de Ética

O Comité de Ética é o órgano independente que velará polo cumprimento do Código Ético e de Conduta dos cargos electos e do persoal ao servizo da administración provincial.

Constituirase, previa convocatoria do Presidente da Deputación, dentro dos tres (3) meses seguintes á aprobación do Código polo Pleno da Corporación Provincial de Ourense.

Art. 15.- Composición

A Composición do Comité de Ética será a seguinte:

- Un/unha profesor/a de recoñecido prestixio da área das ciencias sociais designado pola Universidade de Vigo.
- Un membro do Colexio de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administración Local, designado polo citado Colexio.
- Un/unha profesional de recoñecido prestixio designado polo Colexio de Avogados de Ourense.
- Un/unha profesional de recoñecido prestixio designado por Transparencia Internacional (un/unha politólogo/a)

Desempeñará a presidencia a/o vocal que leve máis tempo exercendo as funcións que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

posibilitaron a súa designación para formar parte do comité.

E como secretario/a, con voz pero sen voto, actuará un funcionario da Deputación Provincial de Ourense elixido por sorteo de entre os pertencentes ao corpo superior da administración provincial.

A pertenza ao Comité de Ética é gratuíta, sen remuneración, e só se sufragarán os gastos derivados da celebración das reunións que teñan que celebrarse para analizar algún asunto.

O mandato será por un prazo de cinco (5) anos, non prorrogables. As posibles baixas nun mandato serán cubertas por acordo do Pleno da Corporación.

En calquera caso o Comité de Ética reunirse polo menos dúas veces ao ano.

Art. 16.- Funcións

As funcións do Comité de Ética da institución provincial serán polo menos as seguintes:

- Velar polo cumprimento do Código Ético e de Conduta.
- Atender as posibles denuncias que se formulen con arranxo á existencia da citada norma e o seu posible incumprimento.
- Informar ao Pleno da Corporación mediante expediente informativo motivado dos posibles incumprimentos detectados.
- Resolver as dúbidas formuladas ao redor da aplicación do código.
- Elaborar un breve informe anual no que se explique o grao de cumprimento do Código e as denuncias recibidas ao longo do ano natural.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA: PLACAS EN OBRAS PÚBLICAS

A Deputación de Ourense comprométese a non colocar placas en obras públicas que poña en funcionamento co nome de persoas, erradicando así unha práctica política que foi común na xestión das administracións públicas durante o século XX.

A construción de equipamentos e infraestruturas públicas para dar satisfacción ás necesidades dos cidadáns xorden do cumprimento das obrigas asumidas polos responsables políticos no desempeño do seu cargo e con fondos públicos provenientes dos impostos que pagan os cidadáns, co que se considera innecesario dispor a colocación de símbolos e emblemas inaugurais co nome das persoas que presiden as diferentes administracións públicas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA: DEBER DE ABSTENCIÓN PROFESIONAL

Os membros da Corporación Provincial deberán absterse, unha vez finalizado o seu mandato e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

durante o prazo de tres anos, de desempeñar responsabilidades remuneradas que puidesen implicar trato de favor naquelas empresas coas que houberen contratado durante o seu mandato ou con aquelas pertencentes ao mesmo grupo de empresas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA: COMPROMISO ANTITRANSFUGUISMO

Os membros da Corporación Provincial de Ourense esixen o cumprimento estrito da normativa e pactos en materia de transfuguismo rexeitando expresamente calquera moción de censura que non se formule froito do acordo entre formacións políticas.

DISPOSICIÓN ADICIONAL CUARTA: INORDE

Este Código Ético e de Conduta é de aplicación tamén ao conxunto do persoal ao servizo do INORDE e doutros organismos autónomos, entidades públicas ou sociedades mercantís que puideran constituírse promovidos pola Deputación de Ourense.

DISPOSICIÓN ADICIONAL QUINTA: PLENO SOBRE O ESTADO DA PROVINCIA

Anualmente celebrarase o PLENO SOBRE O ESTADO DA PROVINCIA, no mes de novembro, e co formato que sexa acordado pola Xunta de Portavoces.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEXTA: CARTA DE SERVIZOS

A Deputación elaborará unha Carta de Servizos que reflecta a súa actividade e competencias. Un documento que informará á cidadanía sobre os servizos que xestiona a Deputación e os compromisos de calidade que fixa na súa prestación.

DISPOSICIÓN FINAL: PUBLICACIÓN

O presente Código Ético e de Conduta publicarase no Boletín Oficial da Provincia, para xeral coñecemento, previa aprobación polo Pleno da Corporación Provincial.

3º.- ORDENANZA REGULADORA DOS PROCEDIMENTOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO E LABORAL TEMPORAL AO SERVIZO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, manifesta que actualmente a Deputación conta cunha ordenanza reguladora aprobada definitivamente en xaneiro de 2004. Esta ordenanza, que nace logo de sucesivas propostas do BNG, nunca chegou a pórse en práctica sendo papel mollado durante todos estes anos. Nin tan sequera incorporou as

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

modificacións legislativas producidas no que teñen que ver co Estatuto do Empregado Público e mesmo foi declarada ilegal por un xuíz trala denuncia dun opositor. O fallo do xuíz do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Ourense, que non só se centra na ordenanza de contratación temporal, senón no modo e maneira no que se leva contratado no INORDE, é demoledor ao sinalar que o sistema utilizado pola institución provincial infrinxe os principios de interdicción da arbitrariedade, publicidade, seguridade xurídica, transparencia e obxectividade que rexen este tipo de procesos selectivos. Quere lembrar o que no debate de setembro de 2003, onde se aprobou inicialmente a ordenanza, a entón deputada do BNG, D.^a Tereixa Paz, dicía ao respecto, porque 11 anos máis tarde recobra total vixencia: *A Sra. Paz Franco, do BNG, considera que se trata dunha ordenanza parcial, e que se están regulando os aspectos menos importantes, xa que a maior parte do persoal queda fóra desa ordenanza. Exclúese todo o persoal que se contrata en programas subvencionados e de emprego. A lista baremada xa se elaborou hai 8 anos (ano 1995) e non se aplica producindo unha expectativa de emprego e unha ilusión que nunca se cumpre. Cre que a deputación está xogando co raquitismo económico, social e empresarial de Ourense, e actúa como unha empresa de traballo temporal, aproveitándose da situación existente*". Pois ben, pasados 11 anos daquela, e 6.000 euros menos, a Deputación elabora unha nova ordenanza, que, aínda que mellora á anterior nalgúns cuestións segue adocendo dos mesmos vicios. Por certo, á hora de pagarlle a quen elaborou a ordenanza, deberían detraérselle os cartos en función das numerosas reunións da Mesa Xeral de Negociación, que son os verdadeiros artífices dela. Non facía falla, visto o resultado, ter que acudir fóra cando se podía, perfectamente, ter como punto de partida a ordenanza que hoxe está en vigor. Aforrariamos a nada desprezable cifra de 6.000 euros. En canto á ordenanza, quere facer as seguintes puntualizacións: incúmprase o principio de imparcialidade toda vez que os tribunais de selección do persoal da Deputación non sexan elixidos por consenso das partes representadas na Mesa Xeral de Negociación (sindicatos e administración). De aí que coincidan co expresado na Mesa Xeral de negociación co representante da CIG a respecto de que non poidan formar parte dos tribunais de selección, persoas que ostenten cargos directivos en partidos políticos e sindicatos, así como representantes políticos nas institucións públicas. De igual modo, consideran que o coñecemento da lingua galega non pode quedar ao albor do que digan as bases reguladoras en cada caso, senón que debe ser un requisito o posuír un nivel adecuado ao posto de traballo para desempeñar. A ordenanza presenta varias obxeccións, que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

fan dubidar da súa eficacia na aplicación, entendendo por tal que se seleccione ás persoas con máis capacitación baseándose en criterios obxectivos, co que tamén se evita a discriminación e favoritismo (enchufismo). En concreto: o baremo aplicado é xenérico, co que pode dar pé a valoracións diverxentes en distintos procesos, e incluso a maior discrecionalidade das comisións. Así, por exemplo, a experiencia profesional na mesma categoría, ao expresarse xenericamente, intúese que é válida tanto a prestada nunha administración como nunha empresa privada. Porén, ao non ser ámbitos homologábeis, iso pode dar pé tanto a conflitos de interpretación, como a interpretacións ambiguas, favorecendo a discrecionalidade. Neste aspecto, debería perfilarse clara e separadamente o baremo, para que non houbera ou existise a mínima marxe de apreciación polas comisións. O mesmo, aínda que máis agravado no caso dos cursos, pois métese nun mesmo caixón cursos que conduzan a titulacións académicas adicionais á que se esixe para o posto, cursos de institucións oficiais (Servizo Galego de Colocación, por exemplo) con cursos da formación non regrada nin homologada, que tendo en conta a pouca regulación neste ámbito, pode dar pé á valoración como cursos con igual valor aqueles feitos por pseudo empresas de formación, asociacións, etcétera, con doutoramentos, titulacións adicionais, varios ciclos formativos que estean regulados no sistema de formación profesional, etcétera. Realmente, pode ser absolutamente discrecional o resultado, pois non se distingue a calidade dos cursos, algo que debería ficar perfectamente definido. A comisión de control, pola composición, é a comisión do presidente, pois desde o punto de vista da Deputación, ocupa todos os cargos: directamente a presidencia, e indirectamente ao designar aos tres vocais. Sendo que se trata de controlar a aplicación dun procedemento de contratación temporal aprobado polo Pleno, debería ter, cando menos na parte representada da administración, unha composición proporcional á dos grupos políticos, con garantía de representación de todos. Hai fórmulas, a través do voto ponderado que permitirían a participación co respecto das regras de xogo democrático. Así, ademais da regulación mínima que se dá nos baremos, que permitirán unha discrecionalidade (e conflitividade), tamén se lle outorga o control a unha comisión que terá unha designación unilateral do presidente, co que está claro que se pretende seguir controlando toda a política de contratación de persoal desde a Presidencia. Por todo o anterior exposto, adianta que o grupo provincial do BNG vai votar en contra.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que esta é outra cuestión que vén ao caso que ten moito que ver coa ética, e que, aínda que pareza que non, coas normas aplicadas á política, e por moitas normas que se traian aquí se despois non se aplican á hora de poñelas en valor, dá o mesmo cantas máis se traian. Di que o Sr. Álvarez Dobaño poderá ler o que poña o secretario, pero el non acusou a ninguén, deu datos obxectivos e nos documentos desta casa están reflectidos os traballadores que hai, polo que el non fai demagogia nin acusacións de ningún tipo. Falaba da ética e non dos xulgados. Pesan que non vén ao caso aprobar esta ordenanza, porque xa había outra que non se cumpría, e por riba esta custa cartos. Estas ordenanzas xa se aplican hai tempo noutros sitios, incluso o Sr. Álvarez Dobaño copia ideas que tiveron algúns nalgún concello que ten que ver con el. Que non se vai aplicar esta ordenanza non o di el, senón que o din os sindicatos, ademais está feita sen o consenso de ninguén. A ocorrencia anterior non custou cartos pero esta nova ocorrencia si custa cartos. Xa deixou bastante claras as cousas o portavoz do BNG en canto aos integrantes das comisións de seguimento, e volvemos estar igual que antes. A contratación de persoal desta casa na época deste presidente é a mesma que co anterior, como o demostra unha noticia que di que *“el hijo de otro alcalde de Baltar obtiene plaza en la Diputación”; el edil del PP que fichó la Diputación para un punto limpio dice que es el mejor preparado; la hija del director del INEM es la única aspirante de una plaza de la Diputación*”. Isto sen falar das contratacións de asesores ... (que como di el son contratacións en B). Pensa que é un sen sentido querer que a oposición trague isto. Loas o labor do portavoz do Grupo Popular, porque co presidente que ten a que lle caeu enriba non é pouca. O Sr. presidente, dentro desas entrevistas que fai, dicía que non sabía cantos traballadores desta casa eran militantes ou afiliados do Partido Popular, e que non lle preocupaba esa cuestión, falando en castelán (despois ben presumir de ourensanía). Fai unha proposta para que poñan na ordenanza que aqueles que queiran acceder a un posto de traballo na Deputación teñen que ter vinculación co Partido Popular, e así remataría o debate. No Partido Popular saben moi ben comparar os gobernos e saben moi ben embarrar o campo, pero quen ten a última palabra son os cidadáns para dicir se se fai ben ou mal. Non cre nesta ordenanza porque vai seguir sendo o mesmo e porque hai outras cousas que priman sobre os intereses do goberno provincial. Xa veremos que contratacións se fan ao longo do ano 2015.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Socialista, di que o grupo de goberno segue na teima de mirar para diante e trata de modernizar esta institución na medida do posible.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

A valoración de todo farana os cidadáns, que son os que deciden quen goberna. En canto á ordenanza, manifesta que despois doutras moitas, nas reunións do 11, 15 e 22 de abril de 2014, a Mesa Xeral de Negociación concluíu un longo proceso de negociación (data de novembro de 2013) iniciado entre a Deputación Provincial e as organizacións sindicais representadas na dita Mesa, relativo ao proxecto da ordenanza que nos ocupa, que pretende substituír á de xaneiro de 2004 que xa está anticuada e incluso en moitos dos seus preceptos de dubidosa regularidade (aínda que se corruxiron). Como ben se di na proposta da Presidencia, nas ditas reunións non se acadou un acordo entre as partes, dado que a Xunta de Persoal, o Comité de Empresa e CCOO manifestaron a súa abstención respecto do proxecto, se ben a valoraron positivamente (incluso falan dunha abstención positiva), e lembra que este tipo de cuestións non é preciso votalas. Os sindicatos valoraron o esforzo negociador do grupo de goberno; a incorporación ao proxecto de ordenanza do procedemento de listas previas mediante concurso para a selección de persoal das categorías profesionais do subgrupo C2 (auxiliares administrativos) e as agrupacións profesionais sen titulación. A CIG rexeitou a posibilidade de acordo pola súa desconformidade no relativo á composición dos tribunais de selección e á regulación das funcións encomendadas á Comisión de Control e Seguimento, se ben valoraron positivamente a negociación levada a cabo. Deste xeito, o proxecto inicial, como resultado do debate, resultou modificado en diversos aspectos que o grupo de goberno aceptou de bo grado, destacando os seguintes: en primeiro lugar, e no que atinxe á ampliación do procedemento de selección mediante listas previas e a súa configuración como concurso (e non como concurso-oposición) optouse pola súa regulación como un procedemento autónomo (e non como modalidade de procedemento ordinario). Doutra banda, régúlase o seu ámbito de aplicación, establecendo que será o empregado para a selección de persoal de oficios e persoal auxiliar (entendendo como tal o correspondente a calquera categoría profesional do subgrupo C2 - ou equivalente no caso do persoal laboral - e de persoal correspondente a agrupacións profesionais sen requisito de titulación). Deste xeito, establécese un límite claro e definido para a utilización de cada un dos dous procedementos ordinarios: o de concurso - oposición procederá para a selección do persoal de categorías profesionais correspondentes aos subgrupos C1 e superiores (ou os seus equivalentes para o persoal laboral) e o de lista empregárase para o persoal dos subgrupos C2 ou inferiores. Quere destacar tamén que en canto ao procedemento de concurso para a formación de listas previas establécese o carácter permanente destas listas para a selección do

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

persoal temporal das categorías profesionais do seu ámbito de aplicación (isto é novo e a proposta do Grupo Popular) A lista estrutúrase en dúas seccións, A e B, das que unha delas estará integrada por aspirantes que carezan de experiencia laboral ou teñan unha experiencia laboral inferior a seis meses, garantindo a rotación na contratación entre ambas listas (de tal xeito que unha de cada dúas contratacións deberá realizarse cun candidato da lista B) como fórmula para facilitar o acceso ao emprego das persoas sen experiencia laboral. A regulación proposta prevé a renovación anual das listas, baseándose, polo demais, en canto ao procedemento a seguir, na regulación establecida na precedente Ordenanza de selección de persoal temporal de xaneiro de 2004. Non obstante, se prevé un órgano específico de selección – a comisión de valoración – diferente á comisión de control e seguimento, ao estimarse que o dito órgano de selección debe adaptarse ao establecido no artigo 60 do EBEP. No relativo ás propostas da Xunta de Persoal e do Comité de Empresa respecto da apertura da composición dos tribunais de selección ao persoal laboral fixo e o carácter voluntario da participación nos tribunais para os empregados públicos provinciais, introdúcese as modificacións necesarias no artigo 8 para a incorporación do solicitado. No que se refire ao resto de alegacións formuladas pola Xunta de Persoal e polo Comité de Empresa, fórmulanse diversas consideracións que constan na proposta da Presidencia, e cita o seguinte: a Xunta de Persoal solicita que no concurso – oposición a valoración do concurso se limite ao 30 %, en tanto que o Comité de Empresa pide que se limite ao 20 %. Esta solicitude, á súa vez, semella contraditoria coa posición mantida polo sindicato CCOO, partidario do emprego xeneralizado do concurso (que, de feito, pasará a ser o procedemento ordinario para a selección de persoal do subgrupo C2 e as agrupacións profesionais sen requisito de titulación). Ante esta situación, a Presidencia e o equipo de goberno consideran oportuno manter a porcentaxe prevista no proxecto inicial, dun 40 %, que en todo caso ten carácter de máximo. A renovación anual das listas previas inclúese na regulación proposta no novo artigo 5. Reitera as negociacións coa Xunta de Persoal, o Comité de Empresa, CCOO e CIG (lembra que CSI-CISF non asistiu ás últimas reunións). O grupo de goberno está de acordo co texto proposto, que é o mellor que poden presentar neste momento. Dille á oposición que as propostas que fixeron puideron telas feito antes do Pleno (incluso debatelas en comisión), de todos modos agora hai un prazo de 30 días hábiles para exposición pública, no que se poden facer as alegacións e suxestións que se estimen pertinentes.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, reitera o voto en contra do seu grupo e, aínda que non está no tema, comenta que o reloxo que ten enfronte chama á confusión, polo que pide que se cambie, xa que non quere estar pasmado cos *smartphones* e coas tablets como están moitos.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que todo o que leu o Sr. Álvarez Dobaño está moi ben. Os sindicatos levantáronse por unha cuestión, porque se non se consulta cos traballadores e para ir levantar a man, seguramente moitos non queren participar. Esta é algunha das conclusións ás que se chega. Pódese ter a vontade de negociar con educación, outra cousa é estar de acordo coas cuestións que se formulan. Para finalizar fai a seguinte reflexión: ao mellor a quen había que convencer é aos cidadáns de que aquí teñen unha oportunidade (vai ser difícil) deixándose de ordenanzas; convencer ás academias que preparan oposicións de que aquí hai unha oportunidade (porque non as preparan). Se isto non é obxectivo non se entende como só pode haber un aspirante para un posto de traballo, que, seguramente, noutra administración pública habería miles de persoas para acceder a ese posto. Presentan esta ordenanza e pintan todo moi bonito, pero se os cidadáns seguen vendo os titulares que mencionou antes, non hai ordenanza que sirva para nada. Recoñece que o seu partido tamén fixo cousas mal, pero toman nota para corrixir esas cousas, como, por exemplo, o de ter experiencia previa, porque iso beneficia sempre aos mesmos. Os cidadáns teñen que crer, porque no concello onde el goberna tiveron máis de setecentas solicitudes para postos de traballo, que nin sequera son postos de traballo para cubrir, senón que son para substituír por baixas laborais ou por problemas similares. Os cidadáns cren nas cousas cando o que se ofrece se cumpre ao pé da letra.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, de novo, e sen acritude, porque lle pareceu que eran os voceiros da CIG, invítaos a que fagan as achegas que consideren oportunas no prazo de exposición ao público. Dille ao Sr. Gómez Pérez, dentro do bo rolo que teñen, que as acusacións poden ser directas ou sibilinas. Dálle a impresión de que á oposición o que máis lle preocupa desta ordenanza é o texto inicial que redactou alguén. Este texto foi mellorado considerablemente coas achegas duns e doutros. Dados os sorrisos da Sra. Vázquez di que non quere falar de asistencias técnicas, porque senón tería moito que dicir. En canto á experiencia previa, di que, a proposta do Grupo Popular, se incluíu esa lista B, e de cada tres postos un deles e para darlle oportunidade á xente que non ten experiencia. Para o Grupo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

Popular esta ordenanza vai supoñer un antes e un despois na contratación de persoal nesta Deputación.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora dos procedementos de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, co seguinte texto:

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

1. A presente ordenanza ten por obxecto regular os procedementos de selección de persoal laboral de carácter temporal por parte da Deputación de Ourense.

2. Os procedementos regulados na presente ordenanza serán de aplicación, no non disposto pola lexislación vixente, para a selección de funcionarios interinos.

3. Exclúense do ámbito de aplicación desta ordenanza os contratos laborais que se realicen con persoas físicas no marco de relacións de cooperación ou colaboración con outras administracións públicas para programas de fomento de emprego e inserción laboral, escolas - obradoiro e casas de oficios.

A realización dos contratos temporais aos que se refire este apartado rexerese polo que establezan as normas específicas reguladoras dos correspondentes planos ou programas de actuación ou, se é o caso, polos convenios interadministrativos que se establezan para o efecto.

Non obstante o anterior, a baremación de méritos establecida na presente ordenanza seralles de aplicación subsidiaria aos procedementos para a selección de persoas para os contratos aos que se refire este apartado, nos supostos en que a aplicación da súa normativa específica non permita completar o proceso de selección.

4. Queda absolutamente excluído do ámbito de aplicación desta ordenanza o nomeamento de persoal eventual para funcións de confianza ou asesoramento especial dos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

órganos de goberno da Deputación Provincial. Este persoal cesará, de xeito automático, cando cese a autoridade á que prestan asesoramento.

Artigo 2.- Clases de procedementos de selección de persoal temporal.

A selección do persoal temporal da Deputación Provincial levarase a cabo exclusivamente a través dalgún dos seguintes procedementos:

a) Procedemento de concurso – oposición.

b) Procedemento de concurso para a formación de lista previa.

c) Procedemento urxente, que se aplicará de xeito excepcional, e exclusivamente nos supostos definidos no artigo 7 da presente ordenanza.

Artigo 3.- Actuacións previas á contratación temporal.

1. Co fin de salvagardar os principios de eficacia e eficiencia no funcionamento da administración provincial, previamente á realización de calquera contrato temporal ou nomeamento de funcionario interino será preceptiva a realización dos seguintes trámites, para os efectos de verificar a necesidade, viabilidade e características da contratación proxectada:

1) Informe da dirección da área interesada, que deberá detallar os seguintes extremos:

a) Xustificación da necesidade da contratación proxectada, especificando as concretas circunstancias que a fan necesaria e a imposibilidade de facerlles fronte a esas necesidades mediante o persoal dispoñible; cando isto sexa posible, sinalarase a duración de contrato que se estime precisa, ou, se é o caso, definirase a súa duración máxima por referencia á dimensión temporal da situación que determine a necesidade da contratación; no caso de contratos por obra ou servizo, definirase ademais con toda precisión a obra ou servizo determinada pola que se require a contratación.

b) Perfil académico - profesional requirido para desempeñar as tarefas obxecto de contrato laboral temporal.

2) Informe do Servizo de Recursos Humanos acreditando a falta de persoal dispoñible

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

tamén noutros servizos que puidesen cubrir as necesidades requiridas pola unidade administrativa interesada que solicita a contratación.

3) Fiscalización previa pola Intervención, co fin de verificar a existencia de crédito adecuado e suficiente para a contratación.

2. Cando se leven a cabo contratacións ou nomeamentos mediante o emprego de listas previas, os trámites regulados no presente artigo serán esixibles con carácter previo á celebración de cada contrato ou contratos determinados coas persoas preseleccionadas que integren a lista, e irán referidos á necesidade e viabilidade orzamentaria deses concretos contratos.

3. Unha vez realizados os trámites precedentes, a Presidencia acordará a realización da contratación proposta, ben ordenando a elaboración das bases que haxan de rexer o procedemento de concurso – oposición ou urxente de contratación, ben - nos casos nos que proceda a utilización do procedemento de selección mediante concurso para formación de lista previa, ou existan listas previas formadas a través dun concurso – oposición - ordenando directamente a contratación das persoas preseleccionadas ás que corresponda pola súa orde na lista.

Artigo 4.- Do procedemento de selección mediante concurso - oposición

1. O procedemento de selección mediante concurso – oposición será de aplicación para a selección de persoal laboral temporal ou funcionario interino das categorías profesionais correspondentes aos subgrupos de titulación C1, B, A2 e A1

2. O procedemento terá por obxecto a selección das persoas coas que se realizará un contrato temporal ou nomeamento interino, no número e características que sinale cada convocatoria. Non obstante o anterior, as persoas que superasen a fase de oposición do proceso selectivo e non acadasen puntuación suficiente para a súa contratación ou nomeamento para os postos convocados, pasarán a integrar unha lista de reserva para posibles novas contratacións ou nomeamentos da categoría profesional de que se trate. Esta lista estará vixente durante un prazo de dous anos, durante o cal non será preciso realizar

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

novos procesos selectivos de persoal da categoría profesional correspondente, procedéndose ao seu nomeamento ou contratación directa pola orde da lista.

No non previsto neste artigo, serán de aplicación, para a xestión destas listas, as normas establecidas no artigo 5.

3. Acordada a realización da contratación conforme co establecido no artigo 3, cando non existan listas previas referidas aos postos de traballo de que se trate, nin concorran os supostos de excepcional urxencia regulados no artigo 7, o Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial procederá a elaborar as bases correspondentes, seguindo as instrucións da Presidencia, e sempre con respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. As ditas bases someteranse ao informe da comisión de control e seguimento e posteriormente elevaranse á Presidencia para a súa aprobación.

4. As bases regularán o procedemento selectivo e a súa convocatoria, consonte coas seguintes regras:

a) O procedemento de selección será o concurso – oposición.

Para a avaliación de cada proceso selectivo designarase, mediante sorteo público e conforme co previsto no artigo 8, un tribunal específico de selección, sen prexuízo das atribucións da comisión de control e seguimento.

b) A convocatoria anunciarase no BOP de Ourense e na sede electrónica da Deputación ou das súas entidades públicas dependentes, cando sexan estas as convocantes, e sen prexuízo do uso de calquera medio de publicación complementario que se estime oportuno.

c) O prazo de presentación de instancias será como mínimo de 7 días naturais, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP.

d) Terán dereito a participar nos procesos selectivos as persoas que, cumprindo os requisitos xerais para o acceso ao emprego público esixidos pola lexislación vixente, posúan a titulación ou formación académica esixida para cada categoría profesional. Na medida do posible, e sempre de acordo co establecido na lexislación vixente, as bases establecerán a apertura ao maior número de titulacións existentes, sempre que as ditas titulacións permitan

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

presumir, en atención ao contido dos respectivos graos formativos, un nivel de coñecemento suficiente para as funcións propias da categoría ou posto de traballo de que se trate.

e) As convocatorias reservarán sempre unha porcentaxe non inferior ao 7 % do número de postos previstos para ser cubertos por persoas con discapacidade, agás naqueles casos en que, pola natureza das categorías profesionais ou postos de traballo para cubrir, non sexa posible a súa provisión por persoas con determinadas discapacidades que determinen a súa falla de capacidade funcional para o desempeño dos postos. Nestes casos, as bases determinarán as exclusións aplicables.

f) Unha vez concluído o prazo de presentación de instancias, aprobarase a relación de admitidos e excluídos, designarase o tribunal de selección conforme co establecido no artigo 8 e outorgarase un prazo de dez días hábiles para reclamacións, que poderán ter como obxecto a admisión ou exclusión de aspirantes e a elección do tribunal de selección. Unha vez resoltas as ditas reclamacións, anunciaranse na sede electrónica as datas de realización de valoración dos méritos achegados e de realización da proba práctica.

g) O tribunal de selección estará integrado por seis membros, conforme co establecido no artigo 8 da presente ordenanza.

h) A fase de concurso será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio e non poderá supoñer nunca máis do 40% do total da puntuación. A valoración dos méritos será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación no prazo máximo de cinco días hábiles dende a data da súa realización.

i) A proba práctica estará relacionada de xeito directo cos cometidos propios do tipo de posto de traballo, e será determinada polo tribunal de selección na mesma data da súa realización, no marco do previsto nas bases. As actuacións desenvolvidas na reunión na que se estableza o contido da proba para realizar recolleranse na acta correspondente. A corrección da proba levarase a cabo e será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación no prazo máximo de cinco días hábiles, agás que concorran causas excepcionais que o impidan, suposto no que, trala autorización expresa previa da Presidencia, poderá prorrogarse o dito

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

prazo ata un máximo de dez días naturais. Nesta mesma publicación, incluírase a proposta de resolución formulada polo tribunal.

k) Efectuadas as publicacións sinaladas, o presidente do tribunal remitiralle o expediente completo ao presidente da comisión de control e seguimento, que procederá á súa convocatoria para a emisión do informe preceptivo correspondente.

No suposto en que o informe da comisión fose desfavorable á proposta do tribunal, devolveráselle o expediente a este, co fin de que emita o informe ao respecto que considere oportuno.

l) Emitido o informe da comisión, e, se é o caso, do tribunal, a Presidencia resolverá conforme coa proposta do tribunal, agás que, de xeito motivado, considere que a dita proposta infrinxe as bases reguladoras ou a normativa vixente. Neste suposto, a Presidencia requirirá do tribunal a formulación dunha nova proposta na que se emenden as deficiencias advertidas. O tribunal, motivándoo suficientemente, poderá manter a súa proposta orixinal, que vinculará á Presidencia, sen prexuízo da potestade dos órganos da administración provincial de acordar a declaración de lesividade ou a revisión de oficio da resolución de que se trate, cando se estime procedente conforme coa lexislación aplicable.

Artigo 5. Do procedemento de concurso para a formación de listas previas.

1. O procedemento de concurso para a formación de listas previas será de aplicación para a selección de persoal laboral temporal ou funcionario interino das categorías profesionais correspondentes ao subgrupo C2 e ás agrupacións profesionais sen requisito de titulación da Deputación Provincial e dos seus organismos ou entidades de dereito público dependentes.

2. O método de selección para a formación de listas previas de contratación será, exclusivamente, o de concurso, empregando o baremo establecido no artigo 6.

3. As listas previas terán carácter permanente, sendo obrigatoria a súa formación para as categorías profesionais do nivel de titulación que constitúe o seu ámbito a partir da entrada en vigor da presente ordenanza, sen prexuízo da súa renovación periódica conforme co

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

establecido no apartado 10 do presente artigo.

Cando a Deputación Provincial recoñeza ou cree novas categorías profesionais para as que non exista lista previa, deberá procederse á convocatoria correspondente.

As categorías profesionais serán definidas anualmente no Plan de ordenación de recursos humanos da Deputación, ou instrumento equivalente.

As listas previas terán carácter único para a Deputación Provincial e os seus organismos ou entes de dereito público dependentes.

4. Terán dereito a ser incluídas nas listas todas as persoas que reúnan os requisitos legais para o acceso ao emprego público nas categorías profesionais correspondentes.

*5. Existirá unha lista previa para cada categoría de persoal laboral e funcionario do subgrupo C2 e das agrupacións profesionais sen requisito de titulación, respectivamente. Cada lista, á súa vez, dividirase en dúas seccións, identificadas polas letras A) e B). Na sección A) incluíranse os aspirantes que posúan como mérito avaliable os servizos previos prestados **por tempo superior seis meses** na categoría correspondente na Deputación Provincial ou noutras Administracións Públicas ou no sector privado. Na sección B) incluíranse os aspirantes que non posúan ditos méritos. As dúas seccións utilizaranse alternativamente para realizar as contratacións ou nomeamentos, verificándose os chamamentos de xeito que por cada **dous** contratos ou nomeamentos que se realicen, o primeiro corresponderá á sección A), e o seguinte á sección B), e así sucesivamente. Ningún aspirante poderá acceder de xeito simultáneo ás dúas seccións da lista, e serán incluídos de oficio pola comisión na sección que corresponda, de conformidade co que resulte da certificación de vida laboral que obrigatoriamente deberán presentar os aspirantes.*

Os integrantes da sección B) pasarán a ser incluídos de oficio na sección A) en cada renovación anual da lista, cando conste que adquiriron como mérito avaliable o de servizos prestados por tempo superior a seis meses na categoría correspondente na Deputación Provincial ou noutras Administracións Públicas ou no sector privado.

6. A orde da lista virá determinada pola puntuación obtida no concurso. Non obstante o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

anterior, e para dar cumprimento á reserva do 7 % dos postos ao seu favor, as persoas con discapacidade terán dereito a un de cada quince postos de cada sección da lista, aínda que a súa puntuación corresponda cun posto inferior. Esta regra non será de aplicación cando a puntuación obtida xa lles dea dereito a un posto en cada quincena da lista.

7. As bases reguladoras da convocatoria dos concursos para a formación das listas previas determinarán o xeito de acreditar os méritos, os requisitos de presentación de instancias, o modo de realizarse os chamamentos para a contratación, e cantos outros extremos sexan precisos para unha axeitada xestión do procedemento. En todo caso, a convocatoria farase pública mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e na sede electrónica da Deputación, e o prazo de presentación de solicitudes será, como mínimo, dun mes.

As bases determinarán a composición da comisión de valoración, axustándose ao previsto no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público.

As bases serán aprobadas pola Presidencia, tralo informe da comisión de control e seguimento prevista no artigo 9 da presente ordenanza.

8. Concluído o prazo de presentación de instancias, a comisión de valoración prevista procederá a formular unha proposta de listas previas. A proposta da comisión someterase a información pública por prazo de dez días, para os efectos de reclamacións dos interesados. As alegacións, de ser o caso, serán informadas pola comisión, que lle elevará proposta definitiva á Presidencia, para a aprobación das listas e a súa publicación no BOP e na sede electrónica da Deputación, sen prexuízo da súa inmediata executividade.

Con carácter previo á súa aprobación pola Presidencia, a proposta da comisión de valoración deberá ser obxecto de informe pola comisión de control e seguimento.

9. A lista previa de contratación terá un prazo de vixencia indefinida a contar dende a publicación da súa aprobación no BOP, debendo cubrirse obrigatoriamente as necesidades de persoal temporal da Deputación Provincial para os postos de traballo aos que se refira a lista mediante a contratación ou nomeamento directo das persoas incluídas, seguindo a súa orde de colocación na lista. A medida que se vaian extinguindo os contratos realizados, as persoas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

contratadas pasarán a ocupar de novo o posto que consonte coa puntuación obtida lles corresponda na lista, podendo volver ser contratadas se xurdise a necesidade. Sen prexuízo do anterior, os integrantes das listas que, en virtude dos contratos realizados ao abeiro deste sistema, adquiran o dereito á prestación por desemprego, pasarán a ocupar o último lugar da lista.

10. As listas renovaranse anualmente, mediante convocatoria realizada para o efecto conforme co sinalado nos apartados 7 e 8. Na dita convocatoria anual de renovación poderán integrarse novos candidatos, e os xa incluídos poderán actualizar os seus méritos. Ademais, nesta renovación anual a Deputación Provincial revisará de oficio a lista de integrantes da sección B), incluíndo na sección A) a aqueles que, na data de remate de prazo de presentación de instancias para a renovación, acadaran méritos por servizos prestados por tempo superior a seis meses na correspondente categoría.

11. No suposto de que un integrante da lista rexeitase a contratación ofrecida pola Deputación, excluíráselle desta con carácter definitivo, agás que o rexeitamento estea motivado por causa de forza maior ou pola concorrencia de circunstancias especiais que motivasen unha baixa regulada para un traballador activo da Deputación.

12. Nos supostos nos que xurdise a necesidade dunha contratación temporal para un posto dos reservados á lista, e todos os integrantes da dita lista tivesen contratos en vigor coa Deputación Provincial, realizarase unha convocatoria específica para ampliación da lista previa, que se tramitará de forma urxente, reducíndose á metade os prazos previstos para este procedemento. Non obstante, poderá empregarse o procedemento excepcional de urxencia se concorren os requisitos establecidos no artigo 7.

13. A simple integración nunha lista para contratación temporal non dará lugar á existencia de relación laboral ningunha coa Deputación, senón unicamente o dereito a ser contratado ou nomeado nos supostos nos que a Deputación Provincial aprecie a existencia da necesidade de realizar contratos para postos reservados á lista de referencia, nos termos e condicións que sinala a administración provincial conforme co establecido no artigo 3.

Artigo 6.- Baremo de méritos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

1. O baremo de méritos para utilizar nas fases de concurso en todos os procedementos será o seguinte:

a) Polos servizos prestados na mesma categoría profesional: 0,15 puntos por mes ou fracción.

O cómputo realizarase sumando o tempo total de servizos prestados expresado en días e dividíndoo por trinta, aplicándolle ao cociente resultante o coeficiente de puntuación que corresponda segundo o baremo.

b) Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional, relacionado coas funcións para desenvolver:

- Por cursos de 20 a 59 horas: 0,5 puntos por curso.

- Por cursos de 60 a 99 horas: 0,75 puntos por curso.

- Por cursos de 100 ou máis horas: 1 punto por curso.

2. Adicionalmente aos méritos establecidos no apartado anterior, as bases reguladoras poderán establecer, no caso de postos nos que o emprego do idioma sexa especialmente relevante, a valoración como mérito do coñecemento da lingua galega nun grao superior ao esixido como requisito en cada convocatoria, establecendo a puntuación correspondente en atención á natureza da praza.

3. De producirse empate na puntuación, a orde de desempate establecerase do xeito seguinte:

- Pola maior puntuación no apartado a) do baremo; no seu defecto, pola maior puntuación no apartado b).

- De persistir o empate, por orde alfabética, a partir da letra inicial que resulte do último sorteo anual efectuado pola Xunta de Galicia para os seus procesos selectivos.

Artigo 7. Procedemento de urxencia.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

1. Poderase utilizar o procedemento especial que prevé o presente artigo en casos excepcionais de urxencia, considerando como tales exclusivamente os seguintes:

a) Contratos necesarios para atender as actuacións realizadas pola Deputación Provincial en supostos de catástrofe ou calamidade pública, cando non exista lista previa para a contratación.

b) Cando os prazos do procedemento ordinario non permitan satisfacer as necesidades que motivan a contratación.

En todo caso, o emprego do procedemento de urxencia deberá quedar suficientemente motivado no expediente, mediante informe do Servizo de Recursos Humanos no que se demostre a concorrencia dos supostos previstos nos apartados anteriores.

2. O procedemento de urxencia consistirá en realizar un procedemento simplificado, coas seguintes regras especiais:

a) O prazo de presentación de solicitudes non poderá ser inferior a tres días naturais.

b) Non serán esixibles o trámite de alegacións á lista de admitidos e excluídos e á elección do tribunal, sen prexuízo da posibilidade de impugnación do acto que poña fin ao procedemento por posibles infraccións nestes aspectos.

c) Será esixible o informe previo da comisión de control, que, de ser necesario, poderá ser convocada con carácter de urxencia.

d) O método de selección será o concurso, empregándose o baremo de méritos establecido no artigo 6.

e) A duración máxima dos contratos realizados ao abeiro do procedemento previsto neste artigo será de tres meses.

Artigo 8. Tribunais de selección.

1.- O tribunal de selección estará formado por seis membros, integrándose por un presidente, catro vogais e un secretario que actuará con voz pero sen voto.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo de calquera administración pública.

A súa composición será estritamente técnica e deberán posuír unha titulación académica que acredite coñecementos nas materias que integren o temario do proceso selectivo.

Na medida do posible tenderase a respectar a paridade na súa composición de conformidade con establecido no artigo 60 do Estatuto básico do empregado público.

2. Os membros do tribunal con dereito a voto serán designados mediante sorteo que se realizará en acto público, na data e lugar que indiquen as bases do procedemento. O secretario do tribunal será designado pola Presidencia, entre funcionarios do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial.

3. O presidente e dous vogais serán elixidos por sorteo entre empregados públicos da Deputación Provincial de Ourense, ou das súas entidades públicas dependentes cando sexan estas as que vaian realizar a contratación. Os dous vogais restantes deberán ser empregados públicos pertencentes a outras administracións públicas galegas diferentes á Deputación Provincial de Ourense a ás súas entidades dependentes.

Para estes efectos, trala autorización previa dos órganos competentes de cada administración pública, e mediante resolución da Presidencia, aprobarase un listado de empregados públicos pertencentes á Xunta de Galicia, ás universidades públicas de Galicia, ás deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra e á administración periférica da Administración Xeral do Estado en Galicia, así como das súas entidades públicas dependentes, susceptibles de ser designados como membros dos tribunais selectivos da Deputación de Ourense e dos seus entes públicos dependentes. Inclúiranse tamén nesta lista os funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional que desempeñen postos de traballo na comunidade autónoma de Galicia.

A lista clasificará aos empregados públicos incluídos nela conforme co seu corpo, escala, subescala e categoría, indicando a súas titulacións académicas.

A lista incluírá as relacións de empregados públicos que se remitan polos órganos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

competentes das administracións públicas sinaladas. Non obstante, se no prazo dun mes desde que a Deputación Provincial de Ourense lles solicitase a remisión da lista de posibles candidatos para ser membros dos tribunais selectivos algunha das administracións sinaladas non llas remitise á Deputación, o presidente formará a dita lista unicamente coas relacións recibidas no dito prazo.

En caso de que no citado prazo dun mes desde que se lles solicitase ás administracións sinaladas a remisión das relacións de candidatos ningunha delas as remitise, a Deputación Provincial procederá á elección dos dous vogais mediante sorteo entre os seus propios empregados públicos.

As listas de posibles membros de tribunais de selección actualizaranse anualmente pola Presidencia, mediante a correspondente solicitude de actualización de datos ás administracións competentes.

As bases reguladoras de cada procedemento selectivo convocado especificarán os corpos, escalas, subescalas ou categorías aos que deben pertencer os membros do tribunal, entre os que se realizará o sorteo correspondente.

No sorteo designarase un titular e tres suplentes por cada posto do tribunal. O resultado do sorteo farase público no propio acto da súa realización e na sede electrónica da Deputación, conxuntamente coa aprobación da lista de admitidos e excluídos, abríndose un prazo de dez días hábiles para a formulación de reclamacións por parte dos interesados.

Para garantir a maior paridade posible na composición do tribunal, os candidatos agruparanse en listas diferenciadas por sexos para cada categoría profesional, elixíndose alternativamente un home e unha muller de cada categoría. No suposto de categorías profesionais para as que non exista máis dun posto na composición do tribunal empregárase a lista conxunta de homes e mulleres desa categoría. No suposto de que o número de membros dunha determinada categoría sexa impar, o membro correspondente ao número impar elixírase entre a lista conxunta de homes e mulleres desa categoría.

4. En todo caso, a participación nos tribunais terá carácter voluntario, polo que os empregados públicos interesados poderán manifestar a súa renuncia unha vez recibida a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

notificación da súa elección, entendéndose que aceptan se non comunican o contrario. En caso de renuncia, serán substituídos polo suplente elixido para tal fin.

Os membros do tribunal estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas na lexislación de procedemento administrativo común. O incidente de recusación poderá formularse en calquera momento do procedemento anterior á data de realización das probas.

5. Os tribunais de selección actuarán con plena autonomía no exercicio das súas funcións, non estando suxeitos a instrucións de ningún tipo por parte dos órganos da Deputación. A Deputación porá á súa disposición os medios materiais que precisen para a realización do seu cometido. En casos xustificados, os tribunais de selección poderán solicitar a contratación de asesores técnicos especializados para a realización e avaliación das probas selectivas.

6. O tribunal de selección non poderá constituírse sen a presenza de máis da metade dos seus membros, sendo sempre imperativa a do presidente e do secretario. As súas decisións adoptaranse por maioría.

5. Co fin de que a participación dos empregados públicos nos tribunais de selección non supoña unha redución da súa dedicación aos seus postos de traballo nas administracións públicas, os tribunais realizarán as probas selectivas e as súas reunións de traballo fóra da xornada laboral dos seus membros. Todos os membros do tribunal de selección terán dereito a recibir as correspondentes indemnizacións ou axudas de custo de conformidade coa lexislación vixente.

6. O establecido neste artigo non lles será de aplicación ás comisións de valoración dos concursos para a formación de listas previas, que se rexerán polo establecido nas correspondentes bases reguladoras, con respecto, en todo caso, ao establecido na lexislación vixente para os órganos de selección de persoal.

Artigo 9.- Comisión de control e fiscalización

1. Co obxecto de garantir a correcta aplicación dos procedementos selectivos previstos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

na presente Ordenanza e a participación das organizacións sindicais nos ditos procedementos, créase unha Comisión de control e seguimento coa seguinte composición:

- Presidente: O da Corporación, ou membro dela no que delegue.

- Vogais:

Tres representantes da Deputación Provincial, designados pola Presidencia

Un representante do Comité de Empresa

Un representante da Xunta de Persoal

Un representante de cada unha das organizacións sindicais con presenza na Mesa Xeral de Negociación da Deputación Provincial de Ourense. Sen prexuízo do dereito de asistencia á comisión dun representante por cada unha das organizacións sindicais citadas, para os efectos de votación a representación sindical considerarase única, equivalendo a un voto e correspondendo o exercicio do dito dereito de votación a unha soa das organizacións sindicais, de xeito rotatorio e de conformidade con que as ditas organizacións acorden entre si.

- Secretario (con voz pero sen voto): un funcionario do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial, designado pola Presidencia.

2. A comisión de control e seguimento terá as seguintes atribucións:

a) Informar as bases que rexerán as convocatorias dos procedementos de selección de persoal antes da súa aprobación.

b) Informar as propostas de resolución dos procedementos selectivos.

c) Informar, con carácter preceptivo, as reclamacións ou recursos que se interpoñan contra os actos ditados nos procedementos de selección de persoal temporal da Deputación Provincial

d) Formular propostas de modificación ou informar os proxectos de modificación da presente Ordenanza

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

As funcións de informe da Comisión terán carácter preceptivo nos procedementos de referencia.

3. O funcionamento da comisión axustarase ao disposto nas normas comúns de funcionamento dos órganos colexiados, sen prexuízo de que a propia comisión poida establecer ou completar as súas específicas normas de funcionamento.

Disposición adicional primeira

A presente ordenanza seralles de aplicación, coa extensión definida no seu artigo 1, aos procedementos de contratación de persoal laboral temporal ou nomeamento de persoal funcionario interino que se realicen por parte dos organismos autónomos e entidades de dereito público dependentes da Deputación Provincial de Ourense.

Disposición adicional segunda

O disposto no artigo 8 da presente ordenanza seralles de plena aplicación aos tribunais de selección que se constituían nos procesos selectivos de selección de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo convocados con posterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza.

Disposición transitoria primeira

Os procedementos de selección de funcionarios interinos e persoal laboral temporal que se atopen en tramitación no momento de entrada en vigor da presente ordenanza continuarán rexéndose pola normativa anterior, ata a súa total conclusión.

Disposición transitoria segunda

As convocatorias de concursos para a formación de listas previas reguladas no artigo 5 deberán realizarse no prazo máximo de tres meses a partir da data de entrada en vigor da presente ordenanza.

As contratacións ou nomeamentos que deban realizarse durante o período de elaboración e tramitación das listas previas deberán realizarse mediante a convocatoria de concursos específicos para os postos de que se trate, mediante concurso con aplicación do mesmo baremo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

establecido no artigo 6 para o procedemento de formación de listas previas.

Disposición derogatoria

Queda derogada a Ordenanza provincial reguladora dos procedementos de contratación de persoal laboral temporal ao servizo da Deputación Provincial de Ourense, do 19 de decembro de 2003 (BOP n.º 5, de 8 de xaneiro de 2004), así como cantas disposicións de igual ou inferior rango xerárquico se opoñan, contradigan ou resulten incompatibles co disposto na presente ordenanza.

Disposición final.

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte ó da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, sempre e cando fose aprobada con carácter definitivo e transcorrese o prazo previsto nos artigos 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. En defecto das devanditas circunstancias, a presente ordenanza entrará en vigor o primeiro día hábil seguinte ao do cumprimento dos citados requisitos de vixencia.

2º) Someter a información pública e audiencia dos interesados, por prazo de trinta días hábiles, a Ordenanza inicialmente aprobada. Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións ou suxestións que estimen oportunas, as cales deberán ser obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase aprobada definitivamente a Ordenanza.

3º.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DA FACTURACIÓN INDEBIDA POLO CONSUMO ELÉTRICO MUNICIPAL.-

O Sr. presidente anuncia que a esta moción se presentaron emendas, tanto do Grupo Socialista como do Grupo Popular, e cédelle a palabra ao Sr. Iglesias Pérez para que expoña o contido da moción.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, manifesta que existen numerosas reclamacións de numerosos concellos galegos pola facturación indebida da electricidade, polo que estes cobros se están a producir de forma xeneralizada en todo o país. Nalgúns casos a distribuidora eléctrica aplicou a tarifa diúrna cando as institucións locais contrataran a nocturna

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

para o alumeado público, había facturas duplicadas, multiplicacións mal feitas, ausencia de contadores, cobros de tramos equivocados e moitos máis erros que o persoal técnico especializado detectou e que afecta gravemente as precarias economías locais. E o máis grave, mesmo se lles facturaban aos concellos por conceptos contrarios á lexislación eléctrica. Máis que de erros puntuais, estamos a falar dunha estafa claramente organizada polas distribuidoras eléctricas. A Fegamp reconece ter acumuladas queixas de máis de 130 alcaldes e alcaldesas por facturación excesiva do alumeado público. En abril de 2013, colgaba na súa páxina web a nova do inicio de conversas cos directivos das eléctricas que operan no noso país para pórle fin á situación de impotencia de alcaldes e alcaldesas, destacando a desproporción das facturas estimadas respecto ao consumo habitual, o incumprimento das tarifas contratadas e dos descontos acordados, a discrecionalidade das eléctricas para aplicar a facturación mensual ou bimensual e o descontrol na emisión das facturas duplicando e remitindo algunhas que xa foran pagadas polos concellos. A Fegamp, co obxectivo de amparar aos concellos que tiveran que reclamar ou acudir a contenciosos, asinou o pasado ano un convenio coa Consellería de Industria que non se aplicou por problemas burocráticos, deixando os concellos só con apoio moral. Diferentes gobernos municipais de todo o país, están demandando que a compañía devolva os cartos que cobrou a maiores desde o ano 2009. Non obstante, a maioría dos concellos non teñen persoal suficiente para analizar polo miúdo as facturas eléctricas, e moitas delas esquécese ou pásanse por alto. Gas Natural Fenosa leva cobrando indebidamente desde 2009 ata 2013 (que saiban) o consumo do alumeado público, polo menos a unha ducia de pequenos concellos da provincia. Aproximadamente 400.000 euros por enriba do prezo legal, dos que a eléctrica, que xa reconeceu o erro das facturas emitidas, só accede a devolver os correspondentes ao último ano reclamado. Unha vez máis, indefensos diante do silencio da Xunta, tiveron que ser os alcaldes e alcaldesas afectados os que anunciaron que acudirían á vía xudicial, para que a Consellería de Industria lle abriera un expediente sancionador á compañía (o segundo en cinco meses). Qué pasaría de non ser polos enxeñeiros que detectaron o cobro indebido? Ata cando se seguiría producindo esta estafa que afecta á práctica totalidade dos concellos do noso país? As reclamacións emprendidas polos concellos tiveron consecuencia, aínda que non toda a agardada. A compañía eléctrica corrixiu o erro e devolveulles ás institucións que reclamaron as cantidades cobradas indebidamente, pero só as do ano 2013. Ampárase nun informe da Comisión Nacional da Enerxía (CNE) para sinalar que non cabe

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

exixir refacturacións por períodos superiores a un ano, xustificando ademais que as reclamacións se refiren a un erro de lectura ou despiste administrativo, para así non devolver o diñeiro mal facturado nas anualidades restantes. É unha inmoralidade que mentres os concellos están a facer auténticos equilibrios para aforrar gastos, tentando xestionar con criterios racionais o diñeiro de todos, buscando a máxima eficiencia e eficacia, as eléctricas cobren consumos abusivos de enerxía que non se corresponden coa realidade nunha estafa que afecta á práctica totalidade dos concellos. Polo exposto, o grupo provincial do BNG, solicita do Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo. Instar á Xunta de Galiza a que adoite as medidas necesarias para asesorar aos concellos nas súas lexítimas reclamacións, e que aplique o convenio asinado coa Fegamp para amparar aos concellos que tiveren que reclamar. Instar á Xunta de Galiza para que adopte un papel activo na defensa dos concellos, e abra os correspondentes expedientes ás distribuidoras eléctricas polos casos de cobro indebido aos concellos.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, cre que todos van estar de acordo con esta moción porque é un tema que preocupa a todos. Despois dirá algo que non lle gustou e que ten que ver coa ética. Este tema non é novo, e todos os que están aquí o sofren dalgún xeito. Aínda sabendo algo do tema, as facturas da luz son inintelixibles. A enerxía que estaban a cobrar é a enerxía que se perde polo camiño e non se goza dela. Pero aínda a maiores de todo isto, por moitos plans de aforro que se fagan, hai que concienciar á xente de que é unha cuestión complicada e por exemplo, en Ribadavia (fíxose porque el é o responsable nese sentido) a unha determinada hora apagaban a maioría dos farois deixando unha luz mínima, chegando a apagar 600 farois. Isto fixérono antes das eleccións e algún dicíalle que ían perder, pero se á xente se lle explican as cousas non se perde. Pero despois o interventor e o tesoureiro, cando recibiron o recibo, dixéronlle que apagar os farois non servía para nada, dado o que había que pagar, pero o que pasou foi que o recibo subira un 60%. Con isto quere dicir que é un abuso total, se xa o é nos fogares na administracións é moito máis. As compañías eléctricas son as que controlan a enerxía no país e controlan aos gobernos sexan da cor que sexan. O Grupo Socialista está de acordo coas reclamacións, aínda que sexa un pouco quixotesco, porque se vai loitar contra xigantes. Espera que todos loiten na medida das súas responsabilidades. Só fai un reproche (xa o anunciou ao principio) e é que hai unha emenda do Grupo Popular que foi unha

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

proposta do Grupo Socialista, pero se acordara que fose unha proposta conxunta na que se recollese a achega do Grupo Socialista, polo que pensa que se está incumprindo algunha das cuestións que se recollen no Código Ético, e non lles parece de xustiza que sexa deste xeito. En todo caso, o maior problema non é ese senón que é intentemos loitar contra estes xigantes, xa que é algo moi complicado.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que están de acordo coa moción, pero gustaríalle dicir (porque lle sae da alma) que bota de menos que a FEGAMP, como representante de todos os concellos, non fixera máis. Ao mellor ten razón o Sr. Gómez Pérez, como as eléctricas teñen tanto poder só se revelan os pequenos. Apela a que a FEGAMP faga algo máis e, por suposto, a Xunta de Galicia e o Goberno Central. Hai concellos que xa fixeron os deberes pola súa conta, outros non. Non ten inconveniente ningún en que a emenda sexa conxunta xa que o que se pretende é arranxar un problema. A Deputación quere estar aí como concello dos concellos e a emenda de adición di: poñer a disposición dos concellos da provincia a asesoría xurídica da administración provincial en relación coas cuestións necesarias para as reclamacións que procedan sobre a facturación indebida polo consumo eléctrico municipal. Adianta neste sentido (como xa o fixo o Sr. presidente na Xunta de Portavoces) que xa se lles encargaron aos servizos técnicos da Deputación os informes técnicos precisos para elaborar un plan (que se podería chamar Plan Enerxético) no que a Deputación quere colaborar decididamente cos concellos en asuntos tales como o control da potencia (ás veces a contratada non é a necesaria), a revisión da facturación da subministración eléctrica (que é un caos). Outra cousa que propón a Presidencia e o grupo de goberno é que na central de compras (que xa se creou na Deputación) un dos apartados aos que dedique os seus esforzos sexa facer un prego para a contratación conxunta da subministración eléctrica para aforrar unha importante porcentaxe e para o mantemento das instalacións da iluminación pública, depuradoras, etcétera. Espera que no ano 2015 desde a Deputación sexan capaces de mellorar os custos da iluminación, porque cada día son máis difíciles e acabarán sendo inasumibles.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, reitera que este é un tema que afecta moi seriamente aos concellos. Alégrase de que todos estean de acordo e con respecto á emenda, sen non lle falla a memoria, cre que o texto que presenta o Partido Popular era un texto acordado polos tres grupos e o lóxico sería que fose unha modificación da emenda que presentou o Grupo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

Socialista ou que fose a Presidencia, polo que tamén lles sorprende que a emenda veña desde o Partido Popular.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que coincide plenamente co tema da FEGAMP, tamén coincide en que a Xunta de Galicia ten que facer algo. En canto á emenda di que o Grupo Socialista xa dixo nas comisións que tiñan vontade de que fose así, e non vai facer disto unha guerra, pero gustaríalle que o Sr. presidente a anotase como unha achega que fixo o Grupo Socialista, para que non diga que non fan ningunha.

Intervén o **Sr. presidente** e di que se lles parece ben, e lamentando a presentación desta emenda asinada polo voceiro do Grupo Popular, retiran tanto a emenda do Grupo Popular como a do Grupo Socialista e se fai constar que o texto que asina o PP é froito dun acordo dos tres grupos políticos, sendo un acordo da Corporación Provincial. Estando todos de acordo retíranse as dúas emendas e vótase unha emenda in voce dos tres grupos políticos engadindo un punto 3º, respectando os puntos 1º e 2º da moción do BNG, que di o seguinte: poñer a disposición dos concellos da provincia a asesoría xurídica da administración provincial en relación coas xestións necesarias para as reclamacións que procedan sobre a facturación indebida polo consumo eléctrico municipal.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG coa adición da emenda conxunta dos tres grupos políticos, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia para que adopte as medidas necesarias para asesorar aos concellos nas súas lexítimas reclamacións e que aplique o convenio asinado coa FEGAMP para amparar aos concellos que tivesen que reclamar.

2º.- Instar á Xunta de Galicia para que adopte un papel activo na defensa dos concellos, e abra os correspondentes expedientes ás distribuidoras eléctricas polos casos de cobro indebido aos concellos.

3º.- Poñer a disposición dos concellos da provincia a asesoría xurídica da administración provincial en relación coas xestións necesarias para as reclamacións que procedan sobre a facturación indebida polo consumo eléctrico municipal

5º.- ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POLOS SERVIZOS DE ACTIVIDADES CULTURAI, DEPORTIVAS, EDUCATIVAS E DE OCUPACIÓN DO TEMPO LIBRE PROMOVIDAS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, anuncia que van votar en contra porque non entende como existindo un superávit de 16 millóns de euros do exercicio 2013 a Deputación formule agora o cobro por servizos que ata o de agora foron gratuítos. Porque esta ordenanza grava, entre outras cuestións, o acceso á cultura, dado que aínda que esa non sexa a pretensión, faculta ao Pleno para decidir como e de que maneira se pode cobrar por ver unha exposición, ou por asistir a unha charla, etcétera.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia a abstención do seu grupo.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Educación, Cultura e Deportes, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a Ordenanza provincial reguladora dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportivas, educativas e de ocupación do tempo libre promovidas pola Deputación Provincial de Ourense, conforme co seguinte texto:

Artigo 1.- Obxecto.

1. Constitúe o obxecto da presente ordenanza a regulación do establecemento e fixación dos prezos públicos polos servizos de actividades culturais, deportivas, educativas e de ocupación do tempo libre promovidas pola Deputación Provincial de Ourense.

As disposicións establecidas na presente ordenanza aplicaráselles aos ditos servizos cando estes carezan dunha regulación específica noutra ordenanza provincial.

2. As disposicións establecidas na presente ordenanza seranlles de aplicación aos servizos incluídos no seu ámbito tanto se son xestionados de modo directo como de modo indirecto.

3. Con carácter exemplificativo, ao abeiro da presente ordenanza poderán establecerse prezos públicos que graven os seguintes servizos:

a) A asistencia a espectáculos públicos de carácter cultural ou deportivo promovidos pola Deputación Provincial.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

b) *O acceso a salas de exposicións, museos, centros de interpretación ou establecementos similares de titularidade provincial ou xestionados, directa ou indirectamente, pola Deputación Provincial.*

c) *A participación en actividades educativas e formativas de carácter non regrado. Exclúese, en todo caso, a participación en accións de formación continua ou ocupacional, que se rexerá pola súa normativa específica.*

d) *A participación en actividades de carácter lúdico, deportivo ou de ocupación do tempo libre promovidas pola Deputación de Ourense, tales como campamentos infantís e xuvenís e outras análogas.*

e) *Calquera outra actividade de carácter cultural, deportivo ou de ocupación do tempo libre de contido análogo ás anteriores.*

Artigo 2.- Competencia para a fixación dos prezos.-

1. *A competencia para o establecemento e fixación dos prezos públicos correspóndelle ao Pleno da Deputación.*

2. *Non obstante o anterior, o Pleno poderá delegar o exercicio desta competencia na Xunta de Goberno, que de ser o caso fixará os prezos públicos concretos tralo ditame previo da comisión informativa competente en materia de cultura, con suxeición aos criterios recollidos no artigo 3.*

3. *A delegación poderá ser revogada polo Pleno en calquera momento, ou sometida ás limitacións ou controis adicionais que se consideren necesarios para garantir un correcto exercicio da competencia plenaria.*

4. *A delegación do exercicio da competencia para a fixación dos prezos públicos abranguerá a facultade de establecer prezos bonificados nos supostos a que se refire o artigo 3.*

Artigo 3.- Criterios para o establecemento e fixación dos prezos públicos.

1. *O órgano competente poderá acordar o establecemento de prezos públicos para calquera das actividades previstas no artigo 1, mediante resolución motivada na que se valorará a conveniencia de gravar a súa prestación, tendo en conta factores como a súa incidencia social, a conveniencia de racionalizar o seu uso ou garantir a súa sostibilidade financeira.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

2. Os prezos públicos que se establezan deberán cubrir como mínimo o custo real e efectivo do servizo prestado ou da actividade realizada, conforme co establecido no artigo 44.1 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Non obstante o anterior, poderán establecerse prezos bonificados, por debaixo do custo do servizo, cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, debendo motivarse suficientemente esta circunstancia no expediente de fixación dos prezos. As bonificacións poderán ter carácter xeral, ou ser de aplicación unicamente a persoas con baixo nivel de renda ou pertencentes a colectivos especialmente desfavorecidos ou nos que concorran circunstancias obxectivas que xustifiquen un tratamento diferenciado.

3. Na fixación dos prezos públicos por accións educativas, formativas ou de ocupación de tempo libre que consistan nun programa de actividades de duración superior a un mes poderase esixir unha tarifa en pagamento único en concepto de matrícula e unha tarifa de pagamento periódico polos servizos efectivamente recibidos.

4. No expediente de fixación de prezos deberá figurar un informe económico expresivo do custo dos servizos de que se trate.

5. Os acordos de establecemento e fixación de prezos públicos regularán de xeito detallado as cuestións relativas á súa xestión, no non previsto na presente ordenanza.

6. Os acordos de establecemento e fixación de prezos públicos, ou da súa modificación, deberán ser obxecto de publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

Artigo 4.- Normas xerais de xestión.

1. Terán a consideración de obrigadas ao pagamento as persoas que reciban os servizos ou participen nas actividades gravadas.

2. A obrigaón de pagar o prezo público nace dende que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

Non obstante, a Deputación poderá esixir o aboamento previo do seu importe, total ou parcial, coa solicitude de acceso ou inscrición na actividade ou servizo de que se trate.

Nestes supostos, cando por causas no imputables ao obrigado ao pagamento, o servizo ou actividade non se preste ou realice, procederá a devolución do importe correspondente.

3. O pagamento dos prezos públicos será requisito inescusable para a admisión nas actividades ou servizos gravados, e o cesamento no seu pagamento determinará a suspensión automática no dereito á recepción do servizo.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

4. Os prezos públicos poderán esixirse en réxime de autoliquidación, que se realizará no momento da inscrición nas actividades gravadas, cando resulte conveniente a aplicación deste réxime en atención á organización e desenvolvemento da actividade.

5. As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema.

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, e sempre e cando transcorresen os prazos establecidos no artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei reguladora das bases do réxime local.

2º.- Someter a información pública e audiencia dos interesados durante o prazo de trinta días o dito acordo de aprobación inicial, mediante anuncio que se publicará no BOP de Ourense. Durante o dito prazo, os interesados poderán formular as alegacións ou suxestións que estimen oportunas, as cales deberán ser obxecto de resolución expresa polo Pleno. En caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase aprobada definitivamente a Ordenanza.

6º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS E DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2014 MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO, N.º 2/2014.-

A Sra. interventora expón o contido do expediente de modificación de créditos.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que xa ten dito en innumerables ocasións o que pensa disto e anuncia o voto en contra. Non vai entrar no debate de para quen vai o diñeiro, nin en que cuestións que son prioritarias, pero aquí se aprobou unha ordenanza de subvencións moi bonita (e difícil de entender nalgúns aspectos) e despois pasa o que pasa. Chámalle a atención que non aparezan as denominacións das cousas, porque non saben para que son as subvencións.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que este expediente é unha consecuencia máis da boa xestión que está facendo o grupo de goberno e o seu presidente, coa axuda dos técnicos cualificados. Lembra que esta Deputación tivo un remanente de Tesourería para gastos xerais de máis de 16.400.000 euros. Consecuencia disto é este expediente, no que se recollen diversas asignacións orzamentarias, ben para gastos correntes, our para investimentos. Quere destacar que dos 6.800.000 euros (importe total) 4.055.000 de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

euros se destinarán a amortización de débeda, é dicir, a Presidencia e o equipo de goberno continúan na teima de reducir a débeda da Deputación e esperan conseguir o que prometeron no seu día, de que a finais de ano estean entornao ao 54% de débeda, cando non hai moito se estaba no 116%. En canto ao que dixo o Sr. Gómez Pérez da ordenanza de subvencións (non lle consta que ninguén a fixera) di que hai unha limitación do 20% para subvencións nominativas, e neste expediente van diversos créditos extraordinarios para subvencións por concorrencia competitiva (axudas a mancomunidades, un plan de cooperación, a participación veciñal, a concellos instalacións deportivas fomento do deporte a concellos patrimonio histórico-artístico, a concellos parques, xardíns e zonas verdes, a familias e institución sen ánimo de lucro participación veciñal). Á parte disto, á Asociación de municipios Portas de Galicia para o Plan de competitividade turística, que aínda que non é por concorrencia competitiva afecta a todos os concellos da comarca de Verín. Non farán todo perfecto, pero van na boa liña.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
323.11/421.00	A organismos autónomos administrativos UNED	315.123,84
420.11/410.00	A organismos administrativos. INORDE	50.000,00
SUMA SUPLEMENTOS DE CRÉDITO		365.123,84

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS DE INVESTIMENTO

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
450.12/762.00	A concellos. Cooperación provincial	200.000,00

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTOS FINANCIEROS

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
------------	-----------	-----------

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

011.11/913.10	Amortización préstamos Caixanova 2003. Outras entidades financeiras	1.698.221,02
011.11/913.19	Amortización Préstamo BBVA nov. 2010. Outras entidades financeiras	2.356.906,33
SUMA SUPLEMENTOS DE CRÉDITO		4.055.127,35

CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS CORRENTES

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
166.11/463.00	Axuda a mancomunidades. Plan de cooperación	300.000,00
334.13/462.00	A concellos. Actividades culturais e recreativas	150.000,00
323.17/207.00	Prestación de servizos. Escola taller de gaitas	4.000,00
924.11/489.05	Outras transferencias. Participación veciñal	50.000,00
912.11/227.06	Estudios e traballos técnicos. Corporación provincial	20.000,00
334.13/489.05	Outras transferencias nominativas. Culturais e recreativas	12.000,00
231.11/462.02	A Concellos. Acción social	5.834,40
SUMA CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS		521.834,40

CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS. GASTOS DE INVERSIÓN

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
341.11/762.00	A concellos. Instalacións deportiva fomento do deporte	300.000,00
313.31/762.00	A concellos. Termalismo	300.000,00
334.13/762.00	A concellos. Promoción cultural	300.000,00
336.11/762.00	A concellos. Patrimonio histórico artístico	100.000,00
171.11/762.00	A concellos. Parques, xardíns e zonas verdes	200.000,00
924.11/780.03	A familias e institucións sen fins de lucro. Participación veciñal	180.000,00
162.01/622.00	Planta RCDs. Cooperación concellos xestión lixo	170.000,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

432.11/766.00	A Asociación de municipios “Portas Galicia”. Plan de competitividade turística	100.626,72
SUMA CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS		1.670.626,72

RESUMO

Suma suplementos de crédito	4.620.251,19 €
Suma concesión de créditos extraordinarios	2.192.461,12 €
TOTAL	6.812.712,31 €

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	6.812.712,31 €
--	-----------------------

2º.- Na bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense non estaba prevista a concreción do capítulo IV e VII de gastos para conceder no exercicio 2014, polo que se procede á especificación das aplicacións para as que se habilite crédito nesta modificación orzamentaria, así como doutras aplicacións orzamentarias cuxo crédito non precisa de tramitación plenaria:

Con cargo á aplicación orzamentaria **432.11/766.00** A Asociación de municipios “Portas Galicia”. Plan de competitividade turística

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Asociación de municipios Plan Turístico comarca de Monterrei e Conxo Frieiras	Plan Turismo Porta de Galicia anualidade 2013	100.626,72

Con cargo á aplicación orzamentaria **334.13/489.05**. Outras transferencias nominativas. Culturais e recreativas:

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Agrupación Coral de Ruada	Gastos de funcionamento	6.000,00
Sociedade Artística Recreativa Cultural Orfeón Unión Orensana	Gastos de funcionamento	6.000,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

Con cargo á aplicación orzamentaria **450.12/762.01**. A Concellos subvencións. Cooperación provincial:

Beneficiario	Finalidade	Importe €
Concello de Bande	Soterramento liñas de distribución de alumeado público acceso grupo escolar	21.967,31
Concello de Larouco	Cubrición pista polideportiva en Freixido	30.000,00
Concello de Quintela de Leirado	Instalación depósito de almacenamento de gasóleo vivenda Xacebáns	15.733,94
Concello de Lobios	Remodelación da praza Roxa para mercado de produtos tradicionais	10.274,20
Concello de Lobios	Restauración do sendeiro fluvial do río Caldo e camiño enlace ruta Corga Fecha dentro do parque natural Baixa Limia	12.000,00
Concello de Pontedevea	Acondicionamento vivendas sociais A Panoia Trado	20.000,00
Concello de Vilar de Santos	Saneamento do Concello	12.000,00
Concello de Riós	Centro social do Navallo	13.000,00
	Aforro enerxético	8.000,00
	Mellora camiños en Villarino das Touzas e Mirós	25.000,00
Concello de Xunqueira de Espadañedo	Acondicionamento centro de olería	40.000,00
Concellos de Sarreaus	Pozo en Cortegada	14.000,00

Con cargo á aplicación orzamentaria **420.11/410.00** “A organismos administrativos. INORDE”:

Beneficiario	Finalidade	Importe €
INORDE	Declaración patrimonio da humanidade Ribeira Sacra	50.000,00

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

Con cargo á aplicación orzamentaria **231.11/462.02**. A concellos. Acción social:

Beneficiario	Finalidade	Importe
Concello de Punxín	Transporte colectivo persoas dependentes	5.834,40

3º.- Os convenios do capítulo 7 serán xestionados a través da central de Contratación da Deputación Provincial de Ourense previa aceptación da subvención polo Concello respectivo e a formalización do pertinente documento

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ó público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

7º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2014, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DE TRASMIRAS, TABOADELA E SARREAUS.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8), e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Acordar a modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2014 relativa ás obras municipais dos concellos de:

. Sarreaus, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “Reparación de camiños acceso ós pobos de Sarreaus”- a obra denominada “Pavimentación e abastecemento en Sarreaus” cun orzamento de execución de 45.000,00 €.

. Taboadela, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “Saneamento de augas residuais en San Fiz”- a obra denominada “Mellora e conservación da rede viaria municipal” cun orzamento de execución de 20.000,00 € e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

. Trasmiras, fixando na cantidade de 45.000,00 € o investimento vinculado á execución da obra “Mellora da capa de rodadura da estrada C.N. 525-Moreiras”- co fin de destinar ata un máximo de 5.000 € á contratación dos servizos complementarios de redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da dita actuación.

8º.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIA E APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN FORZOSA POR TAXACIÓN CONXUNTA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE AMPLIACION DA RÚA COSTUREIRAS 1ª FASE, NO CONCELLO DE AMOEIRO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que parece ser, polos datos que teñen, que o concello ocupou uns terreos sen autorización, existindo unha sentenza que di que hai que paralizar o proceso, e obrigando ao concello a iniciar o proceso desde o principio, cumprindo todos os trámites legais. Por desgraza este non é o único caso no que non se respectan os procedementos. Anuncia a abstención do seu grupo.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aceptar a delegación de competencia efectuada polo Concello de Amoeiro en sesión plenaria do 23 de xaneiro de 2014, para a tramitación do expediente expropiatorio para a execución da obra de ampliación da rúa Costureiras, 1ª fase.

2º.- Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación para a execución da referida obra.

3º.- Someter a información pública o proxecto de expropiación polo prazo dun mes, de conformidade coa normativa vixente.

9º.- RESOLUCIÓN DOS CONVENIOS DE DELEGACIÓN DA XESTIÓN DAS PLANTAS DE TRANSFERENCIA DE RESIDUOS DAS COMARCAS DE CELANOVA E O RIBEIRO.-

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que nesta cuestión o 50% será mérito do Grupo Socialista (refírese á planta do Ribeiro). Isto chega tarde, entende os problemas legais que poden xurdir, pero tamén entende os outros, que son máis importantes que os legais. Aínda que os convenios quedarán resoltos en xaneiro de 2015, cando menos hai que alegrarse de que iso vaia por este camiño, e van votar a favor.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que a este tema xa se lle ten dado moitas voltas, polo menos á do Ribeiro, sen esquecer que se vai avanzando no proceso que nos vai levar, máis pronto que tarde, á externalización do servizo. Os motivos que aconsellan a resolución dos convenios, son as seguintes: A convivencia de dous modelos de xestión do servizo no territorio provincial – a xestión delegada polas mancomunidades das dúas plantas do Ribeiro e Celanova, dunha banda, e a xestión pola Deputación das nove plantas restantes, doutra – xera unha situación discriminatoria entre os distintos concellos (e, polo tanto, entre os seus habitantes) debido ao diferente modelo de financiamento do servizo. Así, mentres que nas plantas xestionadas pola Deputación, o seu custo é soportado pola administración provincial, sen repercusión aos concellos usuarios, nas plantas xestionadas polas mancomunidades son estas as que soportan os custos, polo que (e sen prexuízo da compensación económica prevista no convenio, que non cubre a totalidade dos custos) os concellos usuarios (tanto se forman parte da mancomunidade como se non) vense na obriga de contribuír ao seu financiamento. Deste xeito, os concellos das comarcas do Ribeiro e das Terras de Celanova vense discriminados fronte ao resto de municipios da provincia, aos que o servizo prestado pola Deputación lles resulta gratuíto. Coincidindo co Sr. Gómez Pérez di que xa era hora que isto tivese unha solución e que todos sexan iguais na prestación deste servizo. Tampouco se pode esquecer que a recente reforma da Lei de bases de réxime local, levada a cabo pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, lle atribúe á Deputación, na nova redacción do artigo 36.1.c), como competencia propia, a prestación do servizo de tratamento de residuos (do que forma parte o servizo de transferencia) en municipios de menos de 5.000 habitantes.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, anuncia que se van abster, aínda así, a preocupación do BNG en todo o proceso relativo á recollida de residuos, é que estes son os primeiros pasos e a cimentación dun proceso de privatización co que o BNG está totalmente en

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

desacordo.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, quere aclarar que o Grupo Socialista no participa nisto para que se leve a cabo ningún tipo de privatización, como xa ten manifestado en moitas ocasións. Tamén entenden que este é un servizo público e tamén entende que esta é a denuncia dun convenio para establecer outros novos. Cando se establezan os novos convenios supón que serán quen (se son eles ou quen estea) de chegar a facer un convenio mediante o cal, independentemente de cal sexa a forma de tratar os residuos por cada concello, se poida acceder á planta (que é propiedade da Deputación).

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Denunciar os convenios de cooperación subscritos por esta Deputación Provincial coa Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria de Concellos do Ribeiro e coa Mancomunidade Intermunicipal Voluntaria Terra de Celanova para a regulación da xestión delegada das microplantas de transferencia de residuos sólidos urbanos das comarcas do Ribeiro e da Terra de Celanova.

En virtude da anterior denuncia, e de conformidade co establecido na cláusula 7ª.1.b) dos convenios de referencia, estes quedarán resoltos con efectos do 1 de xaneiro de 2015.

A liquidación dos convenios, incluíndo o traspaso dos medios financeiros, materiais e humanos adscritos ó servizo, corresponderalle á comisión de control e seguimento de cada convenio, conforme co previsto na cláusula 7ª.2.

10º.- CREACIÓN DE DOUS GRUPOS DE TRABAJO PARA O ESTUDO E SEGUIMIENTO DA SITUACIÓN DOS CONTRATOS ADMINISTRATIVOS DA ESCOLA DE EQUITACIÓN E DO APARCAMENTO ANEXO AO HOSPITAL SANTA MARÍA NAI.-

Trala ratificación previa por unanimidade, da inclusión deste asunto na orde día, por non ser tratado este asunto nas comisións informativas, o Sr. presidente dá lectura á súa proposta, co seguinte contido: *Unha vez vista a solicitude formulada no seu día polo Grupo Socialista, para a creación dunha comisión de seguimento da situación do contrato relativo ao aparcamento*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

anexo ao Hospital Santa María Nai, así como a pregunta formulada por este mesmo grupo político na comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente do 24 de abril de 2014, relativa á situación do contrato administrativo especial de xestión da Escola de Equitación de Vilamarín, considérase oportuno a realización dun adecuado estudo e seguimento da situación dos ditos contratos administrativos coa participación dos grupos políticos. Polo exposto, esta Presidencia propón que, tras a ratificación da inclusión do asunto na orde do día, o Pleno adopte o seguinte acordo: Crear dous grupos de traballo para o estudo e seguimento da situación dos contratos administrativos relativos á Escola de Equitación de Vilamarín e o aparcamento anexo ao Hospital Santa María Nai. Os ditos grupos de traballo estarán integrados polo presidente e un representante de cada grupo político, sen prexuízo da obrigatoriedade da comparecencia ás sesións dos ditos grupos dos empregados públicos provinciais cuxa presenza se estime oportuna, por orde da Presidencia ou por acordo do propio grupo de traballo. Os grupos de traballo constituídos levarán a cabo as actuacións necesarias para determinar a situación dos contratos administrativos a que se refiren, podendo formular as conclusións ou recomendacións que considere oportunas ante a comisión informativa competente.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Crear dous grupos de traballo para o estudo e seguimento da situación dos contratos administrativos relativos á Escola de Equitación de Vilamarín e o aparcamento anexo ao Hospital Santa María Nai.

Os ditos grupos de traballo estarán integrados polo presidente e un representante de cada grupo político, sen prexuízo da obrigatoriedade da comparecencia ás sesións dos ditos grupos dos empregados públicos provinciais cuxa presenza se estime oportuna, por orde da Presidencia ou por acordo do propio grupo de traballo.

Os grupos de traballo constituídos levarán a cabo as actuacións necesarias para determinar a situación dos contratos administrativos a que se refiren, podendo formular as conclusións ou recomendacións que considere oportunas ante a comisión informativa competente.

11º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A SINATURA DUN CONVENIO COS CONCELLOS DA RIBEIRA SACRA EN MATERIA DE PROMOCIÓN TURÍSTICA.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

Trala ratificación previa por unanimidade, da inclusión deste asunto na orde día, por non ser tratado nas comisións informativas, o Sr. presidente cédelle a palabra á Sra. Morenza Doforno para que expoña o contido da moción.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, manifesta que todos sabemos que a Ribeira Sacra é a comarca co maior potencial turístico desta provincia, sen desmerecer para nada ao resto da provincia. Nos concellos ourensáns que a compoñen (Castro Caldelas, A Teixeira, Montederramo, Parada de Sil, Nogueira de Ramuín, Xunqueira de Espadanedo, Esgos e A Peroxa) mestúranse unha serie de elementos que non se dan en ningún outro lugar. Estas terras posúen unha das catro denominacións de orixe de viño da provincia. O cultivo das vides nestas terras lévase a cabo en socalcos dende hai dous mil anos. Este sistema transformou a paisaxe da Ribeira Sacra para sempre, dándolle o aspecto que hoxe coñecemos. A paisaxe tamén foi transformada pola posta en marcha do encoro de Santo Estevo (o de maior lonxitude de toda Galicia), que xunto co de San Pedro, Hedrada e Mao configuran unha magnífica fonte de recursos para a práctica de deportes fluviais. Compre destacar a explotación turística que se leva a cabo no encoro de Santo Estevo por parte de varios catamaráns. Nestas terras tamén naceu un oficio e unha xerga que dende aquí percorreron medio mundo. Estamos a falar dos afiadores e do barallete. Tanto nestes concellos como nos lucenses da Ribeira Sacra dáse a maior concentración de arte románico de todo o mundo, algo que parece que case ninguén valora, pero que de ter acontecido en calquera outro lugar sería un dos maiores reclamos turísticos posibles. Nestas terras tamén temos vilas medievais e cascos históricos con castelo que son o segundo monumento máis visitado da provincia, só por detrás da catedral de Ourense. Estamos a falar de Castro Caldelas, que por poñer un exemplo recibiu 5.000 visitas no seu castelo en Semana Santa. Así poderíamos seguir falando de festas como a dos Fachós de Castro Caldelas a do Viño Novo da Teixeira, ou a da Carne de Montederramo. Poucas administracións máis alá dos concellos teñen botado unha man para a posta en valor de toda esta potencialidade, sentíndose orfos e faltos de recursos. Agora que se está a poñer en marcha a Candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade é hora de que as administracións dean un paso adiante de verdade e axuden economicamente aos concellos que contan cos mellores e máis visitados monumentos, para que estes se poidan mostrar en todo o seu esplendor aos viaxeiros. Son centos as persoas, nalgún caso miles, as que pasan por San Pedro de Rocas, Santo Estevo de Ribas de Sil, Santa Cristina de Ribas de Sil, Santa María de Xunqueira de Espadanedo, Santa

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

María de Montederramo e polo Castelo de Castro Caldelas. Pero a Deputación Provincial de Ourense tan só axuda no caso de San Pedro de Rocas levando dende a Deputación Provincial a xestión turística directamente. Aínda que San Pedro de Rocas é un caso especial, porque nel exerce a titularidade a Deputación de Ourense, consideran que o organismo provincial debería asinar un convenio cos restantes concellos, e teñen constancia de que cando menos os concellos de Parada de Sil e Castro Caldelas xa o teñen solicitado. Lembra que o 14 de decembro de 2013 se iniciou unha nova senda ao asinarse un convenio entre o Consorcio de Turismo e as deputacións de Lugo e Ourense, pero aínda queda un longo e ilusionante recorrido. Este proceso, non obstante, e para conseguir a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade non debe quedar cinguido ao ámbito institucional. É moi importante que se involucre a sociedade en xeral, tanto os ourensáns como os visitantes. Para isto é precisa unha implicación económica por parte das institucións. Por esta razón presentan esta moción, na que se propón a adopción do seguinte acordo: Que se asine un convenio cos concellos de maior afluencia turística (Castro Caldelas, Montederramo, Parada de Sil, Xunqueira de Espadanedo e Nogueira de Ramuín), de cando menos 25.000 € cada un, para poder dotar de persoal, material e mantemento as xoias arquitectónicas, naturais e turísticas que posúen cada un destes municipios.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que a Ribeira Sacra é coñecida pola cantidade de mosteiros e templos situados nos monumentais canóns e escarpadas ladeiras da zona, cuestión pola cal podería derivar o seu nome. Tamén é coñecida pola súa riqueza patrimonial e artística, polos seus tesouros naturais e biolóxicos, constituíndo un vastísimo ecosistema de gran variedade e riqueza. Tamén desde o punto de vista económico, esta é unha zona de viñedo dividida en cinco subzonas: Amandi, Chantada, Quiroga-Bibeí, Ribeiras do Miño e Ribeiras do Sil que produce uns viños de moita calidade que xa os romanos describían como o ouro líquido do Sil. Esta amalgama de riqueza paisaxística, cultural, etnográfica, monumental e económica, levou a que a Ribeira Sacra sexa proposta para ser declarada Patrimonio da Humanidade. Pero desgraciadamente, a falta de compromiso das dúas principais Institucións, a Xunta e a Deputación, xuntamente cunha política atrapallada en materia turística ten abocado aos concellos (aos da Ribeira Sacra e aos outros) a ter que buscarse á vida, asumindo integramente os custos, para poder ofertarlles, no mellor dos casos, uns servizos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

minimamente dignos aos turistas que nos visitan, procurando que se leven a mellor imaxe posíbel do noso país. Esta falta de apoio non só se produce no ámbito do público, pois no ámbito privado tamén tiveron que ser os propietarios/as dos establecementos de hostalería os que se puxeran á fronte, constituíndose, a principios de 2013, a asociación Ribeira Sacra Rural, integrada por cerca de corenta establecementos dedicados directa ou indirectamente ao turismo rural. Nin a Xunta de Galiza, onde en materia turística só parece existir o Xacobeo, nin a Deputación Provincial de Ourense, foron quen de dar resposta á múltiple e variada oferta turística da nosa provincia. Está claro que a aposta pola creación dos consorcios non deu o resultado agardado, de aí que a Xunta de Galiza decida cambiar o modelo turístico coa creación de 14 áreas de destinos turísticos co obxectivo de atraer turistas. O deseño deste novo mapa de xeodestinos por parte da Xunta, leva necesariamente á reorganización dos recursos e produtos turísticos da provincia, dividida ata o de agora en dez comarcas. A Deputación, a través do INORDE, toda vez que xa non existe o Padroado Provincial de Turismo, comprometeuse a promover a creación ou mantemento dun consorcio turístico en cada un dos seis xeodestinos deseñados para a nosa provincia: Ribeira Sacra, O Ribeiro, Terras de Ourense-Allariz, Celanova-Limia, Verín-Viana e Manzaneda-Trevinca, cuestión que a día de hoxe o BNG descoñece. Nunha provincia onde a oferta turística xa está tan atomizada, se cadra non sexa esta a mellor fórmula, porque aquí xa se levan xestionado durante os últimos lustros plans de todo tipo e condición (plan factor, plan estratéxico, agora plan estratéxico termal) que non serviron para nada, e mesmo instrumentos como o Padroado Provincial de Turismo da Deputación que demostraron a súa incapacidade para facer unha xestión razoable da oferta turística, véndose obrigada a Deputación á supresión do devandito órgano, por non falar de utilización dos fondos europeos nalgunhas cuestións que teñen que ver coa promoción turística. Iso si, dentro dos moitos anuncios feitos ao longo destes anos, ocupa un lugar sobranceiro o plan OU92, na que se falaba de Turismo Ourense QR (xullo 2012) e de estratexia de colaboración cos concellos e empresas para a dinamización turística (setembro 2012), plans que a única novidade que achegaron foi a do nome e que supuxeron o enésimo brindado ao sol. En todo caso, e estando de acordo no fondo da proposta, máis aló de cuestións puntuais, entenden que a proposta debe ter un carácter máis global, polo que non a poden apoiar, polos seguintes motivos: en primeiro lugar porque de tomar esta decisión romperíamos o pacto polo cal o Consorcio, que aglutina a todos os concellos da Ribeira Sacra (os de Ourense e os de Lugo), fixou unha regras de xogo

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

polas cales calquera axuda debe pasar a través do propio Consorcio e, en segundo lugar, porque hai concellos con clara vocación turística na provincia que están na mesma situación e que tamén precisan axudas para o desenvolvemento turístico, polo que acabaríamos cometendo un agravio comparativo. Parece pois lóxico que nun tema da transcendencia social e económica como o que aquí se presenta, a Deputación estea obrigada non só a colaborar na adaptación ao novo escenario, senón a establecer, dunha vez por todas, políticas globais en materia turística, na dinamización e posta en marcha de infraestruturas turísticas e culturais nos concellos da provincia e singularmente naqueles con maior vocación turística. E xa que o INORDE aínda existe (malia os pedimentos reiterados para que desapareza), polo menos darlle algo de contido para que se vexa algo da súa utilidade

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dille á Sra. Morenza que valoran positivamente a súa iniciativa, aínda que non sabe se será dela (ela sabe ben por qué llo di), en todo caso é do grupo. O grupo de goberno non está aquí para facer discriminacións entre comarcas desta provincia e demais dun xeito tan lixeiro. Pídelle que lle diga por qué esta proposta só para os concellos da Ribeira Sacra e non para as comarcas do Ribeiro, Valdeorras, O Carballiño, A Limia, Baixa Limia, ... as de toda a provincia. A idea do grupo de goberno é respecto para todas as comarcas e non só para a Ribeira Sacra, na que por certo, esta Deputación xunto coa de Lugo están a facer un esforzo importante para a súa declaración como Patrimonio da Humanidade, e lembra que no expediente de modificación de créditos que se acaba de aprobar se consignan 50.000 euros para iso. Lembra tamén que no dito expediente vai unha axuda nominativa por importe de 40.000 euros, para o museo de olería en Xunqueira. En canto a que a Deputación só axuda a San Pedro de Rocas, lembra que este é un monumento propiedade da Deputación, que no pasado ano recibiu máis de 35.000 visitas. Adianta que se está a traballar nun plan director para a dinamización deste mosteiro e que en breve poderán ter acceso a el. Sorpréndelle que nas xuntanzas que tivo o Sr. presidente cos alcaldes dos concellos para os que se solicitan as axudas, non lle expuxeran en ningún momento este tipo de convenios. Pide que o deixen ser mal pensado e preguntar se non será que isto é só para resolver o problema dun concello concreto. Adianta tamén (e xa o dixo no pasado pleno) que no Plan de emprego, no que xa está a traballar o Sr. presidente e o equipo de goberno, para o vindeiro ano 2015, se incluírá, entre outras actuacións, a colaboración cos concellos na promoción e difusión do patrimonio cultural da provincia nas súas distintas facetas e como non,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

do turismo. Polo tanto, aí estará a Deputación, na Ribeira Sacra e no resto das comarcas da provincia (alégrese estar de acordo nisto co Sr. Iglesias Pérez). Sorpréndelle de novo que unha e outra vez sexan defensores a ultranza das subvencións por libre concorrência e neste caso queiran facer unha excepción (segue a ser mal pensado). En conclusión, valoran positivamente a iniciativa, pero non procede que aopien unha discriminación (aínda que sexa positiva) en detrimento do resto das comarcas da provincia.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Sociliasta, sen entrar en profundos debates (como parece que quere D. Plácido) din que esta iniciativa está pensada para introducir o equilibrio territorial na Ribeira Sacra. Preténdese que non haxa desigualdades evidentes entre os diferentes territorios ou entre lugares de máxima proxección a nivel do patrimonio natural e cultural como é este o caso. O obxectivo común, de acadar a declaración de Patrimonio da Humanidade, ten que ter un acicate. Noutras comarcas non teñen a posibilidade de ser declarados Patrimonio da Humanidade. Este é un punto de encontro entre concellos e colectivos implicados na explotación da Ribeira Sacra, e debe ser este o eixo de atracción turística da provincia de Ourense. No Grupo Socialista cren que este tipo de propostas teñen que estar por riba de intereses partidistas e non deixar oco para as suspicacias, como parece que acaban de xurdir neste debate. A Deputación de Ourense debe ser unha institución que lidere, que aglutine, que una a todos os sectores implicados. Polo menos isto é do que alardea o presidente da Deputación. O apoio institucional da Deputación é moi importante para mellorar a atención que se presta desde os concellos, debido a que resulta moi complicado para algúns entes locais seguir mantendo determinados servizos como consecuencia da crise económica. É preciso un compromiso formal por parte desta Deputación, por iso traen hoxe esta iniciativa. É preciso que a Deputación apoie economicamente aos concellos que forman parte da Ribeira Sacra, fundamentalmente aqueles que prestan servizo de atención ao público e necesitan mantemento do persoal. Precisamente a Ribeira Sacra, non para facer unha discriminación negativa, senón positiva, porque outras comarcas non teñen a posibilidade de ser declaradas Patrimonio da Humanidade. O presidente da Deputación alardea en todo lugar e en todo momento da súa aposta pola provincia de Ourense, pois esta é a oportunidade de facer efectiva unha implicación real coa Ribeira Sacra. Non son suficientes as manifestacións públicas, o que importan son os feitos e non escudarse en escusas de mal pagador. O portavoz do Partido Popular dixo que os concellos non manifestaron nada para conquistar achegas, e ten constancia de que Parada do Sil e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

Castro Caldelas si o fixeron. Cre que non é o mesmo un convenio que unha subvención, e na moción solicítase a sinatura dun convenio. En canto ás discriminacións di que un bo exemplo de discriminación é o que practica o Grupo Popular día a día coas modificacións orzamentarias como a que mencionou o Sr. Álvarez Dobaño para o museo de olería de Xunqueira e pregunta se iso non é unha discriminación, ou quÉ diferenza hai entre esa e o que se propón na moción. Das 35.000 visitas de San Pedro de Rocas di que hai moitas cifras e que se poden manexar de moitas maneiras e pregunta por qué procede a discriminación deste mosteiro e non doutros lugares; por qué non se pensa en global; por qué non se pensa en que hai posibilidade de que declaren á Ribeira Sacra Patrimonio da Humanidade. Isto ten que estar por riba dos intereses do resto das comarcas ou do resto dos territorios que non teñen esa posibilidade. En canto a que é un concello o que quere resolver o problema, di que non é un problema senón que todos os concellos que forman parte da Ribeira Sacra deben ter as mesmas oportunidades e todos están atravesando unha crise económica. Algúns saben buscar a vida ou vender ben o seu produto. O Sr. Álvarez Dobaño fala do plan de emprego, pero estamos a falar desta iniciativa, mentres se gasta diñeiro en cámaras de fotos, en facer viaxes ou pagar o renting de fotocopiadoras. Pide que se pense na proxección que tería a provincia de Ourense se a Ribeira Sacra é declarada Patrimonio da Humanidade. Pensa que a Deputación debe implicarse máis con isto e senón que o Sr. presidente non alardee en todo lugar da importancia que ten a ourensanía e do que el ama Á Ribeira Sacra.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, non vai entrar en minutos de gloria e falar de todo cando o que hai que falar é do que nos ocupa. Manifesta que se a declaración de Patrimonio da Humanidade da Ribeira Sacra despendese dos 25.000 euros para todos os concellos (incluído o que el, malpensando, supón) seguramente que tanto o Sr. presidente como o grupo de goberno ata os porían do seu bolso, pero é algo máis complicado. En todo caso que lidere ese tema quen o ten que liderar e non andar con caprichos paralelos. Parece que lles preocupa moito o plan de emprego de 2015 e seguramente lles vai gustar. Na medida do posible darase resposta a estas demandas, pero de todas as comarcas, non só da Ribeira Sacra por moi importante que sexa, que o é. En canto a que un convenio non é unha subvención, di que lle chame como queira, porque onde goberna o Partido Socialista utiliza esa fórmula, por iso lles gusta tanto. Respecto de San Pedro de Rocas, reitera que se trata dun monumento de titularidade provincial, polo tanto merece unha atención, senón especial, case

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

especial.

D.^a Victoria Morenza Doforno, do Grupo Socialista, di que as iniciativas que presenta o Partido Socialista non son persoais, son iniciativas de grupo. Niguén pretende un minuto de gloria. Pensa que os concellos tamén terán algo que dicir, á parte da sintura do convenio do que forman parte as deputacións de Lugo e Ourense e o Consorcio. EstE foi un dos principais obstáculos que se lle puxo naquel momento a toda a polémica que xurdiu cando se deron os primeiros pasos, que había unha discrepancia e despois chegouse a un consenso grazas ao Partido Socialista, que mostrou sempre a súa actitude positiva cara isto, porque o Sr. Baltar, ás veces, sáese do testro.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, e ao obter o voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15) e do BNG (2) a moción queda rexeitada.

12º.- DACIÓN DE CONTA AO PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DO MES DE MARZO DE 2014 E DO 1º ADICIONAL DE FEBREIRO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia no mes de marzo de 2014, e do 1º adicional de febreiro de 2014.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

13º.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DO MES DE MARZO DE 2014 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 2º DE DECEMBRO DE 2013 E 2º DE XANEIRO E 1º DE FEBREIRO DE 2014.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia no mes de marzo de 2014 e dos seguintes adicionais: 2º de decembro de 2013 e 2º de xaneiro e 1º de febreiro de 2014.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

14º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, pide a palabra para formular unha cuestión de orde con respecto á moción que presentaron sobre a paralización do trazado da A-52-Fronteira portuguesa. Di que están presentes membros da plataforma que estarían dispostos a defender a moción, polo que se o resto dos grupos están de acordo en tratar esta moción en primeiro lugar, eles cederanlle a palabra a un membro da plataforma para que a defenda.

Seguidamente o Sr. presidente somete a votación a urxencia da moción, que é aprobada por unanimidade e tamén lles pregunta aos señores deputados se están de acordo en tratar este asunto en primeiro lugar, xa que polo número de rexistro non lle correspondería.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que ao Grupo Popular tamén lles parece ben que interveña a plataforma, pero pide que a posición dos grupos se manifeste na primeira intervención.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que eles non teñen ningún inconveniente en tratar este asunto en primeiro lugar.

O Sr. presidente manifesta que se trata de cambiar a orde de debate desta moción, unha vez aprobada a urxencia, e que en nome do grupo fale un representante dunha plataforma.

Seguidamente acórdase por unanimidade que a primeira intervención sexa dos grupos políticos e na segunda quenda de intervencións interveña o representante da plataforma.

A continuación trátase o seguinte asunto:

14º A.- MOCIÓN DO BNG A RESPECTO DA PARALIZACIÓN DO TRAZADO DA A-52.FRONTEIRA PORTUGUESA.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr Rodríguez Puga, para que expoña o contido da moción.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que xuño de 2004, o grupo provincial do BNG presentou na deputación unha iniciativa a respecto da autovía que vai desde a saída da A-52, no límite do concello de San Cibrao das Viñas ata a fronteira portuguesa, na que se pedía que a Deputación presentara unha alegación ao proxecto construtivo da estrada demandando que esta fora unha plataforma con dobre carril na totalidade do seu trazado. O daquela vicepresidente da Deputación e portavoz do grupo popular, Rogelio Martínez,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

xustificou o voto en contra do seu grupo, aducindo que aínda que inicialmente a dobre vía só se contemplaba ata Vereá, as expropiacións xa contemplaban a posibilidade dun futuro desdoblamento no restante trazado ata a fronteira. O resultado foi que se aprobou a autovía ata Vereá e a mellora da OU-540 coas variantes de Vereá e Bande, cun orzamento de 13 millóns de euros. Pois ben, 10 anos despois, constatan que non só non é certo senón que o pasado mes de marzo no Diario Oficial de Galicia (DOG) publicábase a reversión dos predios afectados polo trazado aos seus donos, o que implica a anulación definitiva da segunda fase do proxecto viario e por conseguinte a anulación das variantes de Vereá e Bande, contempladas nesta segunda fase. Dun saque os veciños e veciñas afectados comprobaban que ao devolverlle os predios non só non valen nada, senón que aínda por enriba moitas delas non teñen acceso. Esta é a enésima discriminación da Xunta con Ourense e coas comarcas máis desfavorecidas, en beneficio da Galiza Atlántica e das zonas costeiras, que son as que se levan a meirande parte dos recursos. Sen dúbida ningunha, esta anulación repercutirá moi negativamente no resto da provincia e suporá o illamento definitivo da Galiza interior do sur ao deixar sen efecto o proxecto de mellora da estrada, aprobado conxuntamente co da autovía, que conecta Ourense coa chamada raia portuguesa, e que se traduciría na creación das variantes de Bande e Vereá. Por todo o anterior exposto, solicitan a adopción por parte do Pleno da deputación do seguinte acordo: A Deputación insta á Xunta de Galiza para que deixe sen efecto a paralización do proxecto e que complete a súa execución tal e como está contemplado.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, manifesta que esta si que é discriminación, pero negativa para a provincia de Ourense. Xa ten falado moitas veces nesta Deputación da discriminación que sofre a provincia de Ourense por parte da política do Sr. Feijóo, que presume (como o Sr. presidente) de ourensanía e de ser ourensán. Outro incumprimento máis para os cidadáns que viven na Galicia interior é máis afastada, pero tamén a ruptura co seu futuro, que pasa por darlles solución aos problemas de illamento da Baixa Limia (á que coñece ben o portavoz do Grupo Popular por ser alcalde dun dos concellos que conforman a comarca). Esa zoan tamén debe se desenvolvida como eurorrexión, xa que nos conecta co país veciño con poboacións de máis de corenta mil habitantes, para ser un fluxo de persoas e mercancías e tamén de servizos básico, por non falar da importancia de coñecer, poñer en valor e divulgar o termalismo de Lobios ou un dos parques máis importantes de Portugal e tamén do sur de Galicia. Ademais do illamento

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

dunha das comarcas que abrangue cinco concellos, supón que lles terán que explicar aos veciños por qué o goberno de Feijóo os relega a cidadáns de segunda categoría, dividindo como sempre fai o PP entre cidadáns de primeira e cidadáns de segunda. Decía o decreto que agora veñen de anular (o pasado mes de marzo) *que la declaración de urgente ocupación de los bienes y derechos precisos para la realización de las obras comprendidas en el proyecto técnico señalado, se considera necesaria siendo los motivos, razones y oportunidad que la motivan los de resolver los actuales problemas de capacidad viaria, así como los futuros para la zona, pues esta situación va a resolver las serias dificultades que se están ocasionando por la circulación con la actual configuración de las carreteras existentes, y además se va a establecer una sustancial mejora de las conexiones de Galicia con la zona nordeste de Portugal, constituyéndose de esta manera un eje articulador de tráfico de la Comarca Terra de Celanova y Baixa Limia y la capitalidad de la provincia, así como con el resto de Galicia, por lo que los beneficios derivados de esta actuación conseguirán indudables mejoras de orden económico, al facilitarse el tránsito de personas y mercancías con Portugal, lo que siempre incide en un incremento de las relaciones comerciales y por ende de la actividad económica, y mejoras de los parámetros de esta índole de una zona especialmente necesitada.* Isto dicíase no decreto asinado polo Sr. Feijóo e por D. Agustín Hernández. Tamén dicía que a execución desa infraestrutura se considerará primordial, de aí a necesidade da declaración da urxencia ocupación dos bens e dereitos afectados. Todo isto que se dicía no ano 2009 resulta que queda en papel mollado e pau porque remas e pau porque non remas, a situación é a que é, e volvemos ao de sempre., hai que adaptarse aos tempos nos que estamos e a situación de crise paraliza moitos proxectos, entre eles ese que ía mellorar amplamente a zona. Pide que lles expliquen isto aos veciños e de paso que lles expliquen tamén por qué construíron unha autovía en vez dunha vía rápida que nos conectase directamente coa fronteira, que iso era, entre outras cousas, o que estaba proxectado. Anuncia que seu grupo votará a favor da moción.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, agradécelles aos veciños da zona a súa loita pacífica e ánimo a que sigan loitando pacificamente e sen bandeiras partidistas, xa que esa será a loita de todos (incluída a del). Están a favor do texto da proposta do acordo da moción (sen entrar na exposición de motivos). Á marxe do que poidan dicir os veciños, di que está pendente unha visita dos alcaldes da Limia, acompañados polo presidente da Deputación, co Sr. conselleiro e, cando menos, van intentar reconducir o asunto.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

A continuación intervén **D. Agustín Benito Martínez Pérez**, veciño de Lobios, integrante da xunta directiva da Asociación Plataforma para o desenvolvemento social, natural e económico da Baixa Limia, na que cabe todo tipo de xente e non se miran ideoloxías para a participación. Dálle as grazas ao BNG por ofrecerlles esta intervención, pero pide que neste momento os integrantes do Pleno se afasten de calquera tipo de ideoloxía, porque isto é unha cuestión de supervivencia da Baixa Limia, pero tamén da provincia de Ourense, porque esta é unha vía fundamental. Pensa que o Sr. Álvarez Dobaño (deputado da comarca e alcalde dun concello dos máis afectados por este tema) debería defender este tema. A plataforma segue a desenvolver actuacións porque ve que todo está parado e en vez de abrir o tema estase a pechar. Lembra que a segunda fase desta estrada foi orzamentada dentro da estrada orixinaria, porque se dá a confusión dicindo que é autovía ata a fronteira. Eles non piden autovía ata a fronteira (oxalá a puideran pedir ata a fronteira), senón que piden que se remate o eixo de comunicacións en que consistía a AEG 36 a Celanova e o resto a mellora da estrada OU-540 ata a fronteira portuguesa da Madalena en Lobios. Dos 130 millóns de euros orzamentados para todas as actuacións, restan por rematar 13 millóns de euros, que é o orzamento da segunda fase. Este orzamento era para que se levaran a cabo as variantes de Vereia, Bande, desdoblamento da estrada nalgunhas zonas de montaña e o arranxo de todo o firme. Non están a falar dunha obra monumental ou de acabar a autovía ata a fronteira, están falando de acabar a única estrada e a vía principal de comunicación que ten a Baixa Limia coa provincia de Ourense. A asociación á que representa reuniuse co Sr. conselleiro de Infraestruturas dúas veces. O Sr. conselleiro alegou á falta de cartos debido á crise económica para rematar esta segunda fase, pero que en ningún momento se ía anular o proxecto e que cando houberse cartos se ía facer. Eles lle pediron incluso que se fixera unha programación plurianual de 4, 5 ou 6 anos, para poder rematar a obra, porque se se inclúe nos orzamentos da Xunta podería supoñer un investimento de máis ou menos o 0,3% do seu orzamento. Cren que a Baixa Limia merece ese esforzo da Xunta durante 5 ou 6 anos e así poder rematar a estrada. A Baixa Limia, ao igual que a maioría das comarcas de Ourense, é unha zona carente de moitos servizos, como por exemplo en servizos sanitarios a partir das dúas da tarde de calquera día da semana, e a partir do venres ás dúas da tarde e ata o luns, se queren ter un médico os concellos e aldeas máis afastadas teñen que recorrer (ida e volta) ata 50 ou 60 quilómetros, e se lle engadimos agora as novas gardas farmacéuticas podería chegarse aos 100 quilómetros. Refire isto porque para recorrer eses quilómetros teñen que circular pola estrada da que se está a falar, porque non hai outra. Tamén os

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

rapaces, a partir da ESO, se queren recibir ensino teñen que recorrer unha cantidade similar de quilómetros para ir aos centros de ensino de Bande ou Celanova por esa mesma estrada. Os servizos provinciais, como pode ser a recollida de lixo, ou os autonómicos, como pode ser as emerxencias, usan esa mesma estrada. Con isto quere dicir que esta é unha vía básica, e iso mesmo o din as directrices de ordenación do territorio de Galicia, que se supón que é o teito fundamental de planificación do territorio de Galicia. As ditas directrices de ordenación do territorio sinalan esa vía como unha das tres vías preferentes e estratéxicas para artellar o Eixo Atlántico e a Eurorrexión, xunco coa de Tui e a de Verín-Chaves. Tamén din estas directrices que a Comarca da Baixa Limia é unha comarca moi infradotada en servizos básicos e infraestruturas e que hai que potenciar isto dada a riqueza paisaxística (son reserva da biosfera, teñen o parque natural máis grande de toda Galicia, hai unha vía romana, igrexas visigóticas, igrexas románicas, multitude de capelas, multitude de historia e multitude de valores medioambientais). A Xunta escúsase en motivos económicos para non levar a cabo as obras, vai negociar co goberno do Estado o tema económico e o seu reparto, poñendo sempre diante tres fundamentos: a dispersión, a distancia e o envellecemento de Galicia. Pregúntanse se ese argumento serve para obter fondos para Galicia, por qué a comarca máis illada, máis envellecida e máis distante, non ten dereito a un 0,3% do orzamento para estradas para que se remate a única vía de comunicación que ten co resto do mundo e coa capital da provincia. Ademais das razóns económicas, deben preguntarse cantos cartos no orzamento de ingresos consegue a Xunta de Galicia por ter precisamente a reserva da biosfera, por ter o parque natural e incluso, vía indirecta e positiva, por ter as grandes infraestruturas hidroeléctricas na comarca. Pensa que poderían ser acredores dun anaco da torta para poder ter rematada a única estrada e vía de comunicación da comarca. Para finalizar di que, administrativamente e politicamente, cando se vive na capital ou se actúa na capital vense as cousas de pequenos concellos ou de pequenas aldeas cunha mentalidade diferente. Pénsase na poboación e non se teñen en conta moitas argumentacións e tampouco se reflexiona se son cousas de interese para todos ou só para esa pequena aldea. A provincia de Ourense e a súa capital leva anos e anos intentado promover o turismo (fundamentalmente o termal) e o comercio e a industria e as estradas teñen unha dirección, pero teñen dous sentidos. Está a falar dunha vía transcendental para a provincia de Ourense e Portugal e lembra que por esa vía Oporto sitúase a aproximadamente 180 quilómetros (ata 60 quilómetros de Oporto non hai peaxe). Está a falar dun potencial consumidor de turismo, comercio e industria, susceptible de catro millóns e medio de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

habitantes. Eses habitantes, se veñen pola estrada de Tui quedarán en Vigo e se veñen pola de Verín (que son máis quilómetros e con a peaxe) non van vir a Ourense. Pensan que a principal prexudicada pola non execución desta vía é a Baixa Limia pero, ao longo, supón tamén a morte da provincia de Ourense e da capital, porque se está negando o acceso a un mercado potencialmente económico e turístico moi interesante para a provincia. Dá as grazas pola atención prestada e pide que a moción non quede só neso, e que se faga un esforzo para que se poida rematar a estrada.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG, e por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros corporativos, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Instar á Xunta de Galicia para que deixe sen efecto a paralización do proxecto e que complete a súa execución tal e como está contemplado.

14ºB.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO SOCIALISTA E DO BNG PARA SOLICITAR A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA DO PODER XUDICIAL.-

Trala unánime declaración da urxencia do asunto, por ter un contido diferente esta moción da que se tratou en comisións informativas, o Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular presentou unha emenda de substitución e cédelle a palabra ao Sr. Rodríguez Puga.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dá lectura á moción, co seguinte contido: *O pasado 4 de abril o Consello de Ministros aprobou o atenproxecto de lei orgánica do poder xudicial. Esta anteproxecto, entre outras cuestións unha nova estrutura xudicial, que en Galicia suporá a desaparición de 41 distritos xudiciais e unha fonda alteración do funcionamento da xustiza, da accesibilidade dos cidadáns e dos custos derivados. Este anteproxecto de lei está a xeral alarma entre os/as profesionais do ámbito da xustiza, concellos e na cidadanía en xeral, porque o goberno, lonxe de proceder a deseñar unha actualización das demarcacións xudiciais, para adaptalas ás mudanzas demográficas, o que fai é reducilas a unha única na capital da provincia. En Ourense desaparecerían 8 dos 9 distritos xudiciais da provincia: O Barco de Valdeorras, A Pobra de Trives, Verín, Xinzo de Limia, Bande, Celanova, Ribadavia e O Carballiño. De aplicarse unha reforma nesta liña as consecuencias serían moi prexudiciais para a cidadanía: afastamento da xustiza, encarecemento e inaccesibilidade a un servizo público básico. Para a plataforma Xustiza para tod@s-Ourense, o que temos enriba da mesa non é unha reforma tan só dos partidos xudiciais; do que se trata é dunha volta completa á administración de xustiza, un paso máis na regresión da administración de xustiza, iniciada coa implantación das taxas xudiciais, a eliminación dos xulgados de paz nos concellos e a privatización dos rexistros civís, un*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

servizo que foi público desde 1870, que pasaría a ser privado e a depender d@s rexistrador@s da propiedade, que custaría 180 millóns ao ano pagados en forma de tributo pola cidadanía e deixa no aire o emprego de 3.500 persoas en todo o Estado, coa intención de dificultar o acceso da maioría das persoas, facer unha xustiza cada vez máis inaccesible, arredándoa dunha configuración como xustiza universal, e configurándoa como unha xustiza de dúas velocidades: unha para a grande banca, as grandes empresas e as persoas con recursos económicos e outra para as persoas con menos recursos. Reforma que vai en paralelo con outras como a reforma da administración local ou a lei de seguridade cidadá (lei mordaza), declarada inconstitucional, que pretende vulnerar dereitos fundamentais como a liberdade de expresión e de información. O anteproxecto de lei de reforma do poder xudicial pretende xerarquizar a militarizar a xustiza, creando unha carreira xudicial piramidal a través dunha estrutura máis porosa ao poder político e reforza o proceso recentralizador emprendido polo Partido Popular, ao apostar por unha reestruturación dos órganos xudiciais que non ten en conta a diversa realidade territorial, senón que se inspira nunha uniformización da planta xudicial que irá en detrimento dun servizo de xustiza de proximidade á cidadanía. Estamos, pois, diante dunha reforma que non ten en conta as nosas particularidades sociais, territoriais, demográficas e de asentamento no territorio. No caso galego, esta proposta é terriblemente lesiva polo factor de dispersión poboacional. Ademais, no canto de achegar unha administración a todas as persoas, o que fai é afastala na maior parte do territorio galego. Por iso, a plataforma Xustiza para tod@s-Ourense, a través dos grupos provinciais do PSdeG.-PSOE e do BNG, solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo: dirixirse ao Goberno do Estado co fin de solicitarlle: A.- A retirada do anteproxecto de lei orgánica do poder xudicial. B.- O impulso dunha reforma en profundidade da organización da administración de xustiza, que teña en conta as peculiaridades de Galicia e que asegure o mantemento de partidos xudiciais nas cidades e os municipios de maior poboación e aqueles que sexan cabeceiras de comarca. C.- Que permita ou realice os actos necesarios para a entrada en vigor da Lei 20/2011, do 21 de xullo, do Rexistro Civil, o día 22 de xullo deste ano 2014, día no que finaliza a vacatio legis, lei que mantén o Rexistro Civil como un rexistro público e gratuito”.

D.^a Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista, quere aludir a que hoxe é un día histórico e quere darlle os parabéns ao Sr. presidente, porque supón o seu bautizo ético. Por fin ten un código ético para as persoas que, como ela, desde idades moi temperás xa llo ensinaron nas súas casas. Parécelle algo sumamente importante e quere aproveitar tamén este espazo para

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

recoñecerlle ao profesor que lle ensinou a ela o que era un código ético (o catedrático don Arturo Leite Coello). Tamén quere aproveitar este espazo para dicirlle a don Plácido que non sabe o que lle quixo dicir coa alusión ás asistencias técnicas, porque como se di: cada pau que aguante a súa vela. Ela non ten ningún problema con asistencias técnicas ilegais ou ilexítimas, pero agradécelle que a teña en conta e vai tomar isto como un cumprido. En canto ao asunto para tratar di que hai xustamente dous anos (31 de maio de 2012) e neste mesmo salón de plenos, ela mesma, en nome do PSOE, defendía unha moción onde se advertía que entre recorte e recorte lle tocada a quenda á xustiza. Daquela falábase dos recortes xudiciais que encarecerían a xustiza e a afastarían dos cidadáns. Denunciaban tamén as inxustas taxas xudiciais, que establecen un sistema real de acceso a xustiza só para persoas con capacidade económica alta, privando a aquelas que non dispoñan dunha capacidade económica desafogada, da interposición de reclamacións xudiciais en defensa dos seus dereitos ou intereses. Tamén advertían da intención de eliminar as demarcacións xudiciais, afastando a xustiza dos cidadáns. Lembra perfectamente como o señor voceiro do PP, a replicaba dicindo textualmente *“que se trataba dun documento de traballo que será obxecto de análise e estudo e que irá recibindo achegas e suxestións, incluso da oposición, e polo tanto un documento perfectible u mellorable”* Xa se viu, a proposta do executivo segue a ser unha liña de reformas unilaterais, con recortes de dereitos e limitacións de liberdades. Daquela o Sr Gallardón dixo que a proposta era só un informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, pero realmente era unha decisión política. Naquel informe que inspiraba a lei se reducían de 45 a 13 as actuais demarcacións en Galicia, en concreto, na provincia de Ourense quedarían dúas plantas xudiciais, a saber Ourense e O Barco. Pero hoxe, aínda é moito peor, co actual borrador da lei, só a capital de Ourense será sede xudicial. Quere lembrar tamén a inacción da Xunta de Galicia. O Sr. Rueda dixo que o Goberno central debería contar coa Xunta de Galicia á hora de redactar a reforma da lei de demarcación de plantas xudiciais, pero non o fixo, ao parecer non o escoitaron. O anteproxecto de Lei orgánica do poder xudicial, está feito á medida das necesidades do Partido Popular, pois limita a liberdade de expresión, permitindo unha única voz, a voz do Consello Xeral do Poder Xudicial. A dita limitación aplicada hoxe en día só aos xuíces, amplíase ás asociacións de xuíces, pois como é sabido as asociacións son unha canle para expresar o parecer dos xuíces. Trátase de silenciar ao poder xudicial, que só poderán facer comentarios de índole doutrinal ou científica en publicacións ou en foros especializados, e están ameazados por un réxime disciplinario severo. Pérdense por esta vía

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

liberdades e privase á sociedade do criterio dos xuíces en asuntos de relevancia. Pero esta mordaza vai máis alá, permítelle ao Consello Xeral do Poder Xudicial ordenar a un medio de comunicación, un político ou a outro xuíz que deixen de informar ou falar sobre o traballo dun maxistrado que sinta perturbada a súa independencia xudicial. Non se garante a independencia xudicial porque non quedan garantidos nin a inamobilidade dos xuíces nin a garantía do xuíz natural: isto é a garantía de que a toda persoa a xulgará o xuíz que lle toca por lei, e non un xuíz ou tribunal elixido *ad hoc*, para isto en concreto. A reforma suprime os decanatos, que son un órgano elixido democraticamente polos propios xuíces. Coa reforma da lei quedará unha xudicatura piramidal cun presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial, dezasete presidentes dos tribunais superiores de xustiza e cincuenta presidentes dos tribunais de instancia. Desaparecerán tamén os xulgados de paz. Liquidaranse os partidos xudiciais. Os tribunais provinciais de instancia asumirán todas as competencias actuais dos xulgados e en todas as ordes xurisdicionais. O seu ámbito territorial será provincial, desaparecendo así a práctica totalidade dos partidos xudiciais e con elo, ducias de órganos xudiciais. Daranse en Galicia situacións paradoxais como as de Santiago de Compostela, capital administrativa de Galicia, que podería quedar despoxada de órganos xudiciais; ou na nosa provincia no caso do Barco de Valdeorras, que está a máis de 100 quilómetros da cidade de Ourense, que tamén deixaría de ser unha sede xudicial. Polo tanto, dende o Grupo Socialista da Deputación, e dende a plataforma Xustiza para tod@s, queren facer un chamamento social. Esta reforma é un despropósito, supón un ataque á xustiza, á xente, aos dereitos, un golpe mortal ao mundo rural. Non sabe o que pensan os señores do PP en Ourense ou que pensan os alcaldes de que desapareza este servizo básico. Galicia ten características demográficas e xeográficas diferentes, como outras comunidades autónomas. Así mesmo ten unha composición comarcal moi definida. Dende logo a provincia de Ourense sería unha gran prexudicada con esta medida. Os cargos do Partido Popular de Ourense non poden ser marionetas en mans do Sr. Gallardón. Este modelo de eliminación de sedes xudiciais, algunhas por certo, con infraestruturas de menos de 10 anos de antigüidade, xera un afastamento e unha concentración da administración de xustiza contraria aos intereses da cidadanía ao eliminar os partidos xudiciais, e algo moi importante: as audiencias provinciais, que desaparecen da demarcación xudicial, sendo asumidas parte das súas competencias polos tribunais superiores de xustiza. Isto quere dicir que en segunda instancia se terá que ir recorrer á cidade da Coruña no caso de Ourense. Isto suporá un colapso,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

con toda probabilidade, dos tribunais superiores de xustiza e dos tribunais provinciais de instancia, xa que o número de xuíces non se vai incrementar, porque xa se encargou o Goberno de España de recortar a xustiza ata o límite de non contar con diñeiro suficiente para o funcionamento ordinario dos xulgados e tribunais. A asociación “*Jueces para la democracia*”, cualifica a estrutura exposta como militarizada. Crecerán as influencias dos órganos vinculados ao poder político, xa que o presidente dun tribunal de instancia pode decidir qué xuíz instrúe un asunto ou cal non. Así, en asuntos incómodos para o poder político, (como o de D. Rogelio Martínez, por exemplo en Ourense), poderase elixir un xuíz en lugar doutro máis incómodo. Como é algo que podo predicir, vaise a anticipar e lles vai expoñer brevemente, cales son as propostas do Partido Socialista: demandan a modernización da administración de xustiza, a través de todos os medios posibles (tales como reformas de leis procesuais, a regulación de solucións extraxudiciais alternativas, a racionalización dos medios materiais e humanos existentes, a dotación de suficientes medios económicosA xustiza non se moderniza por unificar sedes xudiciais, nin por distanciar a xustiza dos xusticiables como se propón, porque elo levaría consigo grandes investimentos económicos para construcións de varias cidades da xustiza en todas as provincias. Dende o Partidos Socialista valorarase positivamente unha reforma da planta xudicial que sen afectar ao ámbito territorial nin á suspensión dos xulgados actuais, teña por finalidade a mellora da calidade dun servizo público que ten rango constitucional, nin mais nin menos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que por un momento pensou que estaba sentado nunha bancada do Parlamento, no Congreso ou no Senado. Pensa que o que relatou a Sra. Vázquez llo debería pasar aos seus representantes no Congreso ou no Senado para cando chegue alí este anteproxecto, porque esta é a Deputación de Ourense. Con respecto ás asistencias técnicas di que parece ser que non se entendeu e a Sra. Vázquez parece estar nun goberno onde non goberna, a agora xa parece que hai tres gobernos: os que están dun lado, os que están do outro e os que están no medio que non saben onde van. Manifesta que a idea de reformar a estrutura territorial actual dos partidos xudiciais non xorde agora. Foi un proxecto alentado e defendido con vehemencia polo partido socialista cando gobernaba en Madrid. O Sr. Caamaño tamén quería reformar a lei. O seu Plan para a modernización da xustiza 2009-2012 incluía un eixo sobre demarcación. Contemplaba a modificación do ámbito territorial dos partidos xudiciais a través da concentración dos recursos persoais e materiais para

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

o seu mellor aproveitamento. Ademais, en 2009 nomeou a un grupo de expertos para formular recomendacións. O seu pronunciamento foi taxativo, ao sinalar abertamente a necesidade de superar o partido xudicial como base do modelo. A comisión falaba de *evitar una dispersión excesiva de medios personales y materiales que quebrantarían los principios de racionalidad, economía y aprovechamiento de recursos públicos por los que se rige toda organización eficaz*. E instaba a *estudiar fórmulas que superen la división actual en partidos judiciales del siglo XIX, implantando estructuras más amplias y funcionales, acordes con la sociedad de hoy*. Estas conclusións foron avaliadas persoalmente polo anterior ministro de Xustiza, nun acto que tivo lugar no ano 2010, que dicía: *el partido judicial es una realidad peculiar o exclusiva, inadaptable a la realidad. Un modelo organizativo caduco. El incrementalismo – dicía en referencia á creación de novos xulgados – no resuelve los problemas. Es necesario para abordar cambios de fondo. Hay que diseñar una nueva estructura territorial, reorganizar la planta*. A posición do anterior ministro era categórica e inequívoca no sentido de deseñar unha nova estrutura territorial, que superase a realidade dos actuais partidos xudiciais. Igual, agora o Partido Socialista de Galicia (ou a Sra. Vázquez) non comparte os criterios do seu actual secretario xeral da Coruña. Con respecto ao anteproxecto obxecto do debate, manifesta que aínda queda unha longa tramitación ata a súa aprobación definitiva, moitos meses ou máis dun ano. O anteproxecto remitiráselles aos órganos consultivos (Consello Xeral do Poder Xudicial, Consello de Estado, Consello Fiscal) que farán achegas. Despois irá ao Consello de Ministros e de aí pasará ao Congreso e ao Senado. É dicir, durante a longa tramitación que aínda resta, o anteproxecto sufrirá modificacións que permitirán o seu enriquecemento ou a súa mellora. Non se pode esquecer que para o completo desenvolvemento da lei é necesaria a aprobación dunha nova Lei de demarcación e planta xudicial, que non está prevista nesta lexislatura (ao mellor acaba gobernando a oposición e dan a alegría de facer un texto distinto ao do Sr. Caamaño e disinto ao de agora). Todos están de acordo en que a xustiza española é lenta e os xulgados están colapsados. Unha administración de xustiza lenta non fai xustiza. Así o pensa, non só o goberno, senón tamén varias comisións de expertos e está seguro que todos os que están aquí. No prazo dun ano desde que entre en vigor a Lei orgánica do poder xudicial (que aínda está en fase inicial) formularase unha proposta de organización en materia de demarcación xudicial, que respecto os criterios citados anteriormente. O Grupo Popular desta Deputación non esquece que Galicia ten unha serie de peculiaridades e especificidades propias como son o importante

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

volume de poboación que vive nas sete grandes cidades (un millón de persoas, máis do 36% dos habitantes da comunidade) a dispersión xeográfica, o envellecemento da poboación e as características orográficas, que dificultan en moitos casos os desprazamentos á capital da provincia. Teñen claro que o actual goberno da Xunta de Galicia levou a cabo nestes últimos anos un importante esforzo económico (superior ao 50 millóns de euros) en materia de infraestruturas xudiciais, tanto en novas construción como en reformas ou ampliacións. Entre outros, estes son os motivos polos que reivindican que a futura Lei orgánica do poder xudicial teña en conta as especificidades de Galicia, de tal xeito que as sete cidades galegas contén tribunais de instancia. Tamén demandan que para definir a futura planta xudicial sexan tidos en conta criterios relacionados directamente coas características socioeconómicas, xeográficas, poboacionais, redes de comunicación e o esforzo investidor realizado pola Xunta de Galicia á hora de construír e dotar ás sedes xudiciais que a día de hoxe existen nas catro provincias galegas. De aí que, aínda valorando o esforzo que está a facer a plataforma Xustiza para tod@s-Ourense e tamén os grupos do BNG e Socialista (por apoialo) o Grupo Popular entende que debe presentar unha emenda de substitución, onde deixan clara a súa posición. Seguidamente dá lectura á emenda, co seguinte contido: *O Pleno da Deputación de Ourense: 1º.- Manifesta o seu rexeitamento á previsión do anteproxecto de Lei orgánica do poder xudicial, que determina a desaparición dos actuais partidos xudiciais na provincia de Ourense. 2º.- Insta ao Goberno do Estado a que garanta o mantemento dos actuais partidos xudiciais na nosa provincia. 3º.- Dá traslado deste acordo a todos os concellos da provincia de Ourense, á Xunta de Galicia e ao Goberno de España para o seu coñecemento e efectos oportunos.* Esta é a postura do Grupo Popular da Deputación de Ourense, que non é a marioneta de ninguén.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que a reforma da Lei orgánica do poder xudicial, lonxe de converterse na xustiza do século XXI, o que vai conseguir é afastala aínda máis dos cidadáns. O que temos enriba da mesa non é unha reforma dos partidos xudiciais; do que se trata é dunha volta completa á administración de xustiza, para establecer un tribunal de instancia de ámbito provincial, agás Ceuta e Melilla, e tamén se establece a posibilidade de que o seu ámbito territorial sexa superior á provincia, e que será competente en todas as ordes xurisdicionais. Isto significa que terán que desaparecer todos os xulgados que existen actualmente nos pobos, o que obrigará aos cidadáns a desprazarse á capital da súa provincia sempre que teñan que acudir ante a Xustiza. Isto é o esencial que ten preocupar,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

porque todos os que están aquí saben o que supón iso. Para o Ministerio, os partidos xudiciais son propios do século XIX cando os transportes e as comunicacións eran difíciles e, por conseguinte, conviña unha presenza territorial difusa da xudicatura, segundo se explica na exposición de motivos do anteproxecto. O que significa iso é un descoñecemento total e absoluto da nosa realidade. Estamos, pois, diante dunha reforma aberrante, que reforza a estruturación provincial e non ten en conta as nosas particularidades sociais, territoriais, demográficas e de asentamento no territorio. No caso galego, esta proposta é terriblemente lesiva polo factor da dispersión poboacional. Ademais, no canto de achegar unha administración a todas as persoas, o que fai é afastala na maior parte do territorio galego. A reforma é un paso máis na regresión da administración de xustiza, iniciada coa implantación das taxas xudiciais, supresión dos xuíces de paz e a privatización dos rexistros civís, coa intención de dificultar o acceso de maioría das persoas, facer unha xustiza cada vez máis inaccesíbel, arredándoa dunha configuración como xustiza universal, e configurándoa como unha xustiza para a grande banca, as grandes empresas e as persoas con recursos económicos. Esta decisión é moi criticada non só pola carreira xudicial, senón por outros sectores como os secretarios xudiciais, fiscais e funcionarios, que ven como claramente o que se vai a conseguir é afastar aínda máis a xustiza da xente. Ademais, para facer esta proposta unha realidade, téñense que trasladar non só todos os xuíces ás capitais, senón toda a oficina xudicial necesaria para que a administración de xustiza funcione, o que supón contar cuns edificios e espazos que a día de hoxe non existen. Téñense que trasladar non só todos os xuíces ás capitais, senón tamén toda a oficina xudicial, o que supón contar cuns edificios e espazos que a día de hoxe non existen. É un golpe para presidentes autonómicos e alcaldes. Xunto a isto, tamén terá que ser modificado o Estatuto do Ministerio Fiscal, que deberá cambiar a súa estrutura despois de que fai sete anos crease o fiscal de área precisamente para atender os partidos xudiciais que agora se eliminan. Substitúese ao xuíz decano por un comisario político. O Tribunal Provincial de Instancia vai substituír aos xulgados e ás audiencias provinciais. Ao desaparecer os xulgados unipersoais, tamén o fai o xuíz decano, elixido ata agora democraticamente polo resto de compañeiros. En caso de aprobarse este anteproxecto, o presidente do Tribunal Provincial de Instancia será elixido polo Consello Xeral do Poder Xudicial, algo que para membros da carreira xudicial é un novo intento de politización da xustiza. Ata agora, o xuíz decano tiña a capacidade de convocar xuntas de xuíces, polas que estes se expresaban e mostraban as súas críticas. Trátase de crear

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

unha estrutura máis porosa ao poder político, ao ser agora o máximo representante de todos os xulgados unha persoa designada por un órgano claramente politizado, posto que os seus membros son elixidos polo Congreso e o Senado. Fontes xurídicas sinalan que esta reforma é unha mostra do medo que se lle ten ao xuíz instructor, que debe ser controlado. É máis, en causas de especial complexidade, polo tempo de duración, o tipo de delitos ou número de imputados, pódese decidir que sexan tres os xuíces que instrúan a causa, un formato que algúns relacionan cunha intención de controlar as instrucións e outros interpretan como un xeito de minorar aínda máis as investigacións, ao ter que poñerse de acordo tres xuíces nas súas resolucións. Este novo modelo busca xerarquizar e crear unha carreira xudicial piramidal, semellante ao Ministerio Fiscal, o que podería vulnerar ao xuíz predeterminado por lei. A reforma, en definitiva, pretende lograr máis control político dos xuíces, pero non un control político democrático, como debería ser a defensa da independencia do poder xudicial.

D.^a Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista, di que non lle sorprende a intervención de D. Plácido, porque son magos en facer xogos malabares. El di que isto é só un anteproxecto, pero por se as moscas nos concellos estase a votar en contra del, como exemplo pon ao alcalde que ten o Sr. Álvarez Dobaño á súa dereita, que anda moi afanado para conseguir sinaturas para que non desapareza ese distrito xudicial. Amosa un documento asinado por todo o colexio de procuradores de Ourense, que se suma á plataforma. O Partido Popular perdeu a ocasión de sumarse a esta plataforma, xa que nas comisións informativas presentou o documento en nun principio dixeran que si e que como podía ser que Ourense quedase sen os distritos xudiciais e o único que fan é presentar unha emenda que a fai rir, porque é algo descafeinado que non se pode admitir. Pensa que hai que ser máis contundentes e a radiografía que se saca hoxe aquí é que a maioría da sociedade está en contra de que se afaste a xustiza da cidadanía, e son os señores do Partido Popular os que están a favor desta realidade. O único que fai o Partido Popular é faltarlle ao respecto a xente e mentir. O gran mérito do Sr. Gallardón é a súa capacidade para poñer de acordo a todos os operadores xurídicos e a toda a sociedade. Lembra que se dicía que o *taxazo* xudicial ía en gran medida para financiar a xustiza gratuíta. Pregúntalle ao portavoz do Grupo Popular se leva seis meses sen cobrar o seu soldo, porque os profesionais da xustiza, tanto os letrados como os procuradores, levan seis meses sen cobrar o seu traballo. Pregúntase a ver onde están eses cartos que saen dos petos da cidadanía. Anuncia que o Grupo Socialista non aprobará a emenda de substitución que propón o Grupo Popular,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

porque é inasumible e parece un circo, porque nun sitio din unha cousa e aquí outra. Se tanto preocupa este asunto nos concellos poderían sumarse á plataforma Xustiza para tod@s, e non darlle ás costas á sociedade.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dálle a impresión de que cando fala non se entende ou é a Sra. Vázquez Blanco a que non escoita. Deu lectura á emenda de substitución pero debe ser que pensaron que ían estar en contra de todo. Para que se escoite ben volve dar lectura á emenda de substitución, na que se di que o Pleno manifesta o seu rexeitamento á previsión do anteproxecto de Lei orgánica do poder xudicial, que determina a desaparición dos actuais partidos xudiciais na provincia de Ourense (por suposto que o alcalde do Carballiño se ten que preocupar do partido xudicial do Carballiño igual que el se preocupa do de Bande). Insta ao Goberno do Estado para que garanta o mantemento dos actuais partidos xudiciais na nosa provincia así como darlle traslado deste acordo aos concellos de Ourense, á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado. Dille á Sra. Vázquez Blanco que antes de sumarse á plataforma á que se sumaron, presentaron a seguinte moción (aínda que lle chamou á do Grupo Popular descafeinada e outras lindezas): o Pleno da Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno de España o mantemento dos partidos xudiciais na nosa provincia. Esta foi a moción que presentou o Grupo Socialista e non sabe como a cualificaría a Sra. Vázquez Blanco.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, anuncia que o seu grupo vai votar a favor da moción presentada (que presenta a plataforma Xustiza para tod@s), e consideran que hai que ser máis contundentes, polo que só van votar esa moción.

D.^a Mónica Vázquez Blanco, do Grupo Socialista, matiza que o Partido Socialista presentou a moción de rexeitamento á supresión dos partidos xudiciais sa hai moito tempo, pero posteriormente foron convocados para formar parte da plataforma, e ofreceulles a posibilidade de retirar a moción que tiñan presentada e introducir o texto conxunto. O Grupo Popular podería estar dentro da plataforma porque foron invitados para elo.

A continuación, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Martones Fernández, por alusións.

D. Argimiro Marnotes Fernández, do Grupo Popular, dille á Sra. Vázquez Blanco que se todo o que contou aquí ten a mesma veracidade respecto do que dixo del, nada é certo do que dixo. O único grupo político que esta a pedir sinaturas no Carballiño para isto é o Partido

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

Socialista e están mentindo publicamente cando afirman que todas as asociacións están incluídas na plataforma. Ten un correo dunha asociación de veciños que se desmarca de calquera movemento político, porque din que nunca participarán nunha plataforma que teña única e exclusivamente a un partido político por detrás.

Non se producen máis intervencións e o Sr. presidente somete a votación en primeiro lugar a emenda de substitución que presentou o Grupo Popular, que obtén o voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2). Con isto xa non procede votar a moción inicial, porque quedou aprobada a emenda de substitución. En consecuencia, o Pleno adopta o seguinte acordo:

O Pleno da Deputación de Ourense:

1º.- Manifesta o seu rexeitamento á previsión do anteproxecto de Lei orgánica do poder xudicial, que determina a desaparición dos actuais partidos xudiciais na provincia de Ourense.

2º.- Insta ao Goberno do Estado a que garanta o mantemento dos actuais partidos xudiciais na nosa provincia.

3º.- Dá traslado deste acordo a todos os concellos da provincia de Ourense, á Xunta de Galicia e ao Goberno de España para o seu coñecemento e efectos oportunos.

14ºC.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALITA SOBRE A SUBA DO CANON DE SOGAMA.-

Trala unánime declaración da urxencia, por non figurar na orde do día, o Sr. presidente cédelle a palabra ao Sr. Gómez Pérez para que expoña o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, aínda que xa é tarde di que ten que devolver a zapatilla que dan outros, porque hai cousas que lle rinchan. O portavoz do Grupo Popular falou de que se no Partido Socialista eran dous, tres ou catro, pero neste tema de SOGAMA non sabe cantos serán os do Partido Popular. Pregúntalle ao alcalde do Carballiño (xa que saíu botar o peito adiante) qué opina sobre esta suba do 34% ou qué lles di aos veciños, porque aquí dise unha cousa e despois alí faise a contraria. Pregunta qué está a facer o Partido Popular con este tema, ou se están esperando a que pase como coas folgas, que a xente dicía que vaian os que teñen que ir e despois xa se arranxa para todos. Aquí pasa o mesmo, aquí calan e despois din que hai que ir manifestarse. Tamén di que a ver se se esquecen dunha vez do goberno anterior, porque xa hai seis anos que está gobernando o Partido Popular, e xa hai case tres anos que non goberna Zapatero. Os que fan a reforma non son nin Zapatero nin Caamaño,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

senón que son Rajoy, Gallardón, Feijóo e compañía e quen nos quere subir o lixo é o Sr. Feijóo. O Partido Popular, cando é oposición nos concellos, dinlles aos veciños que quen vai subir o lixo é o alcalde. O Partido Popular é o que a aplica a subida, aquí non se defende, e despois dinlles aos demais que son alcaldes socialistas ou os do BNG ou doutros. Pídelle ao Grupo Popular que se poña a defender este tema, porque, como diría D. Plácido, esta moción xa é extemporánea, porque aínda non se aplicou pero xa din que van subir máis. É intolerable que os acusen de non defender aos cidadáns ou de que teñen dobre discurso. Falando do tema anterior preguntalle ao Grupo Popular se están de acordo en que se pechen os xulgados, está seguro de que non, pois entón deberían deixar de representar a quen está facendo estes abusos, a quen sube o lixo o 34%, porque os veciños non teñen culpa da mala xestión. Manifesta que a ver se a Deputación Provincial de Ourense (outras xa o fixeron) é capaz de poñer os servizos xurídicos a disposición de todos os concellos da provincia que teñan transferido o servizo de recollida de lixo para que poidan realizar as reclamacións oportunas e que a Deputación Provincial de Ourense rexeite esta suba do 34% que de forma unilateral formula SOGAMA (agora xa é máis). Seguramente este segundo punto non lles gusta, pero deben dicilo aquí, porque xa está ben da dobre moral. Os alcaldes do BNG, do PSOE e independentes son persoas que razoan, e non son “roxos” como quere dar a entender o conselleiro que non os atende. Sabe que o tratamento do lixo custa cartos e que as subas teñen que existir, pero moderadas e con criterios obxectivos, e, ao mellor, participando os concellos delas (como lle foron ofrecer os alcaldes). Pensa que algúns aínda serán capaces de dicirlles aos veciños que o lixo o sube ZP e Feijóo non ten nada que ver. O Grupo Popular actúa con dobre moral e con discursos que veñen aquí faltarlle ao respecto á oposición e el non vai tragar por esas. Pide que se fagan os deberes dunha vez como se teñen que facer, como alcaldes e como deputados de comarcas, que representan a todos os veciños, e non enganar á xente como fixeron antes, que dicían que non había outras formas de tratar o lixo. Agora estase a ver cales son as consecuencias de todo isto, porque se estiveramos reciclando todo aquilo que non se recicla en SOGAMA e que vai para fóra do país, ao mellor non acontecía isto. Pero como chegaban as eleccións había que facer guerra con aquilo. O Grupo Socialista segue a defender aquel proxecto, despois quixérono facer montando incineradoras, e agora aplícanlles a subida aos veciños. O Grupo Popular, como acaba de demostrar, si que é incoherente.

A continuación, prodúcense as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, enlazando con algo que dicía o portavoz socialista na intervención anterior, di que é difícil entender que defendan aquí unha postura e logo nos concellos voten mocións en contra da subida, instando á Xunta a que retire dos orzamentos a subida do 34% (fala por experiencia municipalista). Indo á raíz do problema, di que a Lei 10/1997, de residuos sólidos urbanos da Galiza e o Plan de xestión dos residuos sólidos urbanos da Galiza, lle atribúen a condición de xestor nas operacións do proceso de xestión de residuos a SOGAMA. Pensan que esta é a base do problema, non se buscan outro tipo de alternativas, ou non se queren buscar por parte dos sucesivos gobernos do Partido Popular. Agora atopámonos con que aos veciños dos concellos lles chega unha subida e agora outra nova (aínda que se comparen con cafés, que con tanto café aquí non se dorme). Ante esta subida do 34%, en teoría, que SOGAMA lles quere repercutir aos nosos veciños e veciñas, existe un grupo de alcaldes (que non son do Partido Popular) que lles din á consellería e ao Sr. Feijoo, de cara, que se van negar a pagalo e a resposta é que, en todo caso, se entrará no fondo de compensación dos concellos, Por detrás, hai outros alcaldes populares que sen dar a cara din que non están de acordo, e anda coa aguillada detrás do resto para que fagan oposición (a palabra *cobardía* queda curta). Esta é unha medida unilateral do PP, sen contar coa opinión dos alcaldes e alcaldesas que están dentro da xestión e que teñen convenios con SOGAMA, única e exclusivamente para salvar un problema económico de SOGAMA, que xorde pola decisión política adoptada polo goberno do Sr. Rajoy de reforma do sector eléctrico. O problema foi xerado polo Partido Popular e a solución, unha vez máis, a conta de todos os cidadáns da provincia. Anuncia que votarán a favor da moción.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que respecta todas as iniciativas que se traen aquí e coa mesma lexitimidade coa que outros lembran gobernos do PP (para ben ou para mal) el tamén pode lembrar outros gobernos. Cando antes se referiu a subgrupos non se refería en ningún momento ao Grupo Provincial Socialista, que en ningún momento deu motivos, pero noutros sitios si os deron, ademais son de dominio público. En canto ao tema que nos ocupa di que xa se falou disto moitas veces, a última foi no pleno do 27 de decembro de 2013, onde aproximadamente se debateu sobre isto unhas dúas horas, non vai ser reiterativo, aínda que debería selo polo que dixo o Sr. Iglesias Pérez, dicindo que o Sr. Rajoy é o culpable da desfeita de SOGAMA. Xa deu datos máis que suficientes do que pasou cando cogobernaban (remítase a acta do pleno mencionado). Manifesta que, en contra do que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

moitos pensan consciente ou inconscientemente, SOGAMA como tal non pode recibir subvencións ou transferencias da Xunta de Galicia, quedando obrigada a autofinanciarse e, polo tanto, a manter por si mesma a súa viabilidade económica. Naquel pleno dixo que a proposta era extemporánea e hoxe tamén o é. Na moción pídese que a Deputación poña os servizos xurídicos a disposición dos concellos para realizar as reclamacións oportunas, pero de que? Tamén se pide que a Deputación Provincial de Ourense rexeite a suba do 34%, pero insubmisos non ponde ser, un pouco rebeldes si, porque o Sr. secretario pasoulle uns datos (que é como un esquiú nestes casos) que din que a Disposición Adicional 21ª da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, establece un canon unitario de tratamento por tonelada no sistema de xestión institucional de residuos domésticos xestionado por SOGAMA de 74,64 €/tonelada (IVE non incluído), que será de aplicación a partir do mes de marzo de 2014. Por conseguinte (que diría o Sr. González expresidente do goberno), a subida do canon de SOGAMA non obedece á modificación unilateral dun contrato por unha das partes, senón a un mandato directo do lexislador, non ten carácter retroactivo (e por conseguinte cumpre o establecido no artigo 9.3 da Constitución Española). En definitiva, dificilmente pode considerarse ilegal algo que é ordenado pola lei, como cae de caixón.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que sempre estamos co mesmo, a defensa dos informes cando conveñen. El xa pediu algún informe tanto a Intervención como a Secretaría e espera que se pronuncien. Esta moción non é extemporánea porque a suba non vai ser só o 34%, ao mellor vai ser un 80%. Pídelle ao Sr. Álvarez Dobaño que non envolva con cuestións que nada teñen que ver co que el falou. El non vai contradicir o que di o Sr. secretario, pero os convenios están aí e haberá que ver se a súa aplicación ten que ser ou non como el está a dicir. Non oíu dicir que non comparten ou que a FEGAMP non está facendo nada e claro que tiñan que facer algo e o primeiro sería aceptar a petición que fan os alcaldes. O PP está utilizando a FEGAMP dunha forma partidista, e con este ritmo pasa o que pasa e igual desaparece. Cando falou de distintos grupos non se refería ao *chascarrillo* que utiliza o Grupo Popular, senón que falaba das distintas sensibilidades e preguntou se estaban de acordo co que está a facer Feijóo, pero non lle responderon (igual porque non se atreven). Non cre que estean de acordo con todo o que fai o Partido Popular ou, como por exemplo, pregunta se están de acordo con que *Espe* bote a correr cando a policía local a quere multar. El non está de acordo con todo o que fai o Partido Socialista e moito menos cunha actitude dese tipo, e o di

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

onde faga falta, aínda que lle custe os seus desgustos. El atreveuse non seu día a poñer a disposición o seu cargo de concelleiro se era verdade algo que dicía o Partido Popular, polo que lles pide aos deputados do grupo de goberno que se atrevan a facer algo similar. Entende que non van apoiar a moción, polo que xa non hai moito máis que discutir.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, se cadra foi un pouco excesivo ao botarlle a culpa a Rajoy da suba de SOGAMA, o problema é SOGAMA e Rajoy incrementou o problema porque a fixo menos eficiente economicamente. Os sucesivos Gobernos do PP na Xunta tiveron empeño en impedir a existencia de plans alternativos como o iniciado no Morrazo ou o que se está a desenvolver pola Mancomunidade do Barbanza (con poucos apoios da Xunta). Pensamos no modelo SOGAMA e pensamos nun modelo de queimar, de coxeneración e non pensamos en modelos máis respectuosos co medio ambiente, aínda que vaíamos aos países do noso entorno para ver como funcionan outros modelos mediomambientalmente. Non se dá unha alternativa a ese modelo, do que todos sabemos que o seu principal problema económico é o transporte, e non se buscan modelos que reduzan eses custos de transporte dos residuos. Non se buscan porque non existe a valentía política para afrontar o feito e dicir publicamente que SOGAMA é un modelo que quedou ancorado despois do ano noventa e sete e hai que cambialo. Pídelle desculpas ao portavoz do Grupo Popular por atribuírle a Feijóo outro problema máis do noso país. Reitera que o problema é SOGAMA, e pide que se cambie o modelo para poder falar despois dos custos do servizo de recollida e tratamento dos residuos.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que agora non lle quedou claro se a culpa era de Rajoy ou de Feijóo. Dille ao Sr. Iglesias Pérez que ten narices que diga que a culpa a teñen eles e invítalo a que miren as contas de resultados que deixaron. En canto á eficiencia di que polo menos daquela si o era porque o seu presidente cobraba centro trinta mil euros ao ano. Di que el tivo a oportunidade de viaxar con técnicos desta casa e outro compañeiro a Marsella, ver unha planta que lles presta servizo a un millón de habitantes, e convida ao Sr. Iglesias a que a vaia ver. Pregúntalle tamén cal é o proxecto alternativo a SOGAMA (lembra que cogobernaron) e o único que fixeron foi deixar o plan de residuos metido nun caixón, e non tiveron narices de sacalo. Dille ao Sr. Gómez Pérez que non poden aprobar isto porque non son insubmisos, aínda que sexan un pouco rebeldes, porque isto é ir en contra da lei, e o que leu que lle deu o Sr. secretario xeral (que non é un informe senón que é unha simple nota) e que se refire á Disposición adicional 21ª da Lei 11/2013 de orzamentos da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

Comunidade Autónoma de Galicia. Iso é xerarquía normativa e un convenio non pode ir en contra do que di unha lei, outra cousa é que esteamos de acordo ou non. Está seguro de que o Sr. Gómez Pérez tampouco estaba de acordo cando o Sr. Zapatero conxelou as pensións ou cando lles baixo o soldo aos funcionarios.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, pregunta se poñer a disposición dos concellos os servizos xurídicos da Deputación é ser insumiso. Pregunta tamén se os interventores que están rexeitando as facturas nalgúns concellos están equivocados. Pensa que reclamacións se poden facer, e despois xa se verá se se ten razón ou non, e iso non é ser insumiso. De todos modos lembra que alguén retirou unha lei que obrigaba a moitos a ir onde non querían, e se é así viva a insumisión se serve para acadar cousas que son lexitimamente condenables. Algún dirixente das altas esferas dixo: *que la aplique quien quiera* pero ao final quen a ten que cumprir son os alcaldes a narices.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista, e ao obter nove votos favorables dos deputados do Grupo Socialista e do BNG e quince votos en contra dos deputados do Grupo Popular, a moción queda rexeitada.

14º D.- MOCIÓN CONXUNTA EN RELACIÓN CO TRAZADO DA A-76.-

Trala unánime declaración da súa urxencia, o Sr. presidente dá lectura a unha iniciativa conxunta dos tres grupos políticos, co seguinte contido:

“O Pleno da Deputación Provincial de Ourense, en relación coas informacións públicas de trazado e ambiental da A-76, polo que respecta ao trazado que afecta á Ribeira Sacra (Ourense-Monforte), adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitarlle ao Ministerio de Fomento que reinicie unha nova información pública cun trazado definitivo, claro e único, antes de comezar a redacción dos proxectos de trazado e construtivos para que os administrados dispoñan dun período de alegacións, tanto para o trazado como para os aspectos medioambientais.

2º.- Solicitarlle ao Ministerio de Fomento que teña en conta a tramitación actual da candidatura da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade, considerando as súas peculiaridades histórico-artísticas, paisaxísticas, ambientais, culturais e económicas”.

A dita proposta conxunta é aprobada por unanimidade.

15º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda producíronse as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 30 de abril de 2014

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que desde o seu grupo, e estando en contra da aplicación de herbicidas como tratamento sistémico, rogan que polos núcleos de poboación onde discorren estradas provinciais non se utilice este método, dado que se aprobou un regulamento sobre a súa aplicación (co voto en contra do BNG), porque se están utilizando indiscriminadamente e sen avisar á xente de que se está a utilizar un produto químico. Pon o exemplo do Grupo Escolar de Baños de Molgas, que están botando herbicida na porta por onde saen os nenos xusto unha hora antes da saída do colexio. Con respecto á Real Banda e á súa relación con esta institución, o BNG ve certas zonas baleiras tendo en conta que existe un carácter voluntario da xente que forma parte da Real Banda, non entenden moi ben ata onde lles afecta a ordenanza que se aprobou. Tampouco se existe unha responsabilidade patrimonial desta institución no caso dun accidente, porque entenden que non existe ningún tipo de seguro para quen forma parte da Real Banda. Polo que solicitan un informe xurídico que atenda estas cuestións e cal é o límite da relación que existe entre a Real Banda de Gaitas e a Deputación. Pregunta se existe algunha obra cofinanciada pola Deputación que puidera ser obxecto actualmente de investigación pola OLAF, e de ser a resposta afirmativa pide que se lles dea toda a información ao respecto.

O Sr. presidente comeza respondendo á pregunta e di que a OLAF non está investigando nada máis que o que todos coñecemos en relación coas depuradoras do Daredo e Deputrans. En canto aos rogos, toma nota dos dous: a emisión dun informe en relación coa Real Banda de Gaitas e a do rogo-denuncia en relación cos herbicidas.

E, ás 15.00 horas do citado día trinta de abril de dous mil catorce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,